

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 9

SESION ORDINARIA DO 26 DE XULLO DE 2016

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Alonso Suárez, Olga
Aneiros Pereira, Jaime
Blanco Iglesias, Eugenia Dolores
Caride Estévez, María José
Fernández Pérez, José Manuel
Iglesias González, Ana Laura
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Marra Domínguez, M^a Angeles
Pardo Espiñeira, Francisco Javier
Regades Fernández, David
Rivas González, Ángel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor
Rodríguez Escudero, Cayetano
Silva Rego, M^a Carmen (*incorpórase no punto 3.3*)

POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M.
Gago Bugarín, Diego José
Muñoz Fonteriz, Elena
Piñeiro López, Ángel

POLO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO

Jácome Enríquez, Xosé Lois
López Barreiro, Margarida
Pérez Correa, Rubén

NON ASISTEN:

González Sánchez, Elena (concelleira do grupo municipal do Partido Popular)

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte e seis de xullo do ano dous mil dezaseis, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride

Estévez, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, Iglesias González, Jácome Enríquez, Lago Rey, López Barreiro, López Font, Marra Domínguez, Muñoz Fonteriz, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Piñeiro López, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: Bos días, señores/as concelleiros, iniciamos Pleno, sesión ordinaria convocada para o día de hoxe ás nove horas, orde do día que obra en poder das señoras/es concelleiros, constátase quórum, ábrese sesión pública e iniciamos o Pleno.

PARTE RESOLUTIVA

1(118).- ACTAS ANTERIORES: (EXTRAORDINARIA E ORDINARIA DO 30.05.2016)

Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, apróbanse as actas do Pleno da Corporación correspondentes ás sesións extraordinaria e ordinaria do 30 de maio de 2016.

2.- DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.

Non houbo.

3.- DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

3.1(119).- CONTA XERAL DO CONCELLO DE VIGO E DOS SEUS

ORGANISMOS AUTÓNOMOS, CORRESPONDENTE AO ANO 2015. EXPTE. 7/143 (REXISTRO PLENO 1400/1101)

ANTECEDENTES.- Con data 8 de xullo de 2016, o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, formula o seguinte informe proposta:

“Unha vez formada a Conta Xeral correspondente ao Orzamento do ano 2015, rendida polo Sr. Alcalde-Presidente por Resolución do 11 de maio de 2016 e ditaminada pola Comisión Especial de Contas en sesión do 27 de maio de 2016, foi exposta o público polo prazo que regula o art. 212.3 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, publicada no Boletín Oficial de Provincia de Pontevedra nº 107 do 6 de xuño, rematando o prazo para presentar reclamacións e alegacións o 4 de xullo, e segundo consta na certificación do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno Local que figura no expediente, no prazo de exposición o público e oito máis, non houbo reclamación algunha, e ao obxecto de dar cumprimento ao previsto no artigo 212.4 do TRLRFL..

O Ditame da Comisión Especial reflectía que de non presentarse reclamación algunha perante o período de exposición, polo Sr. Secretario da Comisión, previa certificación que acredite o anterior, se remitirá á Secretaría do Pleno todo o expediente para a súa inclusión na orde do día do Pleno para a súa aprobación, e posterior remisión ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia antes do 15 de outubro, data prevista no artigo 223 do TRLRFL. De terse recibido reclamación durante o prazo establecido, se informarán, e a Comisión Especial de Contas, formulará proposta ao Pleno da Corporación para a súa aprobación antes do día 1 de outubro.

En execución do anterior, propónse ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo, que é coincidente coa proposta que se formulou á Comisión Especial de Contas:...”

Deseguido o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda emite a proposta que figura na parte dispositiva deste acordo.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión do 18 de xullo de 2016, ditaminou favorablemente a citada proposta.

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: A Conta Xeral do ano 2015 que hoxe se somete á aprobación deste Pleno, pon de manifesto a xestión financeira sobresaínte que

está facendo este goberno municipal, e é precisamente a partir desa boa xestión financeira e esa boa gobernanza pública que estamos a facer a través deste goberno, como se consegue ese obxectivo de mellora constante na cidade, de mellora das condicións de vida dos cidadáns desta cidade e de facer unha política social acorde coas necesidades da xente, todo isto pensando nos habitantes actuais de Vigo e nos futuros que vivirán nesta cidade.

Esta política financeira eficiente de boa gobernanza é a que permite conseguir todos estes obxectivos, basta con comparar simplemente dous parámetros que se desprenden desta Conta Xeral do ano 2015. Se temos en conta por unha banda a presión fiscal por habitante que é de 492 euros e por outra banda o esforzo inversor por habitante e o gasto corrente por habitante, temos unha primeira conclusión moi sinxela e moi favorable á cidadanía, a cidadanía recibe máis do que achega por impostos, o importe do que recibe son 723 euros, se sumamos o investimento e o gasto corrente e en cambio paga por impostos 492 euros. Todo isto cunha presión, a presión fiscal máis baixa de tódalas cidades de Galicia, polo tanto, Vigo é un bo lugar par vivir, para traballar e para emprender. A isto hai que engadirlle outro dato positivo que tamén resulta desta Conta Xeral do ano 2015 e é que a carga financeira por habitante é a máis baixa das cidades de Galicia, iniciamos o ano 2015 coa carga financeira e a débeda máis baixa de tódalas cidade de Galicia, Pontevedra tiña naquel entón 210 euros por habitantes, Santiago de Compostela 440, A Coruña 308 euros, Ferrol 405 euros, Lugo 241 euros e Ourense 266 euros, e tamén a carga financeira máis baixa de tódalas localidades que integran agora a Área Metropolitana de Vigo, polo tanto, carga financeira baixa, débeda cero actualmente nestes momentos e presión fiscal máis baixa, todo elo conseguindo trasladar á cidadanía maior investimento e servizo na atención á cidadanía.

Hai que destacar que todo isto o facemos con recursos propios, posto que se atendemos a outro dos valores que resultan desta Conta Xeral do ano 2015, a nivel de autonomía fiscal, atópanse uns niveis altos, a autonomía fiscal deste Concello é de 67%, isto significa que o 67% do que fai este goberno, faino con recursos propios deste Concello, con baixa dependencia financeira respecto das transferencias doutras administracións públicas, singularmente o Estado e a Xunta de Galicia. O peso que representan os ingresos do Estado, a transferencias do

Estado respecto aos ingresos municipais está nun 32%, sendo o máis destacado a participación, os ingresos do Estado, o IRPF, o IVE e nos impostos sobre os alcois que supuñeron 11,5 millóns de euros e que baixaron para este ano 2016, hai que dicilo, e as transferencias da Xunta de Galicia que supoñen tan só o 4,19% dos ingresos, hai que dicir tamén cunha lixeira subida no 2015 pero tras anos de baixada que acumulan un 3,18%. Polo tanto, a dependencia financeira doutras administracións públicas é reducida no caso do Concello de Vigo, dato positivo polo tanto, para a cidade e para as contas públicas municipais.

Dos impostos municipais o máis importante é o imposto sobre bens inmobles e é o que achega maior cantidade ás arcas públicas municipais, posto que os demais tan só chegan á metade do que se recada por este imposto.

Datos positivos tamén en canto á execución do Orzamento no ano 2015, a execución cifrouse nun 90,8% e polo tanto, executouse practicamente na súa totalidade en niveis altamente aceptables, niveis sobresaíntes nesa execución do presuposto, no que hai que destacar tamén que o resultado presupostario foi positivo no conxunto da entidade e dos organismos que conforman o perímetro de vinculación de 22 millóns de euros, dito doutra maneira, os gastos non superan aos ingresos cousa que é positiva de acordo coa actual regulación e se pode dicir que existe un superávit por habitante considerable. Conseguiuse tamén o obxectivo de estabilidade orzamentaria, aforro neto positivo que xera independencia das contas públicas.

En fin, todos estes datos que fun relatando non fan máis que destacar esa boa xestión financeira do Concello de Vigo e polo tanto, o resultado sobresaínte que se vai ter cando se analice esta Conta Xeral do ano 2015, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas e por iso que pedimos o voto favorable para a aprobación desta Conta Xeral do ano 2015.

SR. PÉREZ CORREA: No Pleno precisamente do ano pasado, recén inaugurada a lexislatura, a Marea de Vigo dicíamos que chegábase a aprobación da Conta Xeral descoñecendo gran parte do desenvolvemento anterior, precisamente porque a Marea de Vigo non estaba presente nesta Corporación, agora si que xa temos o relato dun ano orzamentario, fiscal, dun ano de realidades e dun ano obviamente de todo o que consigna aquí esta Conta Xeral, a nós para ser

construtivos, primeiro queremos detallar dúas cuestións que son importantes, en primeiro lugar que seguimos vendo un importante caudal económico de recursos deste Concello acaban obviamente en mans de concesionarias privadas, a maior parte dos recursos públicos obtidos a través das transferencias doutras administracións, a través da recadación impositiva, acaba como vemos en concesionarias, algunhas delas que consignan incluso máis de 20 millóns de euros de traspaso desta administración ás concesionarias. Polo tanto, a nós nos seguirá faltando sempre na Conta Xeral, independentemente que se diga que hai requisitos legais de como se presenta a Conta Xeral, que dende logo no debería incorporalos, hai concellos que están incorporando xa informes de auditoría permanentemente destas concesionarias, porque aquí aparece simplemente que hai concesionarias que din que o custe total do servizo son tantos millóns de euros, e nos poñémolos na Conta Xeral asumindo que a xestión integral do ciclo da auga, tanto de subministro de auga como de saneamento, ten un custe x. A nós gustaríanos que nesa Conta Xeral houbera tamén unha memoria das auditorías, si é que existen, ás concesións privadas, precisamente para ver a evolución ao longo dos anos se os incrementos que se están a dar dos servizos van máis alá de subidas do IPC ou con tódalas modificacións de crédito que nalgúns servizos concesionados se fan, pois o que están é encarecendo os servizos. Polo tanto, sería bo ir introducindo ese bloque na Conta Xeral.

En segundo lugar, a Conta Xeral do 2014 era máis detallada, contiña máis información que a Conta Xeral do 2015, entendemos tamén hai un cambio na normativa legal que por exemplo, obriga a incluír as cuestións medioambientais na Conta Xeral, un capítulo propio do que ten que ver coas cuestións medioambientais que por certo seguimos sendo un Concello que en capítulo de xestión medioambiental, de impostos ou de servizos ligados ao medio ambiente seguimos sendo un Concello cun capítulo bastante conciso.

A nós gustaríanos tamén que a cuestión da débeda se se pensara e se fixera tamén unha memoria sobre a cuestión da débeda, nós seguimos poñendo en dúbida como fixemos no ano 2015 o mantra da débeda cero por carácter imperativo, cando hai recursos económicos moitas veces é mellor manter un nivel razoable de débeda porque se os xuros son asumibles por unha administración, estamos a falar de importes que están por debaixo dos 300.000 euros, pois ese

xuros son asumibles, pois invertamos esa cantidade de millóns de euros que levamos amortizados coa banca privada durante estes dous anos, invertámolo en cuestións que teñan que ver coa rendibilidade social e obviamente laboral dunha cidade, porque esta cidade perde emprego e agora diremos que non, está claro que a responsabilidade non é exclusiva do Concello, pero se collemos os datos que achega a memoria do 2014 e a do 2015, hai unha perda de emprego, por exemplo en empresas relacionadas coa construción, e nesta Conta Xeral do 2015 se consigna un esforzo, en teoría non electoral pero curiosamente concentrado no 2015, na periferia das eleccións municipais onde toda esta cidade o investimento supostamente deste Concello, tamén dalgunha concesionaria como Aqualia, estaba centrada precisamente en que o sector da construción, a través do investimento público, tivera retorno laboral, a memoria do 2015 arroxa unha destrución de emprego e unha destrución de empresas relacionadas co sector da construción, Vigo segue perdendo peso do PIB, responsabilidade compartida como tódalas responsabilidades que entre as administracións se teñen que dar. Seguimos perdendo peso, só parece que os datos do Aeroporto e do Porto melloran un pouco as previsións do 2015, supoño que aí no momento que facemos un orzamento teremos que ter tamén un certo retorno ou un certo coidado de que ese orzamentos teña que ver cos datos macroeconómicos que dá a economía da cidade.

Preocúpanos tamén que na Conta Xeral que se pon enriba da mesa, que non exista a día de hoxe, iso ten que ver tamén con algunhas reclamacións históricas que temos feito, que non haxa aínda un inventario do patrimonio inmobiliario, que aquí mesmo se di que cando se faga xa a recepción do Inventario, verificarase se existen inmobles cuxo destino poida ser a explotación.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Sinceramente Sr. Aneiros, xa esperábamos outra das súas intervencións triunfalistas ao falar novamente da liquidación do exercicio 2015, neste caso da Conta Xeral que é un dos instrumentos nos que máis claramente se ve cal é a política do goberno, neste caso do goberno municipal, repetiu varias veces e se puxo a si mesmo un sobresaínte, espero que non sexa tan xeneroso cos seus alumnos porque dende logo para o sobresaínte aínda lle queda moito. Eu comprendo que buscaba vostede o titular para mañá, xa ten vostede o titular do

xornal, ponse vostede mesmo un sobresaínte pero os vigueses non opinarán o mesmo, os vigueses máis ven vanlles dar un suspenso, un suspenso por unha xestión moi mala, é que vostedes son moi malos xestores, se lles da moi ben a propaganda pero en xestión son moi malos e a proba diso é que na súa intervención non fala de políticas que fai o goberno municipal, énchenos de indicadores, de porcentaxes, de ratios, iso non é o que lle importa aos vigueses/as, non se poña nervioso Sr. Font e deixe de interromper que estou no uso da palabra. Aos vigueses/as o que lles importa é o que fan cos seus cartos, e vostede non mencionou na súa intervención, xa presumiu diso suficientemente cando presentou a liquidación, é deses 22 millóns de euros que se deixaron sen gastar no orzamento do 2015, que foron incapaces de gastar porque son moi malos xestores, uns cartos que non adicaron a política social, por moito que se canse vostede de dicilo e xa me referirei á política social máis adiante, uns cartos que non adicaron ao emprego, ao comercio, ao turismo, aos investimentos nesta cidade, en definitiva o que necesita esta cidade para seguir adiante.

Sorprende que vostede intente presumir de cartos que se adica ao investimento, pero si só foron capaces de xestionar o 56% do Orzamento, pero se vostede dixo aquí e prometeu aquí na liquidación, aos seis meses, que ían chegar ao 100% e non foron capaces de chegar ao 56%, pero se estamos á cola en esforzo inversor por habitante de tódolos municipios de España, e non o di esta voceira, dino os datos que se publican comparativos do Ministerio de Economía e do INE, iso é o que realmente importa, os datos, vostedes fan propaganda, pero miren os datos e verán como estamos tamén á cola de España, e non contentos con non investir na cidade, con adicar unha pequena parte do orzamento a investimentos na cidade e logo enriba non executalo, van vostedes e paralizan investimentos doutras administracións públicas, sinceramente o seu dende logo, é de nota. O problema aquí é que os prexudicados son tódolos vigueses/as e non presuma vostede de presión fiscal Sr. Aneiros, porque non pode presumir un Concello que cando o resto de administracións públicas están a baixar os impostos vostedes súbenos, mírese os datos de presión fiscal comparativas, sabe cal é presión fiscal media da provincia de Pontevedra? Son 391,74 e vostedes están a cargar a tódolos vigueses cunha presión fiscal de 492 euros por habitante, moi superior dende logo á media da provincia, fágase revisar o tema da presión fiscal, ademais para que lle cobran

impostos aos vigueses e despois vostedes non son capaces de gastalo porque se o utilizaran en políticas públicas, necesarias para a cidade aínda tería un pase, pero é que vostedes deixan, insisto, 22 millóns de euros sen gastar, e xa o colmo da súa falacia e das súas mentiras é a presunción e o presumir continuamente de política social, pero que política social fai este Concello de Vigo? O concello de Vigo e este goberno municipal pensan que a política social é unha política de beneficencia e por un lado fala e polo outro lado moi distinto está a realidade na que viven os vigueses/as, xa vexo que está moi nervioso Sr. Font, reláxese porque a realidade é que o que vostede adican a política social é unha parte moi pequena do orzamento, o 5% destinan vostedes a política social, 11,5 millóns só de 218 millóns de euros que ten o orzamento inicial, 39 euros por habitante, iso é o seu desastroso balance en política social e esa é a realidade dos datos e invítoos a ver informes independentes baseados en datos do Ministerio onde din que a media de España son 72, é dicir, este Concello á hora da verdade, de valorar o número de euros por habitante en política social, nese momento está con case a metade da media de tódolos concellos de España, iso si, sigan dicindo que temos a mellor política social, sigan vostedes coa súa publicidade e propaganda que é o que lles da, ben pero a realidade é que aquí hai vigueses/as que están pasándoo mal e vostedes só se adican ás fotos e aos titulares, insisto, os vigueses daranlle un suspenso.

SR. ANEIROS PEREIRA: O que queda en evidencia e o que a cidade ten que saber é que ten diante un goberno serio e responsable avalado por datos do Tribunal de Contas, Consello de Contas, da Autoridade Fiscal independente e en fronte ten aos sete apóstolos, hoxe seis, da apocalipses, porque os datos desta liquidación vense avalados polos datos oficiais do Consello de Contas, do Tribunal de Contas e da Autoridade Fiscal independente. Polo tanto, ningunha lección que dar a este goberno.

Sra. Muñoz, das políticas xa falamos, dunha liquidación do Orzamento do ano 2015, se vostede soubese algo sabe que a Conta Xeral reflicte os ratios que van ter en conta o Consello de Contas e o Tribunal de Contas, por iso referinme a eles, por iso non me saín dos ratios que van ser avaliados polo Consello de Contas e polo Tribunal de Contas, pero parece que a súa época de Interventora e de Conselleira

de Facenda xa a ten bastante esquecida, incluso esquece o que ten que facer. Na liquidación do Orzamento faláballe da política social que está a desenvolver este Concello de Vigo, a máis importante de tódolos concellos de Galicia, en ningún outro concello de Galicia, nin gobernado polo Partido Popular nin por Mareas hai a política social que está a desenvolver este Concello, tampouco hai a política de investimentos que está a desenvolver este goberno, non me compare vostede o Concello de Vigo con case 300.000 habitantes cun pobo da provincia de Pontevedra, a presión fiscal das cidades de Galicia a máis baixa é a da cidade de Vigo, polo tanto, dato incontestable.

Polo tanto, nada e ningunha lección que dar a este goberno.

Pero é que ademais e referíndome ao que propoñía o goberno de Marea, en política de emprego este goberno está a facer sen ser a súa competencia grandes esforzos en política de emprego, fundamentalmente a través do investimento público na medida que o sector privado non tira, o sector público ten que tirar e é este goberno a través das políticas “keynesianas” o que está a conseguir dar maior dotación de emprego a esta cidades, apoiando tamén á contratación de mozos, de maiores de 45 anos, de persoas en situación de necesidade coas axudas que concede este Concello para a contratación de persoal e tamén con outra medida que pasa desapercibida pero pagando pronto aos provedores porque non hai mellor apoio ao emprego que dotar liquidez ás empresas que xeran ese emprego. E todo iso facémolo con débeda cero, porque con esa débeda cero aforramos os intereses que lle estamos a pagar aos bancos, e gañamos independencia á hora de decidir as políticas nas que queremos investir, esa é a importancia da débeda cero Sr. Pérez, que parece que non queremos entendela, menos custo financeiro e maior independencia para desenvolver as políticas, vostede non sabe que os concellos que non teñen débeda cero, estabilidade presupostaria necesitan un plan específico de financiamento aprobado polo Ministerio, nós non, como independentes e esa é a importancia de mantermos con débeda cero.

As concesionarias, por suposto controladas día a día polos servizos públicos municipais e rendendo informes a través do custe efectivo que se comunica ao Ministerio de Facenda, iso é a política que estamos a facer dende este Concello.

VOTACIÓN: Con quince votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, tres abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e seis votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Primeiro.- Traspasar a resultados pendentes de aplicación, o saldo debedor ou acredor en cada caso da conta 129 (Resultados do exercicio 2014), correspondente á Entidade Local, ao Instituto Municipal dos Deportes, Parque das Ciencias Vigo Zoo, Escola Municipal de Artes e Oficios e Xerencia Municipal de Urbanismo, á conta 120 (Resultados de Exercicios anteriores).

Segundo.- Aprobala Conta Xeral do Excmo. Concello de Vigo correspondente ó ano 2015, integrada por:

- A da propia Entidade.
- O. A. Parque das Ciencias Vigo-Zoo.
- O. A Escola Municipal de Artes e Oficios.
- O. A. Instituto Municipal dos Deportes.
- O. A. Xerencia Municipal de Urbanismo.

E composta polos seguintes estados e contas anuais:

- Balances.
- Contas de resultados económico-patrimoniais.
- Estado de cambios no Patrimonio Neto.
- Estado de fluxos de efectivo.
- Estado de liquidación do Orzamento e a Memoria e demais estados complementario.
- Memoria, coa desagregación que establece Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local e coas explicacións e comentarios máis salientables

dos feitos contables, financeiros e patrimoniais que aconteceron ao longo do ano 2015.

A remisión ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia, farase tendo en conta a Resolución do 30 de marzo de 2007, da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se fai público o Acordo do Pleno de 29 de marzo de 2007, que aproba a Instrución que regula o formato da Conta Xeral das Entidades Locais, para a súa remisión por procedementos telemáticos para a rendición das contas, coas modificacións introducidas polos Acordos do Pleno do Tribunal de 30 de xuño de 2009 e de 20 de xullo de 2010 e o Acordo do Pleno do Consello de Contas de data 3 de maio de 2011 relativo ao formato normalizado da Conta Xeral das Entidades Locais de Galicia en soporte informático e o procedemento telemático para a súa rendición, así como o Convenio asinado entre o Tribunal de Contas e o Consello de Contas para a implantación de medidas de coordinación da rendición telemática das contas xerais das Entidades Locais.

En relación co formato, terase en conta a Resolución da Intervención Xeral da Administración do Estado de data 13 de novembro de 2015.

3.2(120).- DAR CONTA DO ESTADO DE EXECUCIÓN DO ESTADO DE GASTOS E INGRESOS DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DO 2016, ASÍ COMO DO MOVEMENTO DE TESOURERÍA POR OPERACIÓNS ORZAMENTARIAS E NON ORZAMENTARIAS. EXPTE. 22/143 (REXISTRO PLENO 1399/1101)

ANTECEDENTES.- Con data 8 de xullo de 2016, a Dirección superior contable e orzamentación, emite o seguinte informe:

“En cumprimento do previsto no artigo 207 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, Regra 52 da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local, a Base 3ª das de Execución Orzamentaria para o ano 2016, normativa que regula a periodicidade de remisión de información ao Pleno sobre a execución orzamentaria, establece que “Trimestralmente, a Intervención Xeral Municipal ou o Órgano que teña atribuída a función de Contabilidade, remitiralle ao Pleno da Corporación, por conduto da Alcaldía-Presidencia, información da execución dos orzamentos dos estados de gastos e ingresos e do movemento da Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e da súa situación”.

A información que se remite corresponde ao primeiro trimestre do ano,

recollendo nos citados estados a información relativa ao rexistro dos feitos contables até o 30 de xuño de 2016.

Entidade

A información orzamentaria a conforma un resumo por capítulos da liquidación dos estados do orzamento de gastos e ingresos, tanto a nivel económico como por fases contables, así como o gráfico representativo da situación á data referenciada.

Axúntase o desenvolvemento da liquidación ao máximo nivel de desagregación, tanto para o estado de gastos como de ingresos para os estados consolidados.

Tamén forma parte da liquidación ao 30/06/2016, a recadación e pagamentos de pechados.

En canto aos estados que recollen os movementos de tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e a súa situación, remítense o estado de tesourería recollendo o saldo inicial, cobros, pagamentos e saldo final. Estes estados refírense exclusivamente á Entidade Local

Remítense igualmente os estados non orzamentarios de tesourería tanto de debedores, acredores e partidas pendentes de aplicación, na que se reflicte a situación inicial, cobros e pagamentos así como a situación final da entidade local.

Estados consolidados

Resumo por capítulos e por fases contables do estado de gasto e ingresos consolidados.

Recadación de exercicio corrente e pechados.

Pagos de exercicio corrente e pechados.

Desenvolvemento da liquidación ao máximo nivel de desagregación, tanto para o estado de gastos como de ingresos para os estados consolidados.

Modificacións orzamentarias.

Outra información:

Incorpórase o Remanente de Tesourería da Entidade Local a 30/06/2016.

Estado de situación da débeda financeira bancaria a mesma data.

Estado dos períodos de pago do segundo trimestre, tanto da Lei de morosidade (trimestral), Lei 3/2004 coa modificación operada pola Lei 15/2010, como do Período Medio de Pago (PMP mensual) do Real Decreto 635/2014."

Con data 18 de xullo de 2016, a Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, quedou enterada de dito informe.

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: Pasamos a relatar agora a execución de orzamento do Concello de Vigo con datos do 30 de xuño de 2016, estes datos refírense ao gasto de carácter continuo, aos contratos e aos gastos de carácter voluntario, hai que dicir que estamos a facer unha boa xestión que segue a liña de execución da anos anteriores, ata o 30 de xuño levamos executado pagos por importe de 92 millóns de euros neste Concello, sobre un total de 95 millóns autorizados para gastar neste período como digo comprende ata o 30 de xuño.

Hai que destacar en primeiro lugar a execución ao 100% do capítulo IX, isto é os dos pasivos financeiros que se refire á débeda pública, o Concello ten a día de hoxe débeda cero, en termos reais económicos, polo tanto, solvencia financeira e autonomía financeira respecto aos bancos e respecto á autorización que non se precisa nin da Xunta de Galicia nin do Ministerio para facer determinadas políticas. Tamén hai que destacar a baixa execución do capítulo, como dato positivo, do capítulo III de gastos financeiros con tan só 19.000 euros de execución, polo tanto, bos datos financeiros que permiten destinar os recursos á cidadanía. Aquí no capítulo II que é onde se reflicte este traslado á cidadanía dos impostos municipais temos que, nos cartos destinados á cidadanía, abonamos por exemplo máis 5 millóns en bono bus para os cidadáns de Vigo para que poidan desprazarse pola cidade nas lanzadeiras á Universidade e noutros ámbitos como a educación coas becas de estudo internacionais que se conceden aos estudantes da escola de idiomas e ás aulas internacionais que permiten que máis de 500.000 alumnos desta cidade realicen estadias de inglés no estranxeiro, polo tanto, non só favorecemos esa educación e esa mellora de oportunidades para os alumnos de Vigo senón que tamén melloramos a súa empregabilidade futura.

Tamén hai que destacar que realizamos reparacións en colexios, abrangendo todo o ámbito da cidade, dende o rural ata o centro urbano, polo tanto, reparacións importantes en colexios que outras administracións non fan, un importe de máis de 325.000 euros, ademais de pagarlles a enerxía eléctrica, a limpeza e tamén de aboar ás escolas infantís, as de teatro, de música, unha media de 30.000 euros por cada mes.

Tamén no que se refire aos servizos de tempo libre da cidadanía mantemos as bibliotecas públicas como a biblioteca Neyra Vilas e a Juan Campanel con achega periódicas e puxemos en marcha neste trimestre as ludotecas de Coruxo, Lavadores e Adapan e están en marcha os campamentos de verán todo isto realizado tamén de forma acompañada ao final de curso académico dos alumnos, escolas deportivas para que os rapaces/as desta cidade poidan desenvolver tarefas de deporte e de enriquecemento no tempo libre en melloría da súa formación e da súa saúde.

Tamén hai que destacar o programa “camiño a camiño” que se puxo en marcha durante este trimestre que adopta resultados sobresaíntes no que se refire ao número de participantes. Hai que destacar aquí si, os servizos sociais, dicía hai un momento que somos a cidade de Galicia con maior recursos destinados a servizos sociais, non queremos que ninguén durma na rúa, que pase fame, teña necesidades especiais, por iso adicamos importantes recursos ao programa de menores, á prestación no centro de servizos sociais, ao convenio con Érguete, á prestación de Servizos no Fogar, a axudas nas familias, as becas en libros e comedor, con máis de 600.000 euros abonados neste trimestre, axudas a alugueiros, vivenda e alimentos, á teleasistencia, a axuda médico farmacéutica, todo iso faino este goberno, este Concello, saneado e con políticas claras.

Tamén á promoción do emprego con plans municipais en marcha, coa axuda ao emprendemento, coa contratación da mocidade, co traballo nos entornos colaborativos, co apoio ao comercio e con tantas e tantas actividades que estamos a facer dende o goberno municipal, mellorando tamén e mantendo as instalacións municipais e mantendo as vías tamén da nosa cidade e tamén por suposto apoiando o deporte co libramento da subvencións ao clubs non só de elite senón tamén de base desta cidade.

Polo que se refire aos ingresos a maioría dos ingresos deste Concello teñen lugar no segundo semestre do ano polo calendario fiscal, temos unha recadación de 61 millóns de euros e temos, por facer referencia ao estado de tesourería, unha tesourería ao final do trimestre de 46.227.000 euros de tesourería, polo tanto, tódolos datos son positivos.

SR. PÉREZ CORREA: Quizais que sexa o segundo trimestre o ecuador do ano

orxamentario, polo tanto, hai datos que son máis significativos, seguimos repetindo que a gran parte do esforzo que faga este Concello é unha cuestión publicitaria da débeda cero, para nós é sintomático do que se quere facer, calquera familia deste país pode forzar as súas finanzas familiares a conquistar a débeda cero, se ten unha hipoteca de 500 euros pódela subir a 1.000 euros, logo non comen, non visten e non saen da casa, pero poden dicirlle ao veciño do quinto ou do sexto que eles non deben nada aos bancos, por tanto a nós esa cultura da débeda cero que é absolutamente neoliberal que é a cultura que está rexendo gran parte do estrangulamento das administracións públicas en Europa e aquí, nós non a defendemos. Sei que vostedes si a través do anterior pacto con Cidadáns que si dicía que esa cuestión tiña que ser prioritaria no desenvolvemento orxamentario das administracións públicas, este Concello ten bo resultado económico, tiña unha tesourería de máis de 70 millóns de euros, agora está en corenta e pico pero tamén hai uns pagos que tamén nos gustaría que se nos explicara, este Concello ten unha boa situación fiscal, ten moitas empresas que están a producir, ten moitos habitantes que están pagando impostos tódolos meses, polo tanto, que necesidade hai para amortizar un importe tan pequeno de interese bancario que incluso ese importe é menor que incluso dalgunhas das operacións publicitarias que se fan neste Concello? Que necesidade hai de investir en dous exercicios fiscais máis de 15 millóns de euros en simplemente chegar ao final de mandato dicindo que temos débeda cero, un Concello deste país, equivalente a 300.000 habitantes, case co que vostedes amortizaron en bancos, podería ter feito rendas de inserción social e incluso podería ter proposto a remunicipalización de servizos como está a facer por exemplo o concello de Valladolid.

Logo a cuestión da consolidación que vostedes nos din, aquí volvemos ver un mantra, que é o superávit, forzar un superávit, porque a través deste imos facer os investimentos no seguinte exercicio, aquí vemos unha execución de apenas o 4% dos investimentos reais cando vostedes fixeron a modificación de nove a quince millóns de euros porque se nos dixo que co superávit do 2015, do ano anterior, íamos no 2016 a facer un investimento nesas políticas de humanizacións que vostedes lle chaman keynesianas pero se Keynes levanta a cabeza e ve o que se considera política de creación de emprego diría, que “fracaso!” Porque non o

dicimos nós tamén o di o Tribunal de Contas ningunha política de humanización consolidou emprego, nin sequera consolidou empresas do sector, e aí están os datos do Ardán tamén para dicilo.

Polo tanto, cun grado de execución do 4% temos seis meses efectivamente, para executar o resto ata o 100% dos investimentos que vostedes consignan no Orzamento, nós poñemos en dúbida que eses investimentos teñan retorno en emprego nesta cidade, seguramente como dicimos nós, subirán os anos dos whiskys que toman os promotores, donos das empresas de construción, pero dende logo non teñen ningún tipo de retorno no emprego, non consolidan nin sequera sente nesta cidade como sabe que hai moito emprego que ven fora desta cidade, incluso do norte de Portugal. Eses investimentos, podería terse un plan de investimentos pensados para que iso se consolidara ao longo do tempo, nestes seis meses polo menos non executaron absolutamente nada desa partida.

Seguimos, niveles de execución, poderíamos discutir se o ano pasado a estas alturas estábamos no corenta e pico por cento de execución orzamentaria se este ano estamos no 37%, a nós iso non nos parece demasiado indicativo, se nos parece indicativo que cuestións que teñen que ver co emprego, con política social serían despois do segundo trimestre, nós pensamos que no primeiro trimestre do ano dende logo tería que ser equitativo o grao de execución de determinadas políticas de promoción de emprego o grao de execución de determinadas transferencias que se fan a asociacións e colectivos precisamente para a consolidación de emprego, e pensamos que dende logo hai unha intencionalidade de ir centrando gran parte do desenvolvemento do Orzamento contra o segundo semestre do ano que como saben vostedes esperemos só que nun proceso electoral e non en dous.

Polo tanto, nós seguimos pensando que aquí hai detrás hai un desenvolvemento político que dende logo poñemos en solfa cuestión que teñen que ver incluso como se vende o papel promotor económico deste Concello no ámbito da cidade.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Sinceramente Sr. Aneiros, con intervencións como a súa falando da execución do Orzamento está vostede perdendo toda a credibilidade, sinceramente non sei que números está vostede a mirar, non sei se está a mirar a parte esquerda na que se fala do Orzamento e non na dereita na que se fala da

execución porque vostede falou de partidas presupostarias, non falou de partidas de execución porque se tivera que falar de execución acabaría en trinta segundos, porque sinceramente se xa o ano pasado que acabamos de velo o seu nivel de execución foi bastante baixo, este ano, dende logo, imos por un camiño peor aínda que o ano pasado e xa sorprende, porque cos seus tan publicitados 17 concelleiros e esa velocidade de fórmula un á que iamos ir, se supoñía que non só tiñamos que chegar ao 50% ao chegar á metade do ano, porque en porcentaxe deberíamos estar ao 50% senón que xa deberíamos estar incluso por enriba, pero todo o contrario, imos máis lentos que nunca, no capítulo II do gasto corrente o que se lles da ben porque logo veremos o do capítulo de investimentos que ese é o que se lle da sempre rematadamente mal, pero o que se lles da ben, o capítulo II, gastos corrente, dous puntos por debaixo do ano pasado, é que non chegan vostedes nin ao 40%, no capítulo IV, de transferencias correntes, cinco puntos menos que o ano pasado, van moi lentos, van moi amodo, máis que nunca, esa é a súa velocidade de cruceiro, e nos investimentos de 25 millóns de euros só foron capaces vostedes de executar un millón de euros de 25, e o peor é que as actuacións están todas practicamente sen empezar, o problema é que despois de que vostede nos prometerá seguramente o 100%, como nos prometeu o ano pasado, que chegaríamos ao 100% e así nos quedamos, o problema é que hai persoas que están a esperar polas súas políticas e hai persoas que están esperando pola súa política social, como falaba das axudas de alimentos? Do cheque social, se o teñen a cero, se quitaron a orde tan tarde como sempre, espero que nos clarexe se este ano como o ano pasado as persoas que están en situación de necesidade van ter que esperar ata o mes de decembro para cobrar esas axudas que son tan necesarias.

Falou tamén vostede de emprego, pero que ten que dicir vostede de emprego? Pero se teñen dous terzos do plan de emprego municipal sen executar? Pero se teñen o Plan de emprego xuvenil a cero? O convenio de Citroën para o emprego a cero, os programas para axudas ao emprego a cero, pero se non executaron, en turismo no chegaron ao terzo do presuposto, en comercio non chegaron ao terzo do presuposto, o plan municipal de igualdade está nun 25%, os investimentos nin non campos de fútbol dos colexios do Fogar e de Cabral que as teñen a cero, os investimentos en mellora de instalacións deportivas a cero, a súas famosas

humanizacións, esas nas que basean vostedes os seus investimentos, a cero, rúa Redondela a cero, rúa Camelias a cero, Álvaro Cunqueiro a cero, Rosalía de Castro a cero, e así todos, nin sequera foron vostedes capaces de adxudicar, léase Sr. Font os datos de execución do seu Orzamento, todas estas partidas están a cero, para as obras de Balaídos hai un capítulo especial que seguro que van ter ocasión de debater no futuro, teñen tantos ceros que ou se aplican ou van suspender ao chegar ao final do exercicio, xa sei que vostedes despois cando nos presenten a execución se auto poñerán un sobresaínte, pero estas son demasiadas rémoas, non lles vai dar tempo a executar, eu o que lles recomendo como concelleiro de Facenda, é que lle poña as pilas aos seus compañeiros concelleiros, que se poñan a traballar que son 17, que se poñan a executar este orzamento, fágalles traballar un pouco porque dende logo os vigueses/as non se merecen este desastre, o que se merecen é que teñan un goberno que funcione, que adique menos tempo a elucubrar, mire se adicaran só unha terceira parte do tempo que adican en pensar movementos e estratexias antidemocráticas para quitar representantes do Partido Popular das institucións a executar ese orzamento, moito mellor lles iría aos vigueses/as. Eu lle invito a que deixe de vivir nos “mundos de Yupi”, a que deixe de falarnos de que todo é fenomenal, a que se poñan a traballar e realmente a que cubran os déficit que ten esta cidade e as necesidades que teñen os cidadáns, porque de publicidade e de propaganda os cidadáns non comen e de publicidade e de propaganda as cidades non avanzan, e esta cidade necesita avanzar, tamén necesita que os que menos teñen teñan o apoio que se merecen do seu goberno municipal.

SR. ANEIROS PEREIRA: A verdade que calquera que escoite falar á voceira do grupo Popular parece que nesta cidade non sae o sol, parece que chove sempre, non, vostede equivócase de cidade Sr. Muñoz, sol radiante, nesta cidade as cousas van ben, incluso moi ben. Os ratios de execución do Orzamento son moi positivos acompañados a metade do ano, estamos na metade do exercicio orzamentario, os ratios de execución ronda entorno ao 40% de pagados, fíxese vostede nos gastos autorizados que parece que non quere fixar, estamos a falar dunha execución boa dentro do ámbito do ano, estamos a metade do exercicio. Parece que vostede descoñece, ou quere descoñecer, voulle dar o beneficio da dúbida, parece que

quere descoñecer que as cousas no ámbito público teñen uns trámites legais, hai que seguir unha orde, unha contracción, nos caso dos investimentos uns estudos de seguridade e saúde para que as obras se fagan correctamente por iso levan uns prazos, non se preocupe que ao final de ano verán todo executado e non haberá ningún problema.

Pero falemos do que hai que falar que é da execución da política social, da política de educación e de deporte, nós queremos unha cidade na que ninguén necesite axudas, pero lamentablemente temos que dar axudas porque hai xente que o necesita, concedemos axudas de comedor, de bolsas de libros, de estudos internacionais para que os rapaces/as desta cidade poidan estudar no estranxeiro, concedemos axudas para a rehabilitación nos Cascos Vello da cidade, 167.000 euros neste trimestre de axudas para rehabilitación do Casco histórico de Bouzas e do Casco Vello da cidade, iso si que é dar emprego porque detrás dunha obra de humanización, xa sexa macroobra de humanización, nunha rúa, nun conxunto de rúas pero tamén nas casas, hai moitos postos de traballo, porque os materias alguén os fabrica, alguén os subministra, alguén os coloca, e polo tanto, estase xerando riqueza, estase amortecendo polo menos a creación de emprego.

Sr. Pérez Correa, eu se quere doulle unhas leccións sobre a débeda cero e sobre a importancia dos investimentos públicos porque parece que non o queremos ver, e non hai peor que o cego que non quere ver, o investimento público cando se fai, faise porque o sector privado non tira e o investimento público xera retorno e actividade produtiva no sector privado, amortece o paro, a xente traballa, cotiza á Seguridade Social, non fai como o goberno do Partido Popular que logo ten que quitar mil millóns de euros da caixa das pensións senón que xera achegas, riqueza, capacidade económica, Sr. Pérez Correa, por iso estamos adicados a estas políticas.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación que queda enterado.

3.3(121).- DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DE TESOURERÍA SOBRE

O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PARA O PAGO DAS OBRIGACIÓNS PREVISTAS NO TEXTO REFUNDIDO DA LEI DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DO ANO 2016. EXPTE. 16841/541 (REXISTRO PLENO 1401/1101)

ANTECEDENTES.- Con data 8 de xullo de 2016, o Tesoureiro municipal, emite o seguinte informe:

“LEXISLACIÓN APLICABLE.-

-
Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, modificado polo Real Decreto-lei 4/2013, de 22 de febreiro, de medidas de apoio ó emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego.

Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.

Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014.

Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade 2015.

-INFORME.-

-

I.- Ámbito obxectivo.

O apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dispón que os Tesoureiros das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe ao Pleno da Corporación sobre o cumprimento dos prazos previstos na citada Lei para o pago das obrigas de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

O ámbito obxectivo do informe trimestral son, polo tanto, as operacións comerciais, correspondéndose no Concello de Vigo, con carácter xeral, cos gastos en bens correntes e servizos e cos investimentos (capítulos II e VI do Orzamento de Gastos). Quedan fora do ámbito da Lei as operacións que no estean baseadas nunha relación comercial, tales como as que son consecuencia da relación estatutaria e de persoal ou as que son consecuencia da potestade expropiatoria ou da acción de fomento.

II.- Período legal de pago e data de inicio do cómputo do PMP (novo sistema de cálculo).

A Lei 11/2013, de 26 de xullo, de Medidas de apoio ao emprendedor e de

estímulo do crecemento e da creación de emprego, modifica no seu artigo 33, entre outros, o artigo 4 da Lei 3/2004, xa citada, establecendo:

“1. El prazo de pago que debe cumprir el deudor, si no hubiera fijado fecha o plazo de pago en el contrato, será de treinta días naturales después de la fecha de recepción de las mercancías o prestación de los servicios, incluso cuando hubiera recibido la factura o solicitud de pago equivalente con anterioridad.

(.....)

2. Si legalmente o en el contrato se ha dispuesto un procedimiento de aceptación o de comprobación mediante el cual deba verificarse la conformidad de los bienes o los servicios con lo dispuesto en el contrato, su duración no podrá exceder de treinta días naturales a contar desde la fecha de recepción de los bienes o de la prestación de los servicios. En este caso, el plazo de pago será de treinta días después de la fecha en que tiene lugar la aceptación o verificación de los bienes o servicios, incluso aunque la factura o solicitud de pago se hubiera recibido con anterioridad a la aceptación o verificación.

3. Los plazos de pago indicados en los apartados anteriores podrán ser ampliados mediante pacto de las partes sin que, en ningún caso, se pueda acordar un plazo superior a 60 días naturales. (...)”

Do mesmo modo, na súa Disposición Final sétima modifica o artigo 216.4 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público:

“La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 222.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá de haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías o la prestación del servicio.

Sin perjuicio de lo establecido en los artículos 222.4 y 235.1, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio, salvo acuerdo expreso en contrario establecido en el contrato y en alguno de los documentos que rijan la licitación”

Pola súa parte, a Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, modifica no seu artigo primeiro a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, incluíndo no seu apartado catorce a disposición adicional quinta co seguinte literal:

“Disposición adicional quinta. Plazo de pago a proveedores.

Las referencias en esta ley al plazo máximo que fija la normativa sobre

morosidad para el pago a proveedores se entenderán hechas al plazo que en cada momento establezca la mencionada normativa vigente y que, en el momento de entrada en vigor de esta Ley, es de treinta días.”

A Administración, polo tanto, dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desta data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso.

O inicio do cómputo do período medio de pagamento, tanto das operacións pagadas como as pendentes de pago, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútase, dende o rexistro da factura na plataforma FACe-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado ou se fose o caso de acredores non suxeitos a obriga de presentar a mesma na Plataforma Face por non estar no ámbito que regula o artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, no Rexistro Xeral do Concello de Vigo. En todos os supostos, o rexistro da factura supón o rexistro automático no rexistro contable de facturas, escomezando o período de cómputo.

Así, o inicio do cómputo do período medio de pago ou «dies a quo», tanto das operacións pagas como as pendentes, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútase, en coherencia coa normativa de morosidade aplicable «desde a entrada da factura ou documento xustificativo no rexistro administrativo que corresponda», consecuentemente, o máximo conforme á normativa actual, serían 60 días en total, (desagregado en 30 días desde entrada en rexistro para aprobar e 30 desde a aprobación ou recoñecemento para o pago).

Salvo de casos particulares como Certificación Final de Obra (3 meses para aprobar e 30 días desde esta para pagar) e en caso de liquidación de Contrato (60 días para pagar desde a aprobación da liquidación de contrato).

III.- Estructura e datos a incluír nos Informes de Morosidade.

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas publicou no ano 2015 unha nova *Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade*, cuxo contido íntegro pode consultarse na páxina web do citado Ministerio:

Ministerio(<http://www.minhap.gob.es/Documentacion/Publico/DGCFEL/InstruccionesAplicaciones/ManualUsuarioMorosidadv20.pdf>), que dispón que os informes haberán de elaborarse considerando a totalidade dos pagamentos realizados en cada trimestre natural, e a totalidade das facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do mesmo, independentemente da data de rexistro da factura ou certificación de obra.

O artigo 16.6, da Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014, establece que:

"O informe trimestral, regulado no artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, na que se incluírá, polo menos,

de acordo coa metodoloxía establecida para o cálculo o período medio de pagamento a provedores das Administracións Públicas, o detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores, así como das operacións pagadas e pendentes de pagamento de cada entidade e do conxunto da Corporación Local. "

A base de datos que se ten en consideración para a análise dos datos que conforma o informe, e a mesma que a utilizada mensualmente para dar cumprimento ao previsto no Real Decreto 635/2014 e para dar a información requirida polo MINHAP para dar cumprimento á Lei de morosidade, é dicir, o Rexistro Contable de facturas, cuxo funcionamento de anotación de facturas é en tempo real, no mesmo momento no que se fai a anotación no rexistro da plataforma FACe ou no Rexistro Xeral do Concello, polo tanto, o sistema de información é totalmente garantista do estado no que se atopa calquera factura.

Deste modo, o informe trimestral considerará a seguinte información:

Pagamentos realizados no trimestre.

- Intereses de demora pagados no trimestre.
- Facturas ou documentos xustificativos pendentes de Pagamento ao final do trimestre.
- Detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores

IV.- Datos correspondentes ao 2º trimestre do ano 2016.

En consecuencia, en cumprimento do disposto no apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, o funcionario que subscribe ten a ben remitir ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo o informe sobre o cumprimento dos prazos previstos para o pago das obrigas correspondentes ao 2º trimestre do exercicio 2016 que se achega xunto co presente escrito; declarando que os datos nel contidos correspóndense cos pagos realizados no trimestre e coas obrigas pendentes de pago ao final de dito trimestre polo Concello de Vigo, segundo os datos contidos na base de datos de contabilidade do Concello de Vigo (Rexistro contable de facturas).

Achégase a información enviada ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, asinado e enviado en prazo, que figura na páxina web do Concello de Vigo, información económica.

Resumo das principais magnitudes contidas no informe:

Pagos realizados no trimestre

Dentro do período legal de pago:

- Número de pagos: 7.784
- Importe total: 30.847.453,27 euros

Fora do período legal de pago:

- Número de pagos: 27
- Importe total: 971.414,33 euros

Período medio de pago (PMP): 22,86 días

O "Período *medio de pago*" dos efectuados no trimestre, é o indicador do número de días medio que se tardou en realizar os pagamentos, contados dende a data de recepción (Rexistro FAcE ou Rexistro Xeral do Concello) da factura.

Intereses de demora pagados no trimestre.

- Número de pagos: 0
- Importe total de intereses: 0,00 euros

Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do trimestre.

Dentro do período legal de pago:

- Número de operacións: 802
- Importe total: 4.721.981,14 euros

Fora do período legal de pago:

- Número de operacións: 54
- Importe total: 96.739,94 euros

Período medio do pendente de pagamento (PMPP): 14,62 días

O "Período medio do pendente de pagamento" ao final do trimestre, é o indicador do número de días de antigüidade das operacións pendentes de pagamento a final do trimestre.

O número de facturas neste caso está condicionado polas correspondentes ao subministro eléctrico, xa que hai unha factura por cada enganche (contrato), o cal fai que mensualmente o número de facturas deste subministro estea nun número medio de 750.

Resumo por trimestres do morosidade

Lei 3/2004, Lei 15/2010, Artigo 216 do TRLCSP, aprobado polo RDL 3/2011, ano 2016				
Trimestres	Entidade Local		Xerencia Municipal Urbanismo	
	PMP/días	PMPP/días	PMP/días	PMPP/días
Primeiro Trimestre	27,4	16,72	19,58	9,11
Segundo Trimestre	22,86	14,62	16,11	7,85
Terceiro Trimestre				
Cuarto Trimestre				

Tendo en conta que a administración dispón dun prazo máximo de trinta días

contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desa data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso, se se esgotasen os prazos previstos para a aprobación e para o pago, se disporían de 60 días.

En ningún trimestre se chega nin a metade do prazo legal de pago

Dos datos que se amosan na táboa de morosidade comercial, os mesmos están moi alonxados deses 60 días.

Achégase igualmente os datos dos días de pago tanto en períodos trimestrais como mensuais en relación co Real Decreto 635/2014.

Resumo do Período medio de pagos mensual (PMP, RD 635/2014)

PMP , Real Decreto 635/2014, ano 2016												
Institución	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	setembro	outubro	Novembro	Decembro
Ent. Local	-3,34	-10,48	-8,55	-9,14	-9,44	-7,53						
MARCO	29,18	32,74	48,2	51,71	21,39	-2,59						
XMU	-14,88	-11,45	-21,24	-15,93	-16,51	-16,77						
PMP global	-3,35	-9,99	-7,85	-8,23	-9,25	-7,56						

En relación co PMP, os días negativos que se reflicte na táboa, supón que os pagamentos fixéronse cunha antelación aos trinta días fixados polo RD 635/2014.

O que poño en coñecemento da Concellaría delegada de Orzamentos e Facenda do Concello de Vigo, para o seu coñecemento e ós efectos oportunos.

Con data 18 de xullo de 2016, a Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, quedou enterada de dito informe.

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: Nesta ocasión para informar sobre o prazo de pago aos provedores e tamén nesta ocasión para desgusto da Sra. Muñoz do grupo do Partido Popular hai que dicir que o Concello de Vigo está entre as mellores cidades en canto ao prazo de pago aos provedores, estamos ao nivel da capital do Estado, si Sra. Muñoz, estamos ao nivel de Madrid no prazo de pago aos provedores por moito que lle pese a algúns, polo tanto estamos a facer unha boa xestión

financeira que pretende evitar tensións de Tesourería nas empresas facendo o pagamento nos menores tempos de pago posible, para favorecer precisamente esa liquidez ás empresas, xerando tamén confianza no sector, tanto público como no sector privado.

Neste trimestre o período de pago á entidade local pagou en 9,14 días ante de que comezase a computar o prazo de pago a provedores e polo tanto nos estados consolidados temos un período medio de pago tanto na Xerencia de Urbanismo como na Fundación Marco, de 8,23 días antes de que comece o prazo no mes de abril, 9,25 días no mes de maio e 7,56 no mes de xullo, polo tanto hai que destacar que se paga por parte deste Concello, do goberno, antes de que comece a computar eses prazos de pago a provedores, incluíndo tamén a Fundación Marco que presenta datos positivos no mes de xuño pagando antes de comece a computar ese prazo de pagos a provedores.

Hai que dicir que neste trimestre se fixeron un total de 7.811 pagos, todos sen un xuro de mora a favor dos provedores, polo tanto, todos respectando o prazo de pago a provedores, iso é especialmente relevante se se ten en conta que sae un ratio mensual de entre 1.000 e 1.500 facturas e que tan só as facturas de alumeadado supoñen un importante número de facturas a pagar ao final do trimestre.

Ao final deste trimestre a antigüidade das operacións pendentes de pago era de 14,62 días, polo tanto baixamos tamén do tempo de espera do primeiro trimestre e quedaban pendentes de pago, pero dentro do prazo 856 operacións, tendo en conta que sempre estamos dos prazos de pago os datos son máis que positivos, son máis que positivos e se temos en conta que se nos comparamos, porque hai que facelo, co resto do Estado temos que a media de prazo de pago en tódalas entidades locais de España se situou neste segundo trimestre do ano, en 56 días, Vigo paga a menos 9, menos 8 días, antes de que comece ese prazo de pago, polo tanto antes de ningunha outra administración, antes de computen eses prazos de pago, hai que dicir que se pagásemos nestes 56 días de media como se fai no Estado, estaríamos a niveis do ano 2006, polo tanto daríamos un paso atrás moi grande, incluso ata cando xa non se lembran vostedes de cando gobernaban, polo tanto estamos a pagar antes que ningunha outra cidade española. Como exemplo, no mes de abril temos que Barcelona pagou menos cinco días antes de que

comezase o cómputo dese prazo de pago, en Madrid 3,73 días antes de que comezase ese prazo de pago, polo tanto, se temos en conta que nós pagamos en menos oito, menos nove e menos sete días, estamos en ratios que están entre Barcelona e Madrid, estamos a pagar como as principais capitais do Estado. Polo tanto, con menos capacidade de recursos humanos estamos a facer o mesmo e mellor traballo que esas capitais, estamos no podium das cidades que pagan antes aos seus provedores.

Falaban antes de Turismo, pois mire facendo un repaso polas cidades coas que temos conexións directas a través do Aeroporto de Peinador, facendo tamén unha referencia a esas cidades, Sevilla paga en 31 días, Vigo menos, Zaragoza que non temos conexión 37 días, Palma que si que temos 37 días, As Palmas 29 días, Tenerife 32 días, Vigo paga antes que estas cidades polo tanto, unha situación mellor. E se facemos comparativa coas cidades galegas o mesmo, A Coruña que está Marea, 33 días, Santiago de Compostela que tamén está Marea, 28 días, Vigo paga a menos oito, menos nove, menos sete días antes de que comece o prazo de cómputo do pagamento a estas cidades. Polo tanto, prazos de pago rápidos, razoables para as empresas que prestan servizos a este Concello, servizo polo tanto, eficiente, rápido e eficaz que xera a tesourería ás empresas e que xera polo tanto, riqueza e capacidade produtiva nas empresas.

O Concello de Vigo, repito, está entre as cidades que antes pagan aos provedores, estamos a niveis da capital do Estado no pago de prazo a provedores.

SR. PÉREZ CORREA: Nós imos ser positivos para que tamén se vexa que os comunistas pro chavistas tamén temos un pequeno corazón e imos ser absolutamente positivos, é o lóxico que haxa melloras neste aspecto, están a facer tódolos Concellos esforzos titánicos incluso concellos como vostede di, o concello de Santiago de Compostela e A Coruña que herdamos centos de facturas, procesos xudiciais abertos de concesionarias públicas con moitas facturas escondidas debaixo da mesa, ou con facturas non recoñecidas pola anterior administración que o que facían era que as facturas quedaran no limbo, os concellos das grandes cidades sobre todo, están un esforzo titánico precisamente para reducir, polo tanto, que Vigo vaia nesa senda diciámolo en anteriores plenos pois parécenos absolutamente positivo, se esa redución é unha redución real e non nos imos

atopar ao final da lexislatura con facturas que no existen dentro do cómputo porque moitas veces non hai recoñecemento ou hai procesos xudiciais que paran esas facturas. Parécenos tamén moi positivo que se reduza de maneira moi importante esa situación de pagos no Marco que chegou a estar no 51% e entendemos, se non entendimos mal, que ese aumento tremendo de pagos, porque estamos a falar e 7.000 e pico pagos, fronte aos mil e pico do período equivalente do ano anterior ten que ver con esa remisión de facturas desagregada do subministro eléctrico que nalgún momento se cita no informe, supoño que será ese aumento porque os importes económicos dos pagos son iguais.

Polo tanto, para nós ese ten que ser a senda importante do que vostede di, da recuperación e sobre todo de que a administración pública non sexa un problema para os provedores como foi en tempos anteriores, precisamente onde moitas empresas non querían traballar coas administracións públicas, pero tamén é certo que os concellos que non fagan este esforzo van estar penalizados seguramente no futuro tanto polo Ministerio de Facenda como por outras administracións, polo tanto que se sega na senda da redución, é certo que algúns concellos pola premura e pola presa de estar pagando facturas, esta habendo un proceso de que practicamente non hai convalidación de que os servizos corresponden ás facturas, nós estamos a detectar nalgúns concellos onde esa presa por pagar facturas significa que moitas veces nin se comproba que a factura corresponde a un servizo efectivamente feito, se iso está garantido por parte do Concello de Vigo, pois sería importante porque xa algún susto, algunhas administración pública se ten atopado precisamente pola presa de que os números, que son públicos e polo tanto forman parte do portal de transparencia, que non esteamos cotexando realmente que os servizos finalmente ou o subministro se levan adiante e polo tanto estaríamos pagando cuestións que logo terían que ter unha reclamación xudicial. Nós estamos de acordo con esa senda, e o que pedimos é que non haxa ningunha sorpresa post estival que moitas veces si aparecen no que ten que ver cos pagos precisamente pola pouca posibilidade que temos de que nos meses estivais haxa tamén un traballo normalizado dentro da administración local.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Eu Sr. Aneiros dende logo non vou a ser a que non apoie que as administracións públicas teñen que pagar canto antes, evidentemente, é

que o Partido Popular e gracias ao Partido Popular fíxose unha reforma normativa en España que obriga ás administracións públicas a dar conta e a pagar en prazo ao provedores que é o mínimo que ten que facer unha administración pública con responsabilidade, pagar o que debe.

Dende logo esa é unha obriga fundamental e que se haxa posto por lei, que se obrigara a tódalas administracións públicas, a dar conta do tempo que tarda cada administración pública en pagar, fíxoo o Partido Popular porque dende logo somos conscientes da importancia que ten isto para os miles de provedores que dependen das administracións públicas e por suposto para os cidadáns.

A min gustaríame tamén que algunha vez que presente este informe, xa sei que está dentro da obriga estritamente legal porque falamos de facturas de provedores, nos falará de canto tempo tarda en pagar as axudas sociais, as subvencións que paga este Concello de Vigo, porque antes escoitamos como eloxiaba ás axudas de rehabilitación o importante que eran e que a execución orzamentaria a teñen vostedes a cero, sinceramente non entendo que lado do cadro está vostede a mirar cando fala desa execución orzamentaria.

Dende logo é positivo que se tarde 23 días en pagar as facturas, tamén vemos que hai unha deriva porque empezamos en 12 días, empezamos a falar en 12 días que tarda o Concello de Vigo, agora xa estamos en 23 días, non sei se esa progresión se seguirá aumentando ou se van seguir pagando, pero fallaría máis, co nivel de execución do Orzamento que o acabamos de ver, é que se co pouco que executan e co remanente de Tesourería que teñen non son capaces vostedes de pagar neste prazo pois sinceramente era para pechar o “chiringuito”.

Dende logo parécenos importante, que os provedores cobren, efectivamente as concesionarias estarán moi contentas da rapidez coa cal vostedes pagan porque realmente aquí son as principais perceptoras deses pagos do goberno municipal, pero tamén parécenos que hai cuestións que son importantes que vostedes están desatendendo, e me gustaría que nos clarexe na súa quenda de intervención cando van cobrar as traballadoras da limpeza que seguen sen ter cobrado eses meses que lle debían a anterior concesionaria Linorsa e que non foron vostedes capaces de pagarlles o que lles deberían, estamos a falar de Vigo Sr. Alcalde, non estamos a falar de Ourense, está moi ben poñer o ventilador pero vostedes ten que responder polo que fai en Vigo, e vostede que se comprometeu persoalmente

con esas traballadoras da limpeza, falloulles porque esas traballadoras da limpeza aínda non cobraron da anterior concesionaria e a min gustaríame que se nos dixera e que se nos clarexase que esas traballadoras van cobrar os seus salarios pendentes e sobre todo que o Concello de Vigo e o goberno municipal vai obrigar a que iso se produza así; porque non se pode criticar aos demais se non se cumpre, e neste Concello non se cumpre pero sempre se critica e ese é un dos problemas que temos neste Concello e dende logo nesta cidade.

Tamén me gustaría, unha das entidades, a nosa única Entidade Local Menor de Bembrive que recibe transferencias do goberno municipal que nos falara tamén como está a pagar aos provedores a Entidade Local Menor de Bembrive, eu creo que esa é unha información importante que necesitarían saber tódolos vigueses porque ao fin e ao cabo se lle pagan case 300.000 euros do orzamento municipal a esa entidade local menor, para iso. Eu lles pediría que non me interromperan cando estou a falar, Sr. Alcalde, incluso ao Sr. Fidalgo, porque sinceramente é complicado seguir así unha argumentación.

Insisto, os prazos de pago son moi importantes pero hai bastantes cousas que son moi importantes e que están sendo desatendidas por este goberno municipal e insisto outra vez gustaríame que o Sr. Concelleiro de Facenda nos explicara cando se lles vai pagar as traballadores de Linorsa por parte de Linorsa, os salarios que teñen pendentes.

Por certo, tamén gustaríame que nos explicara porque se está a pagar o aluguer do Auditorio Mar de Vigo porque se está a pagar o aluguer para a UNED se aínda non están feitas as obras para a UNED que iso ven na execución orzamentaria, por que se está a pagar un aluguer para unhas instalacións que aínda a UNED non está a utilizar e non se prevé que utilicen non curto prazo, por que se segue adicando os cartos dos vigueses/as nesa concesión.

SR. ANEIROS PEREIRA: Pois mire ten certa sorna que a representante do Partido Popular fale de reforma electoral que fixo o Partido Popular, precisamente para protexerse de xente como vostede cando era conselleira de facenda porque eran coñecidos eses exercicios orzamentarios non de doces meses, de oito meses, vamos era “kafkiano” rematar o exercicio orzamentario no mes de agosto, no mes de agosto non se remata o orzamento, agora entendo as presas que vostede ten

porque executemos o orzamento, non nós temos o exercicio orzamentario de 12 meses, iso parece que non lle gusta porque logo quedarán facturas pendentes de pagar, que pasaba co último trimestre do ano? Resulta curioso tamén que vostede mencione esa reforma cando a Xunta de Galicia paga en máis 22 días, datos de abril e de maio, Concello de Vigo, menos nove, menos sete e menos oito, 22 días, datos oficiais da páxina web da Xunta de Galicia.

Tamén a administración central, goberno aínda de Sr. Rajoy, abril 21 días, maio 21 días, pero que máis, a propia Axencia Tributaria que é un organismo independente pero tamén da organización do Estado, paga en máis 13 días, o Concello de Vigo menos nove, menos oito e menos sete días, polo tanto pagamos dentro do prazo.

Non saque temas que son serios e que están xa non seu trámite, as traballadoras da limpeza teñen unha situación que é digna de non sacala como argumento político, pregúntelle á Xunta de Galicia, ao Concello de Ourense, o Comité de Empresa da empresa puxo como exemplo o Concello de Vigo, que cumpriu coa empresa, non paga directamente ás traballadoras, paga á empresa, a ver se decata vostede, porque o Concello de Vigo fai o que ten que facer, pagar a quen lle debe que é á empresa, será a empresa a que ten que pagarlle ás traballadoras, polo tanto, pregúntelle á empresa, ao administrador concursal da empresa, non nos pregunte a nós porque nós cumprimos. Por certo, pregúntelle á Xunta de Galicia a ver se lle paga a tempo e pregúntelle ao concello de Ourense gobernado por un colega seu a ver se paga en tempo, non está aquí, pregúntelle que ten forma de contactar con el. Polo tanto, non saque temas demagóxicos, populistas para facer política, cumprimos.

As facturas se tramitan polo trámite legal, por suposto que se comprobán, se fiscalizan e unha vez fiscalizadas positivamente se autoriza o pagamento do pago, e por iso que estamos neses ratios de menos nove, entorno aos dez días as empresas págaselles, evidentemente se non fiscalizásemos poderíamos pagar no mesmo día, pero iso non sucede. Cumprimos tódolos trámites legais e pagamos no menor tempo posible, unha administración eficiente, eficaz e que nos sitúa nos mellores concellos do Estado no pago a provedores.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación que

queda enterado.

3.4(122).- MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 27972/220 (REXISTRO PLENO 1402/1101)

ANTECEDENTES.- Con data 23 de xuño de 2016, a xefa de Recursos Humanos e Formación co conforme dos concelleiros delegados da Área de Xestión Municipal e de Orzamentos e Facenda, formula o seguinte informe proposta:

“ANTECEDENTES

1.- En instrución do servizo de data 15/04/2016 o Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal acordou:

“No marco das competencias atribuídas pola Excma. Alcaldía en data 19/06/2015 a esta Concellería-delegada en materia de xestión municipal se encontra expresamente prevista a do exercicio da totalidade das competencias de xestión administrativa e demais competencias delegables en relación coa estrutura directiva municipal e os órganos que se integran nela, nos termos derivados da normativa aplicable.

En materia de recursos humanos, esta Concellería-delegada de Área ostenta as competencias en canto á planificación, desenvolvemento e execución das políticas públicas deseñadas polo Goberno Municipal en materia de planificación e xestión de recursos humanos.

Derivada das mesmas, esta Concellería-delegada ten necesidade de implementar a modificación do cadro de persoal orzamentario vixente, contido nos Orzamentos Municipais 2016, a efectos de implementar as modificacións seguintes:

-Modificación de 1 praza de asesor/a Alcaldía, encadrado no persoal eventual, a fin de que sexa denominada “adxunto/a Director de Gabinete Alcaldía”, cuxas retribucións asociadas deberán incrementarse en 8.875,02 euros anuais.

-Transferencia de 1 praza de técnico de administración xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo ao Concello de Vigo, ocupada pola funcionaria D^a Carla Candia Paz, previa a conformidade da mesma, destinada á Área de Recursos Humanos e Formación, aos efectos de contribuír a paliar as necesidades de persoal técnico superior existentes na mesma, e onde se atopa prestando servizos actualmente.

-Creación de 1 praza de funcionario/a de Administración Local de carácter nacional, subgrupo A1 de titulación, subescala de Secretaría, categoría superior, como órgano de colaboración previsto na normativa sectorial de aplicación, cunhas dotacións económicas idénticas ás previstas para o Secretario/a de Administración Municipal.

-Racionalización de 1 praza de administrativo/a no Servizo de Medio Ambiente, en 1 praza de inspector/a, á vista da petición formulada pola xefatura do dito servizo.

Á vista do exposto, pola presente e ao abeiro das competencias que en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal ostento por delegación efectuada en Decreto da Excm. Alcaldía de data 19/05/2015, así como aquelas que en materia de xestión de persoal ostento por delegación da Xunta de Goberno Local segundo acordo de mesma data; e nos termos do establecido no artigo 165 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, pola presente dispoño:

“Ordenar a incoación de expediente administrativo para a modificación do cadro de persoal orzamentario vixente, contido nos Orzamentos Municipais 2016, a efectos de implementar as modificacións seguintes:

-Modificación de 1 praza de asesor/a Alcaldía, encadrado no persoal eventual, a fin de que sexa denominada “adxunto/a Director de Gabinete Alcaldía”, cuxas retribucións asociadas deberán incrementarse en 8.875,02 euros anuais.

-Transferencia de 1 praza de técnico de administración xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo ao Concello de Vigo, ocupada pola funcionaria D^a Carla Candia Paz, previa a conformidade da mesma, destinada á Área de Recursos Humanos e Formación, aos efectos de contribuír a paliar as necesidades de persoal técnico superior existentes na mesma, e onde se atopa prestando servizos actualmente.

-Creación de 1 praza de funcionario/a de Administración Local de carácter nacional, subgrupo A1 de titulación, subescala de Secretaría, categoría superior, como órgano de colaboración previsto na normativa sectorial de aplicación, cunhas dotacións económicas idénticas ás previstas para o Secretario/a de Administración Municipal existente.

-Racionalización de 1 praza de administrativo/a no Servizo de Medio Ambiente, en 1 praza de inspector/a, á vista da petición formulada pola xefatura do dito servizo e nos termos do indicado na mesma.

O que se lle comunica aos efectos oportunos, indicando a máxima prioridade da tramitación do expediente, previa a emisión dos informes que legalmente procedan”.

2.- Solicitado informe técnico en data 18/04/2016, este emítese o 24/05/2016; informe no cal literalmente se indica que:

“Con data 15/04/2016, polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ditouse instrución de servizo ordenando:

“Ordenar a incoación de expediente administrativo para a modificación do cadro de persoal orzamentario vixente, contido nos Orzamentos Municipais 2016, a efectos de implementar as modificacións seguintes:

-Modificación de 1 praza de asesor/a Alcaldía, encadrado no persoal eventual, a fin de que sexa denominada “adxunto/a Director de Gabinete Alcaldía”, cuxas retribucións

asociadas deberán incrementarse en 8.875,02 euros anuais.

-Transferencia de 1 praza de técnico de administración xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo ao Concello de Vigo, ocupada pola funcionaria D^a Carla Candia Paz, previa a conformidade da mesma, destinada á Área de Recursos Humanos e Formación, aos efectos de contribuír a paliar as necesidades de persoal técnico superior existentes na mesma, e onde se atopa prestando servizos actualmente.

-Creación de 1 praza de funcionario/a de Administración Local de carácter nacional, subgrupo A1 de titulación, subescala de Secretaría, categoría superior, como órgano de colaboración previsto na normativa sectorial de aplicación, cunhas dotacións económicas idénticas ás previstas para o Secretario/a de Administración Municipal existente.

-Racionalización de 1 praza de administrativo/a no Servizo de Medio Ambiente, en 1 praza de inspector/a, á vista da petición formulada pola xefatura do dito servizo e nos termos do indicado na mesma”.

Solicitado a este respecto informe técnico pola Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, procédese a informar o seguinte:

a).- Modificación de 1 praza de asesor/a Alcaldía, encadrado no persoal eventual, a fin de que sexa denominada “adxunto/a Director de Gabinete Alcaldía”, cuxas retribucións asociadas deberán incrementarse en 8.875,02 euros anuais.

A este respecto significar que o Cadro de Persoal Orzamentario para o presente ano 2016, conta entre outros con 16 prazas de persoal eventual (1 Director/a do Gabinete da Alcaldía, 1 Director/a de Comunicación, 1 Secretario/a do Alcalde, 8 Asesores e 6 Auxiliares), coa conseguinte dotación orzamentaria. A data de hoxe están vacantes dúas prazas de Asesor Alcaldía e unha auxiliar eventual.

A modificación dunha praza coa denominación de “Asesor Alcaldía”, pola de “Adxunto/a Director de Gabinete” supón, segundo a referida instrución de Servizo, un incremento na partida 912.0.110.00.00 (persoal eventual Gabinete da Alcaldía) de 8.875,02€ anuais. Para o presente exercicio e toda vez que se dispoñen dos créditos vacantes de tres postos dende o 01/01/16, existe crédito suficiente ata o 31/12/16. Non obstante tería que regularizarse dita situación no vindeiro orzamento, xa que si fosen cubertos as tres vacantes restantes de persoal eventual non habería crédito suficiente a partir de 01 de xaneiro do vindeiro ano 2017.

b).- Transferencia de 1 praza de técnico de administración xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo ao Concello de Vigo, ocupada pola funcionaria D^a Carla Candia Paz, previa a conformidade da mesma, destinada á Área de Recursos Humanos e Formación, aos efectos de contribuír a paliar as necesidades de persoal técnico superior existentes na mesma, e onde se atopa prestando servizos actualmente.

A creación dunha praza de Técnico/a de Administración Xeral no Cadro de Persoal Municipal do Concello suporía un incremento na partida 160.00.00 Seguridade Social de 11,297,78€ e, no programa orzamentario 920.1 dun total de 46.825,94€ coa

seguinte distribución:

120.00.00 Soldos Funcionarios Grupo A1 14.824,08€
120.06.00 Antigüidade Funcionarios.- 2.290,36€
121.00.00 Complemento Destino Funcionarios Grupo A1.- 11.770,22€
121.01.00 Complemento Específico Funcionarios Grupo A1.- 17.941,28€

Ditos incrementos financiaríanse coa minoración dos créditos do Orzamentos do OA Municipal XMU e a súas correspondentes transferencias de crédito ao Capítulo IV do orzamento municipal.

c).- Creación de 1 praza de funcionario/a de Administración Local de carácter nacional, subgrupo A1 de titulación, subescala de Secretaría, categoría superior, como órgano de colaboración previsto na normativa sectorial de aplicación, cunhas dotacións económicas idénticas ás previstas para o Secretario/a de Administración Municipal existente.

A creación dunha nova praza de Habilitado/a nacional no Cadro de Persoal Municipal do Concello suporía un incremento na partida 160.00.00 Seguridade Social de 13,417,13€ e, no programa orzamentario 920.0 dun total de 71.045,98€ coa seguinte distribución:

120.00.00 Soldos Funcionarios Grupo A1 14.824,08€
121.00.00 Complemento Destino Funcionarios Grupo A1.- 13.698,16€
121.01.00 Complemento Específico Funcionarios Grupo A1.- 42.523,74€

O incremento total de 84.463,11€ que supón a creación desta nova praza de Habilitación Nacional tería que realizarse mediante a amortización dunha/dunhas das prazas vacantes existentes no Cadro de Persoal Municipal non incluídas nalgunha das ofertas de emprego público aprobadas e pendentes de executar.

d).- Racionalización de 1 praza de administrativo/a no Servizo de Medio Ambiente, en 1 praza de inspector/a, á vista da petición formulada pola xefatura do dito servizo e nos termos do indicado na mesma.

A racionalización dunha praza de Administrativo/a de Administración Xeral nunha praza de Inspector/a de Medio Ambiente non suporía un incremento na partida 160.00.00 Seguridade Social, de 965,28€ anuais, e os seguintes axustes no programa 172.1-Medio Ambiente.

121.00.03 Complemento Destino Funcionarios Grupo C1.- 317,66€ de minoración anual.
121.01.03 Complemento Específico Funcionarios Grupo C1.- 1.599,18€ de incremento anual.

A diferenza existente nunha contía total de 1.281,52€ mais o incremento de 965,28€ deberá financiarse mediante a baixa na partida 120.06.00 (antigüidade funcionarios) do programa 151.0 Xerencia Urbanismo, consecuencia da xubilación de varios efectivos municipais.”

Dito informe técnico foi ampliado en data 02/06/2016, a requirimento da xefatura de área de RRHH e Formación, contendo relación indicativa das prazas vacantes en plantilla.

3.- En nova instrución do servizo de data 17/06/2016, o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ordenou o seguinte:

“Modificar a instrución do servizo ditada por esta concellería-delegada en data 15/04/2016, e ordenar a modificación do cadro de persoal orzamentario obxecto do presente expediente administrativo, nos termos e o alcance e contido seguintes:

-Modificación de 1 praza vacante de asesor/a Alcaldía, encadrado no persoal eventual, a fin de que sexa denominada “adxunto/a Director de Gabinete Alcaldía”, cuxas retribucións asociadas deberán incrementarse en 11.327 euros anuais.

-Transferencia de 1 praza de técnico de administración xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo ao Concello de Vigo, ocupada pola funcionaria D^a Carla Candia Paz, previa a conformidade da mesma, destinada á Área de Recursos Humanos e Formación, aos efectos de contribuír a paliar as necesidades de persoal técnico superior existentes na mesma, e onde se atopa prestando servizos actualmente.”

O que se lle comunica aos efectos oportunos, indicando a máxima prioridade da tramitación do expediente, previa a emisión dos informes que legalmente procedan”.

En consecuencia, e ao abeiro do previsto no artigo 172 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF) procede a emisión de informe-proposta ao órgano municipal competente.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- O CADRO DE PERSOAL ORZAMENTARIO COMO INSTRUMENTO CONFIGURADOR DA PLANTILLA MUNICIPAL E COMO FERRAMENTA DE PLANIFICACIÓN DE RECURSOS HUMANOS

O cadro de persoal orzamentario ou plantilla municipal constitúe a relación de efectivos ao servizo dunha concreta entidade local, dotados orzamentariamente nos Orzamentos Municipais e ordenados conforme á estruturación en corpos, escalas, subescalas, clases e categorías contemplados na lexislación básica sobre réxime local.

Así, o artigo 89 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, contempla que *“el personal al servicio de las entidades locales estará integrado por funcionarios de carrera, contratados en régimen de derecho laboral y personal eventual que desempeña puestos de confianza o asesoramiento especial”* ; persoal que, segundo o preceptuado no artigo 90.1 da mesma norma, deberá ser consignado na plantilla municipal:

“Corresponde a cada Corporación local aprobar anualmente, a través del Presupuesto, la plantilla, que deberá comprender todos los puestos de trabajo reservados a

funcionarios, personal laboral y eventual.

Las plantillas deberán responder a los principios de racionalidad, economía y eficiencia y establecerse de acuerdo con la ordenación general de la economía, sin que los gastos de personal puedan rebasar los límites que se fijen con carácter general.”

A este respecto lémbrese que nos municipios sometidos ao réxime xurídico e organizativo de gran poboación -como é o caso de Vigo- existe un reparto competencial entre o Pleno e a Xunta de Goberno Local en materia de planificación e xestión do persoal.

Así, o artigo 123.1, apartado h) da lei de bases invocada atribúe ao Pleno a competencia para *“la aprobación de los presupuestos, de la plantilla de personal, así como la autorización de gastos en las materias de su competencia”*, mentres que a concreta aprobación da relación de postos de traballo (RPT) e as súas modificacións residenciase na Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1, apartado h).

A planificación dos recursos humanos nas Administracións Públicas terá como obxectivo, tal e como sinala o artigo 69 do RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do EBEP, *“contribuir a la consecución de la eficacia en la prestación de los servicios y de la eficiencia en la utilización de los recursos económicos disponibles mediante la dimensión adecuada de sus efectivos, su mejor distribución, formación, promoción profesional y movilidad.”*

O mesmo precepto indica que *“las Administraciones Públicas podrán aprobar Planes para la ordenación de sus recursos humanos, que incluyan, entre otras, algunas de las siguientes medidas:*

- a) Análisis de las disponibilidades y necesidades de personal, tanto desde el punto de vista del número de efectivos, como del de los perfiles profesionales o niveles de cualificación de los mismos.*
- b) Previsiones sobre los sistemas de organización del trabajo y modificaciones de estructuras de puestos de trabajo.*
- c) Medidas de movilidad, entre las cuales podrá figurar la suspensión de incorporaciones de personal externo a un determinado ámbito o la convocatoria de concursos de provisión de puestos limitados a personal de ámbitos que se determinen.*
- d) Medidas de promoción interna y de formación del personal y de movilidad forzosa de conformidad con lo dispuesto en el capítulo III del presente título de este Estatuto.*
- e) La previsión de la incorporación de recursos humanos a través de la Oferta de empleo público, de acuerdo con lo establecido en el artículo siguiente.*

3. Cada Administración Pública planificará sus recursos humanos de acuerdo con los sistemas que establezcan las normas que les sean de aplicación.”

II.- MOTIVACIÓN DA MODIFICACIÓN PROPOSTA E POTESTADE DE AUTOORGANIZACIÓN:

Segundo consta nos documentos que forman parte do presente expediente, a modificación proposta consta de dous extremos:

1.-Modificación de 1 praza vacante de asesor/a Alcaldía, encadrado no persoal eventual, a fin de que sexa denominada "adxunto/a Director de Gabinete Alcaldía", cuxas retribucións asociadas deberán incrementarse en 11.327 euros anuais. A tal efecto, no informe técnico de data 24/05/2016 indícase que dita modificación supón un incremento na partida 912.0.110.00.00 (persoal eventual Gabinete da Alcaldía) de 8.875,02€ anuais, que por orde de servizo de data 17/06/2016 se determina en 11.327 euros anuais, debendo verificarse no preceptivo informe de fiscalización previa que se emita a existencia de crédito suficiente ata o 31/12/16 para facer fronte ao novo importe contemplado, xa que no informe técnico se sinala que *"a este respecto significar que o Cadro de Persoal Orzamentario para o presente ano 2016, conta entre outros con 16 prazas de persoal eventual (1 Director/a do Gabinete da Alcaldía, 1 Director/a de Comunicación, 1 Secretario/a do Alcalde, 8 Asesores e 6 Auxiliares), coa conseguinte dotación orzamentaria. A data de hoxe están vacantes dúas prazas de Asesor Alcaldía e unha auxiliar eventual.*

A modificación dunha praza coa denominación de "Asesor Alcaldía", pola de "Adxunto/a Director de Gabinete" supón, segundo a referida instrución de Servizo, un incremento na partida 912.0.110.00.00 (persoal eventual Gabinete da Alcaldía) de 8.875,02€ anuais. Para o presente exercicio e toda vez que se dispoñen dos créditos vacantes de tres postos dende o 01/01/16, existe crédito suficiente ata o 31/12/16. Non obstante tería que regularizarse dita situación no vindeiro orzamento, xa que si fosen cubertos as tres vacantes restantes de persoal eventual non habería crédito suficiente a partir de 01 de xaneiro do vindeiro ano 2017."

Segundo a configuración legal do persoal eventual e o seu réxime xurídico, debe indicarse fundamentalmente o recollido no artigo 12 do citado TREBEP, que establece que:

"1. Es personal eventual el que, en virtud de nombramiento y con carácter no permanente, sólo realiza funciones expresamente calificadas como de confianza o asesoramiento especial, siendo retribuido con cargo a los créditos presupuestarios consignados para este fin.

2. Las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto determinarán los órganos de gobierno de las Administraciones Públicas que podrán disponer de este tipo de personal. El número máximo se establecerá por los respectivos órganos de gobierno. Este número y las condiciones retributivas serán públicas.

3. El nombramiento y cese serán libres. El cese tendrá lugar, en todo caso, cuando se produzca el de la autoridad a la que se preste la función de confianza o asesoramiento.

4. La condición de personal eventual no podrá constituir mérito para el acceso a la Función Pública o para la promoción interna.

5. *Al personal eventual le será aplicable, en lo que sea adecuado a la naturaleza de su condición, el régimen general de los funcionarios de carrera.*"

En consecuencia, e toda vez que a determinación da configuración das necesidades de persoal eventual constitúe unha expresión máxima do exercicio da potestade de autoorganización recollida no artigo 4.1, apartado a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, parece axustada a Dereito a configuración da praza proposta no cadro de persoal orzamentario, sempre nos termos do preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral se emita.

2.-Transferencia de 1 praza de técnico de administración xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo ao Concello de Vigo, ocupada pola funcionaria D^a Carla Candia Paz, previa a conformidade da mesma, destinada á Área de Recursos Humanos e Formación, aos efectos de contribuír a paliar as necesidades de persoal técnico superior existentes na mesma, e onde se atopa prestando servizos actualmente.

As necesidades organizativas da Área de Recursos Humanos e Formación foron expostas en informe da xefatura da Área de 09/03/2016, no cal se sinalaba que:

"Con motivo de la reestructuración organizativa y funcional del extinto Servicio de Recursos Humanos y su redimensionamiento en Área de Recursos Humanos y Formación, aprobada por acuerdo de la Xunta de Gobierno Local de 04/03/2016 (expediente administrativo nº 70/105) resulta imprescindible la adecuada dotación de efectivos que permita dar respuesta a los nuevos retos que la Concejalía-delegada del Área de Gestión Municipal, titular de las competencias en materia de recursos humanos (Decreto Excm. Alcaldía y Acuerdo XGL de fechas 19/06/2015)- demanda en la planificación y estratégica y en la gestión operativa del personal municipal.

La integración del personal procedente de los extintos organismos autónomos municipales IMD, EMAO y Vigozoo ha sobrecargado la ya infradotada plantilla municipal destinada en el Área, y la previsión de próxima integración del personal al servicio de la Xerencia Municipal de Urbanismo tras su inminente extinción demanda la reasignación de efectivos al Área de Recursos Humanos y Formación, a fin de que, bajo la dirección de la jefatura, se garantice la normal tramitación en plazo de los expedientes administrativos y el cumplimiento de los objetivos fijados en el Área.

En el mes de julio del año 2015, la Concejalía-delegada del Área de Gestión Municipal trasladó una serie de directrices en materia de planificación y gestión de recursos humanos para la legislatura 2015-2019.

Dichas directrices, tendentes a la consecución de seguridad jurídica en la gestión de los empleados públicos locales, se concretan en:

-Necesidad de desarrollo por el Área de Recursos Humanos y Formación de una labor de coordinación interdepartamental real y efectiva entre la totalidad de los órganos directivos, las áreas, servicios y unidades administrativas, tendente a la implementación uniforme de las políticas públicas que en la materia se determinen por la Concejalía-delegada de Área.

-Necesidad de homogeneización de criterios organizativos y de gestión en las incidencias jurídicas, económicas y administrativas referidas a los empleados públicos

municipales, sin perjuicio de la autonomía del Servicio de Desarrollo Local y Empleo.

-Necesidad de desarrollo de funciones de dirección técnico-jurídica especializada en materia de Recursos Humanos y de incremento de las responsabilidades de jefatura sobre la actividad administrativa sectorial inherente al empleo público local -sin perjuicio, igualmente, de la actividad de fomento del empleo-, ejerciendo el correspondiente control sobre la planificación y gestión del personal municipal y sobre la formación; y asumiendo la gestión del personal procedente de los organismos autónomos municipales, una vez realizada su integración en la plantilla municipal.

El marco legal del Derecho del Empleo Público ha experimentado en los últimos 6 años una serie de modificaciones de carácter excepcional, que pueden definirse como extraordinarias, tanto desde la perspectiva del contexto histórico, social y económico en que fueron dictadas, como desde la ausencia de precedentes inmediatos en la historia reciente de la producción normativa existente en nuestro sistema constitucional y en el seno de un Estado social y democrático de Derecho.

El legislador estatal básico ha optado por la definición y materialización de una serie de políticas públicas de austeridad y contención de gasto, con el objetivo de la consecución de la máxima eficiencia en la prestación de los servicios públicos por parte de las distintas Administraciones Públicas territoriales, dado que España pertenece al grupo de países de la UE con economías internas más débiles y que cuentan con sectores públicos con mayor peso específico en sus PIBs.¹

En lo que respecta a la relevancia de los gastos de personal desde la óptica presupuestaria, debe considerarse que el modelo de vertebración territorial diseñado por la Constitución de 1978² y el reconocimiento de la autonomía local³ como entidad territorial institucionalmente garantizada conlleva asociada la descentralización administrativa, estableciéndose en consecuencia una apuesta por la diversificación territorial de las Administraciones Públicas bien diferente a la existente en la etapa preconstitucional.

El marco legal existente ha venido exigiendo de facto una importante labor por parte del gestor de recursos humanos, orientada hacia la maximización de los efectivos disponibles y el ejercicio restrictivo de competencias municipales distintas a las propias y a las que se ejerzan por delegación, así como a una total reforma de las dinámicas de funcionamiento de los gestores públicos, aparejada a la profesionalización al máximo nivel de la función pública; a la garantía de la objetividad e imparcialidad de los empleados públicos, y al establecimiento e implantación definitivos de una serie importante de principios éticos en la gestión pública; a efectos de lo cual constituye punto de partida esencial la mejora en la gestión de los recursos humanos, tanto desde una óptica estratégica -que permita obtener más rendimiento y profesionalidad con menos efectivos, así como formar en la cultura de la mejora personal y profesional continua del empleado/a, logrando también su satisfacción en la prestación del servicio y en el desarrollo de su trabajo diario- como desde la óptica de

1 V. Revista de la Escola Galega de Administración Pública (REGAP) nº 47, Monográfico sobre la reforma local, Varios autores.

2 Vid. artículo 2, que reconoce y garantiza “el derecho a la autonomía de las nacionalidades y regiones que la integran y la solidaridad entre todas ellas, sin perjuicio de la indisoluble unidad de la nación”.

3 Vid. artículos 140 a 143 CE en relación con el contenido de la Ley 7/1985, de 2 de abril, y Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril.

la gestión cotidiana -mejorando los sistemas de movilidad interdepartamental e implantando la cultura de la simplificación administrativa, de la evaluación y exigencia del rendimiento profesional, y de la definición de objetivos estratégicos en desarrollo de la actividad administrativa.

Por tanto, se ha dado el salto desde la actividad de mera administración de personal tradicionalmente desarrollada por las entidades locales, al desarrollo efectivo de una actividad permanente y sostenida de planificación y gestión estratégica de recursos humanos, lo cual ha derivado en el necesario redimensionamiento del tradicional servicio en un área funcional con autonomía propia y diferenciada dentro de la organización municipal.

Tal y como se indicaba en los documentos organizativos referidos en la primera página, la nueva Área de Recursos Humanos y Formación demanda la racionalización de estructuras y la determinación de secciones de necesaria creación; dado que el objetivo último de la reconfiguración organizativa y funcional propuesta por la Concejalía-delegada de Área resulta ser es el de la mejora en la gestión del personal, la consecución de la mayor seguridad jurídica, y la coordinación, dirección y control de la actividad administrativa susceptible de afectar a los empleados públicos al servicio de la Administración Municipal de Vigo, la nueva jefatura/dirección de Área deberá estar directamente implicada en la actividad administrativa diaria del ámbito funcional a su cargo, el cual se articularía en las siguientes secciones:

- Sección de Selección, Provisión y Gestión.*
- Sección de Calidad, Evaluación y Formación.*
- Sección de Gestión Económica y Presupuestaria.*
- Sección de Seguridad Social, Relaciones Laborales y Prevención.*
- Sección de Inspección y Control.*

El desglose del objeto, cometidos y efectivos asignados a cada una de ellas se desarrolla en el modo seguidamente indicado:

-Sección de Selección, Provisión y Gestión:

Su finalidad es la de centralización, bajo la dirección inmediata de la nueva jefatura, de la actividad de planificación y gestión de recursos humanos a nivel administrativo, técnico y de gestión, concretada en:

- Planificación, racionalización y ordenación de plantillas.*
- Gestión de ofertas de empleo público y procesos selectivos.*
- Gestión de sistemas de provisión de puestos de trabajo, reasignación y readscripción de efectivos.*
- Gestión de las incidencias relativas al personal funcionario interino y laboral temporal, así como de las listas de reserva.*
- Gestión de los sistemas de carrera profesional, en coordinación con la sección de Calidad, Evaluación y Formación.*
- Gestión de situaciones administrativas,*
- Aspectos adicionales relacionados con la gestión de los efectivos municipales.*
- Desarrollo de dinámicas de brainstorming y mejora interna con la jefatura del Área y las diferentes secciones del Área.*

En el mismo prestarían servicios los efectivos siguientes:

-1 técnico de administración general licenciado en Derecho, preferentemente con formación específica y experiencia contrastada y positiva en la gestión de recursos humanos, así como con conocimiento jurídico especializado en selección y procesos selectivos.

En su defecto, sería necesario contar con un técnico/a de Administración General de nuevo ingreso o reasignación, al que se pueda proporcionar la necesaria especialización y capacitación en el ámbito material de recursos humanos, siempre complejo y en constante cambio.

-1 técnico de planificación y organización, a fin de desarrollar sus funciones en dicha sección.

-Sección de Calidad, Evaluación y Formación:

Su finalidad es la de estudio, informe y gestión técnica y administrativa especializada, bajo la dirección inmediata y en coordinación con la nueva jefatura, de los siguientes aspectos:

- Sistemas de calidad en la gestión de recursos humanos desde una óptica transversal.*
- Sistemas de evaluación del rendimiento y de carrera profesional.*
- Sistemas de análisis, valoración y racionalización de puestos de trabajo y gestión de los mecanismos y herramientas de ordenación profesional.*
- Gestión técnica y administrativa de la Estrategia de Formación para el período 2015-2019 y de la formación del personal municipal.*
- Análisis y estudios en materia retributiva y demás incidencias del personal municipal.*
- Aspectos adicionales relacionados con la gestión de los efectivos municipales.*
- Desarrollo de dinámicas de brainstorming y mejora interna con la jefatura del Área y las diferentes secciones del Área.*

-1 técnico superior de Administración Especial existente en el Área de Recursos Humanos, con amplia experiencia en evaluación y formación.

-Sección de Gestión Económica y Presupuestaria:

Su finalidad es la de centralización, bajo la dirección inmediata y en coordinación con la nueva jefatura, de la planificación económica, la gestión y el control del Capítulo I de gastos de los presupuestos municipales, en coordinación con la Intervención General Municipal, junto con aspectos adicionales relacionados con la gestión de los efectivos municipales y el desarrollo de dinámicas de brainstorming y mejora interna con la jefatura del Área y las diferentes secciones del Área.

Con esta finalidad, sería necesario 1 Técnico/a medio en Servicios Económicos, preferiblemente con experiencia.

-Sección de Seguridad Social, Relaciones Laborales y Prevención:

Su finalidad es la de centralización, bajo la dirección inmediata y en coordinación con la nueva jefatura, de los ámbitos materiales de Seguridad Social, Relaciones Laborales

y Prevención de Riesgos, a administrativo, técnico y de gestión, concretada en:

- Gestión administrativa de las incidencias de Seguridad Social.
- Gestión administrativa del Servicio Propio de Prevención de Riesgos Laborales.
- Gestión administrativa de las incidencias relativas a la representación sindical de los empleados públicos, control de horas sindicales y derecho de reunión.
- Gestión administrativa de las incidencias que se susciten con la autoridad laboral y de las reclamaciones previas a la vía laboral.
- Gestión administrativa de las incidencias que se reciban del Servicio de Desarrollo Local y Empleo.
- Aspectos adicionales relacionados con la gestión de los efectivos municipales.
- Desarrollo de dinámicas de brainstorming y mejora interna con la jefatura del Área y las diferentes secciones del Área.

En la misma sería necesario contar con 1 técnico medio de relaciones laborales, dada la necesidad de estructura técnica especializada en la futura Área, y dado que la evolución de la actividad desarrollada en el negociado indicado durante los últimos años ha sido eminentemente técnica, de apoyo a la jefatura del servicio, más que puramente administrativa, obviamente sin perjuicio de las funciones inherentes al personal administrativo y auxiliar.

El personal del Servicio Propio de Prevención de Riesgos Laborales (2 técnicos medios en PRL) se ubicaría organizativamente en dicha sección, de la que sería responsable el técnico/a de relaciones laborales, sin perjuicio de lo cual debería valorarse, en el próximo ejercicio, la disposición de 1 técnico en PRL adicional, dado el número de efectivos en que finalmente se fijará la plantilla, una vez extinguida la XMU, sin perjuicio del reajuste retributivo de los puestos de trabajo de nivel técnico medio, a fin de equiparlos, por el grado de especialización técnica requerido y de responsabilidad inherente al mismo, a similares puestos a los existentes en la organización.

-Sección de Inspección y Control:

Su finalidad es la de centralización, bajo la dirección inmediata y en coordinación con la nueva jefatura, de la actividad administrativa de ejercicio de la potestad disciplinaria, de inspección y control, junto con la gestión administrativa de las previsiones contempladas por la Ley 19/2013, de 19 de diciembre, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno, concretada en:

- Gestión administrativa de las incidencias de asistencia al puesto de trabajo del personal municipal.
- Control de presencia horaria.
- Gestión administrativa de permisos, vacaciones y licencias.
- Instrucciones, gestión y tramitación de expedientes disciplinarios y diligencias informativas.
- Gestión centralizada de las previsiones contempladas por la Ley 19/2013, de 19 de diciembre, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno, en el ámbito de recursos humanos.
- Aspectos adicionales relacionados con la gestión de los efectivos municipales.
- Desarrollo de dinámicas de brainstorming y mejora interna con la jefatura del Área y las diferentes secciones del Área.

A tal efecto, sería necesario un técnico medio de gestión, subgrupo A2, encargado de dichos cometidos, de apoyo a la jefatura de Área.

El personal administrativo y auxiliar existente (total de 4 personas) trabajará con todas las secciones y con la jefatura del Área, al tratarse de puestos de trabajo no singularizados, siendo necesaria la disposición de 3 efectivos adicionales con carácter permanente. En este caso, debería valorarse la necesidad de efectuar un análisis y valoración de dichos puestos, dada la efectiva responsabilidad en la tramitación asumida y el carácter de la información que se maneja en el actual Servicio de Recursos Humanos.

La estructura organizativa propuesta da respuesta tanto a las directrices estratégicas proporcionadas por la Concejalía-delegada del Área, así como a las necesidades reales en la prestación del servicio, detectadas tras la experiencia y observación diarios a lo largo de más de 10 años por la funcionaria que suscribe, adscrita a la extinta jefatura del Servicio de Recursos Humanos (14/02/2006-04/03/2016)

Se señala especialmente que el objetivo de consecución de la máxima seguridad jurídica en el ámbito de recursos humanos se encuentra directamente vinculado a la capacidad de dirección que se otorgue a la Jefatura de la futura Área y a la posibilidad de contar con personal suficiente al efecto, en los términos y condiciones expuestas en las memorias organizativas citadas en la página 1, resultando inviable la asunción de responsabilidades de dirección plena y con resultados positivos en caso de no contar con dichos elementos, condiciones y equipos de trabajo.”

Derivada do dito análise de necesidades, en Decreto de data 16/03/2016 foi ordenada a reasignación voluntaria da funcionaria D^a Carla Candia Paz, Técnica de Administración Xeral (rama xurídica) da Xerencia Municipal de Urbanismo, ao abeiro do disposto no artigo 100 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, sobre traslado voluntario dentro de entidades públicas e organismos instrumentais, e sen prexuízo da transferencia de persoal ou da reasignación definitiva en caso de extinción do organismo autónomo municipal Xerencia Municipal de Urbanismo.

A transferencia proposta ten por finalidade última regularizar a situación de provisionalidade da reasignación temporal efectuada, de xeito tal que se comence a dotar á Área de Recursos Humanos e formación do necesario persoal técnico, imprescindible no actual contexto.

A este respecto, en informe técnico de data 24/05/2016 se sinala que:

“A creación dunha praza de Técnico/a de Administración Xeral no Cadro de Persoal Municipal do Concello suporía un incremento na partida 160.00.00 Seguridade Social de 11,297,78€ e, no programa orzamentario 920.1 dun total de 46.825,94€ coa seguinte distribución:

*120.00.00 Soldos Funcionarios Grupo A1 14.824,08€
120.06.00 Antigüidade Funcionarios.- 2.290,36€
121.00.00 Complemento Destino Funcionarios Grupo A1.- 11.770,22€
121.01.00 Complemento Específico Funcionarios Grupo A1.- 17.941,28€*

Ditos incrementos financiaríanse coa minoración dos créditos do Orzamentos do OA Municipal XMU e a súas correspondentes transferencias de crédito ao Capítulo IV do orzamento municipal.”

III.- TRÁMITES DE PRECEPTIVO CUMPRIMENTO

Segundo se establece nos artigos 168 e 169 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, as modificacións orzamentarias seguirán os mesmos trámites que os establecidos para a aprobación dos orzamentos; así, a lei indica (artigo 169) que:

“1. Aprobado inicialmente el presupuesto general, se expondrá al público, previo anuncio en el boletín oficial de la provincia o, en su caso, de la comunidad autónoma uniprovincial, por 15 días, durante los cuales los interesados podrán examinarlos y presentar reclamaciones ante el Pleno. El presupuesto se considerará definitivamente aprobado si durante el citado plazo no se hubiesen presentado reclamaciones; en caso contrario, el Pleno dispondrá de un plazo de un mes para resolverlas.

2. La aprobación definitiva del presupuesto general por el Pleno de la corporación habrá de realizarse antes del día 31 de diciembre del año anterior al del ejercicio en que deba aplicarse.

3. El presupuesto general, definitivamente aprobado, será insertado en el boletín oficial de la corporación, si lo tuviera, y, resumido por capítulos de cada uno de los presupuestos que lo integran, en el de la provincia o, en su caso, de la comunidad autónoma uniprovincial.

4. Del presupuesto general definitivamente aprobado se remitirá copia a la Administración del Estado y a la correspondiente comunidad autónoma. La remisión se realizará simultáneamente al envío al boletín oficial a que se refiere el apartado anterior.

5. El presupuesto entrará en vigor, en el ejercicio correspondiente, una vez publicado en la forma prevista en el apartado 3 de este artículo.

6. Si al iniciarse el ejercicio económico no hubiese entrado en vigor el presupuesto correspondiente, se considerará automáticamente prorrogado el del anterior, con sus créditos iniciales, sin perjuicio de las modificaciones que se realicen conforme a lo dispuesto en los artículos 177, 178 y 179 de esta ley y hasta la entrada en vigor del nuevo presupuesto. La prórroga no afectará a los créditos para servicios o programas que deban concluir en el ejercicio anterior o que estén financiados con crédito u otros ingresos específicos o afectados.

7. La copia del presupuesto y de sus modificaciones deberá hallarse a disposición del público, a efectos informativos, desde su aprobación definitiva hasta la finalización del ejercicio.”

Debe someterse tamén á preceptiva fiscalización previa de gasto segundo o establecido no RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, da Lei de Facendas Locais (arts.

213 a 223)e ao dictame previo das comisións informativas que proceda.

IV.- EFECTOS DOS ACTOS ADMINISTRATIVOS

O artigo 57.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXAP-PAC) contempla os efectos dos actos administrativos, indicando a regra xeral que os mesmos terán eficacia dende a data en que se dicten, salvo as excepcións previstas legalmente.

Dado que a modificación proposta terá que contar cun trámite de información pública por un prazo de 15 días, non poderá surtir efectos ata o día no cal remate o prazo indicado, no cal desplegará todos os seus efectos.

V.- RÉXIME COMPETENCIAL

O órgano competente para a aprobación dos orzamentos municipais e das súas modificacións é o Pleno da Corporación, segundo o artigo 123.1, h) da Lei 7/1985, do 2 de abril.

Por tanto, previo o preceptivo informe de fiscalización previa da Intervención Xeral Municipal, e coa conformidade da Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal, que ostenta as competencias en materia de persoal por delegación efectuada en Decreto da Excm. Alcaldía de data 19/06/2015, así como aquelas que en materia de xestión de persoal ostenta por delegación da Xunta de Goberno Local segundo acordo de mesma data, sométese á consideración do Pleno da Corporación, previo ditame das comisións informativas oportunas, a seguinte...”

Deseguido a funcionaria informante emite a proposta que figura na parte dispositiva deste acordo.

Con data 11 de xullo de 2016, o Interventor Xeral municipal emite o seguinte informe de fiscalización,

“Remitida á Intervención Xeral expediente relativo ao asunto referenciado ao obxecto da emisión do preceptivo informe de fiscalización de conformidade co previsto no artigo 214 R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, con carácter previo á adopción do correspondente acordo, o funcionario que subscribe ten a ben emitir o seguinte

Informe de fiscalización:

Lexislación aplicable.

- Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas locais, aprobado polo Real

Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (TRLRFL).

- Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo I do título VI da Lei de Facendas Locais.
- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP).
- Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se aproba o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración Local.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Carácter do informe de intervención.

Dado que do expediente examinado derívanse actos de contido económico con efectos orzamentarios, a fiscalización crítica ou previa do expediente pola intervención xeral municipal é preceptiva e non vinculante conforme ao disposto nos artigos 214 do TRLRFL e 133 e 136 da LRBRL.

Proposta de acordo sometida a fiscalización.

Pola xefatura da área de Recursos Humanos e Formación propónse, resumidamente, autoriza-la modificación do persoal de cadro do Concello de Vigo, aprobado por acordo plenario de data 09/12/2015 (BOP nº 239, do venres 11.12. 2015) concretada nos aspectos seguintes:

- Modificación de 1 praza vacante de asesor/a Alcaldía, encadrado no persoal eventual, a fin de que sexa denominada “adxunto/a Director de Gabinete Alcaldía”, cuxas retribucións asociadas deberán incrementarse en 11.327 euros anuais.
- Transferencia de 1 praza de técnico de administración xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo ao Concello de Vigo, ocupada pola funcionaria D^a Carla Candia Paz, previa a conformidade da mesma, destinada á Área de Recursos Humanos e Formación, aos efectos de contribuir a paliar as necesidades de persoal técnico superior existentes na mesma, e onde se atopa prestando servizos actualmente.

Propónse asimesmo aprobar as modificacións orzamentarias correspondentes.

Fundamentos xurídicos.

I.- O artigo 4.1 a) da LRBRL atribúe aos municipios, entre outras, a potestade de autoorganización, en virtude da que éstos teñen a facultade de organizar os servizos na forma que estimen máis conveniente para dar resposta ás necesidades que poidan xurdir na labor de organizar de maneira eficiente os seus efectivos públicos, do que pódese deducir que é cada Administración o único ente que pode e debe valorar as concretas necesidades da súa organización administrativa e definir as características dos postos de traballo que forman parte da súa estrutura administrativa.

II.- O apartado 1º do artigo 90 da LRBRL establece que: *“Corresponde a cada Corporación local aprobar anualmente, a través do Orzamento, o cadro de persoal orzamentario, que deberá comprender todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual. Os cadros de persoal deberán responder os principios de racionalidade, economía e eficiencia e establecerse de acordo coa*

ordenación xeral da economía, sen que os gastos de persoal poidan pasar os límites que se fixen con carácter xeral”.

No que atinxe ás relacións de postos de traballo (RPTs), o apartado 2º do citado precepto dispón: *“As Corporacións locais formarán a relación de todos os postos de traballo existentes na súa organización, nos termos previstos na lexislación básica sobre función pública.(...)”*

III.- Esta prevención legislativa debe ser posta en relación co disposto no artigo 126 do TRRL:

“1. Os cadros de persoal orzamentario, que deberán comprender todos os postos de traballo debidamente clasificados reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual, aprobaranse anualmente con ocasión da aprobación do Orzamento e haberán de responder os principios enunciados no artigo 90.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril. A elas uniranse os antecedentes, estudos e documentos acreditativos de que se axustan aos mencionados principios.

2. Os cadros de persoal orzamentario poderán ser ampliados nos seguintes supostos:

a) Cando o incremento do gasto quede compensado mediante a redución doutras unidades ou capítulos de gastos correntes non ampliables.

b) Sempre que o incremento das dotacións sexa consecuencia do establecemento ou ampliación de servizos de carácter obrigatorio que resulten impostos por disposicións legais.

O establecido neste apartado será sen prexuízo das limitacións específicas contidas en leis especiais ou conxunturais.

3. A modificación dos cadros de persoal orzamentario durante a vixencia do Orzamento requirirá o cumprimento dos trámites establecidos para a modificación daquel.”

IV.- Neste sentido, o TREBEP establece no seu art. 72 que: *“No marco das súas competencias de autoorganización, as Administracións Públicas estruturan os seus recursos humanos de acordo coas normas que regulan a selección, a promoción profesional, a mobilidade e a distribución de funcións e conforme ao previsto neste Capítulo.”*, e o art 74 do mesmo texto legal, establece que: *“As Administracións Públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos de traballo ou outros instrumentos organizativos similares que comprenderán, polo menos, a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional, os corpos ou escalas, no seu caso, a que estean adscritos, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias. Devanditos instrumentos serán públicos.”*

Conclusións:

1. Xerais.

a) O Concello de Vigo, como calquera outra Administración Pública, pode crear e amortizar postos de traballo a través da modificación da relación de postos de traballo e do cadro de persoal orzamentario. É un acto propio da Administración, que esta efectúa no exercicio da súa potestade de autoorganización (artigo 4.1 a) das LRBRL).

b) Os cadros de persoal orzamentario configúranse como un instrumento de carácter financeiro ou orzamentario de ordenación do gasto que constitúe unha

enumeración de todos os postos ou prazas que están dotados presupuestariamente.

c) O procedemento para modificar o cadro de persoal orzamentario requirirá os mesmos trámites que a aprobación do orzamento, é dicir previo informe de intervención, a modificación do persoal aprobarase inicialmente polo pleno, someterase a información pública por un prazo de quince días mediante anuncio no BOP, e entenderase definitivamente aprobada se durante o devandito prazo non se presentan alegacións. E se se presentan, o Pleno deberá resolvelas no prazo dun mes, E, finalmente, o Pleno, unha vez informadas as reclamacións, aprobará definitivamente a modificación do cadro de persoal orzamentario. O acordo de aprobación definitiva deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia e comunicarse á Administración do Estado e á Administración autonómica. Simultaneamente, deben dotarse os créditos orzamentarios oportunos para asumir os custos das modificacións.

2. Específicas da modificación da praza vacante de asesor/a Alcaldía.

a) Xa que a proposta de acordo refírese á modificación da denominación e retribucións dunha praza vacante de persoal eventual xa existente, e non á creación dunha nova praza, respéctanse os límites establecidos polo artigo 104 bis.f) da LRBRL, referidos ó número máximo de postos destas características, dado que non superan o número de concelleiros da corporación municipal, segundo unha graduación establecida no citado precepto legal, en función do número de habitantes do termo municipal en cuestión (tramo de 75.000 a 500.000 habitantes).

b) Lembrar que a cobertura e cese das prazas reservadas ao persoal eventual é libre, correspondendo en todo caso ao Alcalde-Presidente da entidade local, cesamento que en todo caso, producirase cando expire o mandato da autoridade á que presten a súa función de confianza ou asesoramento, e que o persoal eventual deberá asignarse con carácter xeral ós servizos centrais das entidades locais, e só con carácter excepcional, poderán asignarse a outros servizos ou departamentos da estrutura propia da corporación municipal, e sempre que así o reflecta o seu regulamento orgánico.

c) No tocante ó ámbito da xestión orzamentaria, e tal e como consta nos informes obrantes no expediente, para facer fronte ao maior gasto xerado no presente exercicio polo incremento das retribucións complementarias asociadas ao posto por un importe de 11.327,00 euros, existe crédito axeitado e suficiente na aplicación 9120.1100000 do orzamento municipal vixente, xa que a esta data están vacantes dúas prazas de Asesor e unha de auxiliar, reservadas a persoal eventual. Non obstante, esta situación ten que regularizarse no vindeiro exercicio, xa que todas as prazas deben de estar dotadas orzamentariamente na súa totalidade.

3. Específicas da transferencia de 1 praza de técnico de administración xeral da XMU ao Concello de Vigo.

Xa que a creación dunha praza de TAX no cadro de persoal orzamentario do Concello supón un maior gasto para o Concello de Vigo por un importe de 58.123,72 euros, que se propón financiar con cargo aos créditos xerados nas oportunas aplicacións orzamentarias derivados da transferencia polo citado importe realizada dende a XMU como consecuencia da amortización dunha praza de TAX existente no cadro de persoal orzamentario do citado organismo autónomo local, simultaneamente deberá

tramitarse na XMU a oportuna modificación do seu cadro de persoal orzamentario con arranxo ao procedemento legalmente previsto e, posteriormente, tramitar as oportunas modificacións orzamentarias nos termos previstos no informe de data 4/07/2016 elaborado pola Dirección Superior Contable e Orzamentación que obra no expediente, e a cuxo texto me remito. En particular, habrá que incorporar ao expediente un informe dos servizos centrais da XMU no que se faga constar a existencia de crédito dispoñible por importe de 58.123,72 euros no vixente orzamento da XMU para financiar a transferencia polo citado importe ao Concello de Vigo, así como a innecesariedade da praza a amortizar.

Tendo en conta canto antecede, entende o funcionario que subscribe que pode continuarse coa tramitación do expediente 27972-220, relativo á proposta de modificación do cadro de persoal do orzamento do Concello de Vigo, que se eleva o Pleno da corporación para a súa eventual aprobación inicial, nos termos establecidos no corpo do presente informe, lembrando, en calquera caso, a necesidade de respectar os trámites e o procedemento establecido para a aprobación do orzamento nos artigos 168 e seguintes do TRLRFL para a efectividade do acordo adoptado.”

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade e Mobilidade, na súa sesión do 18 de xullo de 2016, ditaminou favorablemente a citada proposta.

DEBATE:

SR. PARDO ESPIÑEIRA: O cadro de persoal orzamentario ou “plantilla municipal”, constitúe a relación de efectivos ao servizo dunha concreta entidade local, dotados presupostariamente nos orzamentos municipais e ordenados conforme a estruturación en corpos, escalas, subescalas, clases e categorías, contemplados na lexislación básica sobre réxime local. O artigo 89 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local contempla que o persoal ao servizo das entidades locais estará integrado por funcionarios de carreira, contratados en réxime de dereito laboral e persoal eventual que desempeña postos de confianza ou asesoramento especial, persoal que segundo o preceptuado no artigo 90.1 da mesma norma, deberá ser consignado no cadro municipal. Corresponde a cada corporación local aprobar anualmente a través do seu orzamento o cadro, que deberá comprender tódolos postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e persoal eventual.

Os cadros de persoal deben responder aos principios de racionalidade, economía, sen que os gastos de persoal podan pasar os límites que se fixen con carácter xeral. A este respecto lémbrese que nos municipios sometido ao réxime xurídico

organizativo de gran poboación como é o caso de Vigo, existe un reparto competencial entre o Pleno e a Xunta de Goberno Local en materia de planificación e xestión de persoal. O apartado 123.1 da Lei de Bases invocada atribúe ao Pleno a competencia para aprobación dos orzamentos do cadro de persoal así como a autorización de gastos nas materias de súa competencia, mentres que a Relación de Postos de Traballo e as súas modificacións residéncianse na Xunta de Goberno Local.

A planificación de recursos humanos nas administracións públicas terá como obxectivo, tal e como se sinala no artigo 69, do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007 do EBEP, contribuír á consecución da eficacia na prestación dos servizos e da eficiencia na autorización dos recursos económicos dispoñibles mediante a dimensión adecuada dos seus obxectivos, a súa mellor distribución, formación, promoción profesional, e mobilidade.

A mesmo precepto indica que as administracións públicas poderán aprobar plans para a ordenación dos seus recursos humanos, que inclúen a análise das dispoñibilidade e necesidades do persoal e previsión sobre o sistema de organización do traballo e modificación de estruturas de postos de traballo.

Cada administración pública planificará os seus recursos humanos de acordo cos sistemas que establezan as normas que lles sexan de aplicación.

É persoal eventual o que en virtude dun nomeamento e con carácter non permanente só realiza funcións expresamente cualificadas como de confianza e de asesoramento especial, sendo retribuído con cargo aos créditos orzamentarios consignados para este fin e que nada teñen que ver, como vostedes deberían saber pero parece que se descoñece, con créditos reservados para funcionarios.

SR. PÉREZ CORREA: Eu agradezo a teórica que está ben que se nos conte como vai a lei ou como van ser as atribucións da Xunta de Goberno, cales son as atribucións do Pleno, pero aquí hai nomes e apelidos, hai cuestións que deberían ter explicación, é unha modificación do persoal orzamentario dentro das atribucións que ten este goberno pois seguramente está como di a lei na súa modificación pero tamén a presentación de Plans que teñan que ver con cuestións que teñen que ver con que nós, e creo que o conxunto das organizacións sindicais

descoñecen a RPT actualizada, a última que teñen vostedes colgada no Concello ou as que temos acceso polo menos este grupo municipal, é bastante vella, se existe unha RPT do ano 2015, xa non dicimos do exercicio vigor, agradeceríamos que se nos facilitara para poder ter información. Aquí hai varias cuestións enriba da mesa, dende traslados de persoal orzamentario dun organismo autónomo aquí que logo veremos, dende unha modificación, neste caso cunha categoría con cargo a un crédito de persoal vacante dentro do que é a Alcaldía, ata unha proposta dun funcionario habilitado de administración neste caso xeral, hai varias cousas que terían que ter a súa explicación pormenorizada, primeiro, porque nós seguimos estando en contra e creo que é o sentir tamén dunha parte importante das organizacións e as seccións sindicais deste Concello en que sistematicamente se empregue os créditos de persoal vacantes, de prazas que non se quitan para eses xogos de naipes que se fan moitas veces coas prazas de persoal orzamentario, nalgún momento eses máis de sete millóns de euros que sistematicamente se consignan a crédito teremos que ver o que facemos con esas prazas, tódalas prazas, incluso as que foron anuladas por sentenza xudicial, os recursos que hai enriba da mesa, terá que haber unha política de planificación que é o que aparece na lexislación, non as modificacións puntuais que podemos facer, converter un asesor nun adxunto, converter unha praza noutra con eses créditos de prazas que non se utilizan que o propio informe di que no caso de que esas tres prazas se quiten adiante, esa persoa quedará sen crédito precisamente no ano 2017, nós pensamos que iso require certa planificación que non vemos, pensamos que si que hai cousas obviamente e votamos a favor no que é o traslado de persoal da Xerencia de Urbanismo á este Concello con esta diminución que hai na transferencia que o Concello fai ó organismo autónomo pero aquí hai unha serie de cuestións que se poñen enriba da mesa e que son separadamente non son as mesmas casuísticas e polo tanto, gustaríanos que o concelleiro tivera explicando a que responde cada casuística, certo que está no informe pero tamén o informe fai algunha recomendación de repeticións incluso de fórmulas de consignar o crédito para esas prazas que se queren crear.

Nós, e para rematar, gustaríanos que isto tivera unha explicación pormenorizada da cada caso, non é o mesmo o técnico da administración xeral, non é mesmo a praza vacante que se vaia facer como adxunto á gabinete de Alcaldía, é certo que

quedan tres prazas dentro do gabinete da Alcaldía sen executar, pero claro queda un gabinete de 16 persoas que nos parece absolutamente desproporcionado con respecto aos gabinetes que poden existir en cidades de Galicia que están moi por debaixo dese número, e nós o que pensamos é que máis alá do marco legal, que non poñemos en dúbida que a lei permita a modificación, pois gustaríanos que se nos facilite a RPT actualizada e que se no explique pormenorizadamente cada caso e a que responde, si é certo que hai un informe sobre a viabilidade xurídica dos créditos non así como é a cuestión pormenorizada de cada caso concreto que se nos pon, e dicimos máis de 200 prazas vacantes da RPT, pono o propio informe, sete millóns de euros de crédito que sistematicamente se empregan para utilizar este tipo de cambio, non o dicimos nós, dino os sindicatos desta casa que nós tamén falamos con eles.

Polo tanto, o que pedimos é que nalgún se faga unha planificación minimamente coherente das modificacións que se queiran facer do persoal sometido ao orzamento neste Concello.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A verdade Sr. Pardo, está moi ben que vostede nos lea a lei pero o que ten que facer vostede no Pleno é explicar por que se propón esas modificacións do cadro de persoal, neste caso entendo as que veñen a Pleno que son a modificación da praza de persoal da Xerencia de Urbanismo que se traslada ao Concello e a creación deste posto de adxunto ao xefe de gabinete da Alcaldía, iso é o que esperábamos, que nos explicara as razóns polas cales se fan esas modificacións, que necesidades hai novas que esixen esa creación de prazas, e sobre todo, a que exactamente se van adicar esas prazas, fundamentalmente a que parece menos clara que é a creación desta praza que fan vostedes agora de adxunto ao xefe de gabinete, sinceramente a nós nos preocupa ese suma e segue que están tendo vostedes á hora de incrementar os seus asesores para o goberno municipal porque é que xa imos por 14, agora dirame non son 14, son só 12, xa nos parece unha barbaridade, ata o propio interventor lles di que como creen esa nova praza de adxunto ao xefe de gabinete do Sr. Alcalde, vanse quedar sen crédito para as outras dúas prazas que teñen tamén no seu cadro de persoal, no seu cadro de asesores, e nos parece un número moi elevado e que non se nos explicou exactamente porque dende que tivemos o Pleno de constitución, dende

que se aprobaron hai un ano as constituicións dos grupos e dos asesores, vostedes non fixeron máis que incrementarse así mesmos o número de asesores, e xa digo, imos por 14, e ese número de asesores, e está nas actas dos Plenos, estamos moi por enriba doutros concellos que teñen a mesma poboación, sáquense os datos dos portais de transparencia doutros concellos, porque así outros concellos publican no seu portal de transparencia os seus asesores, e temos máis asesores que Valladolid, que Córdoba, que Alacante, que Xixón, en definitiva temos máis asesores de tódolos concellos que están no noso mesmo rango de poboación, e a min gustaríame saber exactamente que é o que fan, porque son tan necesarios porque ao mellor sonos, pero exactamente que é o que fan e sobre todo por que agora hai que crear unha nova praza.

Nós o que pensamos é que isto reflicte o que a vostedes lles importa na política municipal é e a propaganda, a publicidade, a iso é ao que vostedes se adican e polo tanto necesitan para iso asesores, o problema é que isto non se acompaña dunha política realmente de persoal no ámbito do Concello de Vigo, porque neste Concello hai oposicións que se anulan por caducidade, porque pasa o prazo e non son vostedes de quitar a oferta pública de emprego a diante.

Neste Concello o que pasa é que hai un déficit de traballadores sociais extraordinario, estamos en número de traballadores sociais moi lonxe doutros concellos de Galicia, por exemplo, ese ao que vostedes lles gusta tanto compararse, o concello de A Coruña, que ten o dobre de traballadoras sociais que o Concello de Vigo, e as traballadoras sociais non dan abasto, non poden máis, están a traballar por enriba das súas posibilidades e necesitan un reforzo, e vostedes non se adican a darlles máis persoal, máis servizo, non, vostedes están adicados a outras cousas que lles importa bastante máis que funcione a política que ten que facer o Concello e por iso non están apoiando e dotando adecuadamente ás traballadoras sociais, neste Concello tárdanse seis meses en facer un informe para a renda de integración social, seis meses teñen vostedes esperando á xente para trasladar ese expediente á Xunta de Galicia.

Polo tanto, gustaríanos que nos explicara esa creación desa praza, porque este suma e segue no número de asesores que ten o Concello e nos gustaría que nos explicara tamén como concelleiro de persoal que teñen pensado facer para dotar do persoal que necesitan algunhas áreas deste Concello, especialmente a Área de

Servizos Sociais.

SR. PARDO ESPIÑEIRA: Mire Sra. Muñoz vou comezar polo final, si que fan falla asesores no Concello de Vigo, sabe por que? Porque hai un goberno que a cidade deulle a maioría absoluta e os asesores traballan, sabe que pasa? Non se tarda seis meses, o que pasa que os 150 asesores que ten a Xunta de Galicia e cando vostede era conselleira eran necesarios sabe para que? Para quitar un informe en dous días e levar un hospital, subir de 400 a 1.400 millóns, iso non se esqueza.

Sr. Pérez Correa, voulle dicir unha cousa, vostede ten liña directa co Comité, seino porque eu antes de concelleiro fun fontaneiro, seino, o problema que ten sabe cal é? Que lle din que non hai problema, todo vai ben, dinllo.

Menten cando falan do número de asesores, hai doce, porque hai un do Valedor, hai os dos grupos, hai doce asesores. Sabe que pasa, foi o acordado no Pleno seguinte ao Pleno Constituínte, no Pleno dábanse 14 para o goberno, usa 12, é o goberno de grandes cidades que menos números usa en proporción, o que menos usa en proporción, si, podería ter 27 nomeados, porque ten 27 concelleiros, é o que nos confire a lei, pero non os ten. Foron acordados no Pleno e temos 12.

Sabe do que me está a falar? Cando gobernaba o Partido Popular, 19 de persoal de confianza, este goberno do Sr. Abel Caballero reduciu en medio millón o gasto de persoal de confianza, medio millón, e saben porque é necesario? Para atender a cidade porque temos un Alcalde que ten unha mala costume que é traballar as 24 horas do día os 365 días, e sempre os asesores traballando con el, e sabe que? O goberno enteiro traballando con el, pero se están a tratar de imitar e non saben.

Sr. Pérez Correa, a RPT, se ten dúbidas pregunte, sen problemas, tódalas modificacións fóronse subindo e engadindo, tódalas modificacións da RPT, por certo, falan de prazas anuladas, lémbrolles que este goberno decidiu, o Alcalde o Sr. Abel Caballero, non recorrer unha sentenza, aceptar para quitar 85 ou 90 prazas este ano, iso é a oferta de emprego, non se quitaron pola taxa de reposición do 10% do seu Presidente, o do recortes, súmense á cidadanía.

VOTACIÓN: Con dezasete votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font,

Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, tres abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e seis votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

“Primeiro.- Autoriza-la modificación do persoal de cadro do Concello de Vigo, aprobado por acordo plenario de data 09/12/2015 (BOP nº 239, do venres 11.12. 2015) concretada nos aspectos seguintes:

-Modificación de 1 praza vacante de asesor/a Alcaldía, encadrado no persoal eventual, a fin de que sexa denominada “adxunto/a Director de Gabinete Alcaldía”, cuxas retribucións asociadas deberán incrementarse en 11.327 euros anuais.

-Transferencia de 1 praza de técnico de administración xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo ao Concello de Vigo, ocupada pola funcionaria D^a Carla Candia Paz, previa a conformidade da mesma, destinada á Área de Recursos Humanos e Formación, aos efectos de contribuir a paliar as necesidades de persoal técnico superior existentes na mesma, e onde se atopa prestando servizos actualmente.”

Segundo.- Aprobar a modificación orzamentaria destinada aos efectos de implementación do acorado no apartado primeiro, concretada en:

-incremento na partida 160.00.00 Seguridade Social de 11,297,78€ e, no programa orzamentario 920.1 dun total de 46.825,94€ coa seguinte distribución:

120.00.00 Soldos Funcionarios Grupo A1 14.824,08€
120.06.00 Antigüidade Funcionarios.- 2.290,36€
121.00.00 Complemento Destino Funcionarios Grupo A1.- 11.770,22€
121.01.00 Complemento Específico Funcionarios Grupo A1.- 17.941,28€

Ditos incrementos deberán financiarse coa minoración dos créditos do Orzamentos do OA Municipal XMU e a súas correspondentes transferencias de crédito ao Capítulo IV do orzamento municipal, nos termos do informe de fiscalización previa emitido pola Intervención Xeral ao presente expediente administrativo.

-incremento na partida 912.0.110.00.00 (persoal eventual Gabinete da Alcaldía) de 11.327 euros anuais, con cargo aos créditos orzamentarios asignados a prazas vacantes no Capítulo I de gastos dos Orzamentos Municipais, nos termos do

informe de fiscalización previa emitido pola Intervención Xeral ao presente expediente administrativo.

Terceiro.- Dispoñer a publicación no BOP do presente acordo, de conformidade cos artigos 168 e 169 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establecendo un período de exposición pública por 15 días, durante os cales os interesados/as poderán examinar o expediente e presentar reclamacións ante o Pleno. A presente modificación considerárase definitivamente aprobada se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno dispondrá dun prazo de un mes para resolvelas.

Cuarto.- Notificar o presente acordo ás áreas e/ou servizos afectados, Xefaturas de Área do Concello de Vigo, Titular da Asesoría Xurídica Municipal, Secretaría Xeral e Intervención Xeral Municipal para coñecemento e efectos.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

3.5(123).- MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO. EXPTE. 9103/407 (REXISTRO PLENO 1403/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 13 de xullo de 2016, o xefe dos Servizos Centrais co conforme do Xerente da Xerencia Municipal de Urbanismo, emite o seguinte informe proposta:

“I.- Antecedentes e motivación da proposta.

Con data 9 de decembro de 2015 aprobouse con carácter definitivo o Orzamento do Concello para o exercicio 2016, incluíndo o do Organismo Autónomo “Xerencia Municipal de Urbanismo”. Dito Orzamento, no seu Anexo de Persoal, incluía o seguinte cadro de persoal:

A) FUNCIONARIOS DE CARRERA:

DENOMINACION DA PRAZA	Nº PRAZAS	ESCALA	SUBESCALA	CLASE
ARQUITECTO	11	ADMON. ESPECIAL	TÉCNICA	SUPERIOR
TÉCNICO DE ADMON. XERAL	14	ADMON. XERAL	TÉCNICA	SUPERIOR
TÉCNICO SUPERIOR SERVIZOS ECONÓMICOS	1	ADMON. ESPECIAL	TÉCNICA	SUPERIOR
TÉCNICO DE SISTEMAS	1	ADMON. ESPECIAL	TÉCNICA	SUPERIOR
ENXEÑEIRO SUPERIOR INDUSTRIAL	1	ADMON. ESPECIAL	TÉCNICA	SUPERIOR
ENXEÑEIRO DA EDIFICACIÓN	2	ADMON. ESPECIAL	TÉCNICA	SUPERIOR
TÉCNICO DE MEDIO AMBIENTE	1	ADMON. ESPECIAL	TÉCNICA	SUPERIOR
ENXEÑEIRO TÉCNICO OO.PP.	1	ADMON. ESPECIAL	TÉCNICA	MEDIA
ARQUITECTO TÉCNICO	1	ADMON. ESPECIAL	TÉCNICA	MEDIA
ENXEÑEIRO TÉCNICO IND.	2	ADMON. ESPECIAL	TÉCNICA	MEDIA
TECNICO MEDIO OBRAS PÚBLICAS	1	ADMON. ESPECIAL	TÉCNICA	MEDIA
TÉCNICO MEDIO SERV.EC.	1	ADMON. ESPECIAL	TÉCNICA	MEDIA
ARQUIVEIRO	1	ADMON. ESPECIAL	TÉCNICA	MEDIA
PROGRAMADOR INFORMÁTICA	2	ADMON. ESPECIAL	TÉCNICA	AUXILIAR (C1)
INSPECTORES DE URBANISMO	6	ADMON. ESPECIAL	TÉCNICA	AUXILIAR (C1)
ADMINISTRATIVO	28	ADMON. XERAL	ADMVO.	
AUXILIAR TRANSFORMAR ADMINISTRATIVOS	4	ADMON. XERAL	AUXILIAR	
OFICIAL DE OFICIOS	1	ADMON. ESPECIAL	COM.ESP.	
ALGUACIL-NOTIFICADOR-ORDENANZA	2	ADMON. XERAL	SUBALTERNO	

TOTAL = 81

Ademais xustifícase en dito anexo os créditos previstos no capítulo I de gastos de persoal, mediante o cálculo do custo orzamentario de todos os postos sustentados por ditas prazas.

Das 82 prazas deste cadro de persoal, se encontran na actualidade vacantes e non ocupadas por interinos 3 de técnico de administración xeral e 1 de inspector de urbanismo. Ditas prazas non puideron ser incluídas nunha oferta de emprego público como consecuencia das restricións das leis anuais de Orzamentos Xerais do Estado (a última a Lei 48/2015, de 30 de outubro).

En marzo deste ano, ó amparo do artigo 100 da Lei 2/2015 de emprego de Galicia, resolveuse a reasignación temporal dunha funcionaria con praza en propiedade de técnica de administración xeral desta Xerencia Municipal de Urbanismo, que pasou a prestar servizo na Área de Recursos Humanos e Formación do ente matriz deste Concello. A proposta deste Área solicítase agora a transferencia definitiva de dita praza deste Organismo Autónomo ó Concello.

Por outra parte, a Administración ten a obriga de fomentar a promoción interna do

seu persoal. O artigo 18.4 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público establece que *“as Administracións Públicas adoptarán medidas que incentiven a participación do seu persoal nos procesos selectivos de promoción interna e para a progresión na carreira profesional”*. Dita promoción interna confígurase, ademais, como un dos dereitos individuais dos funcionarios (artigo 14.c do propio TRLEBEP).

Dadas as limitacións legais existentes no crecemento do capítulo I de gastos de persoal, preténdese a creación de dúas prazas de administrativo a costa de suprimir unha de técnico de administración xeral. Ditas prazas de administrativo serían provistas mediante o sistema de promoción interna, que non se encontra afectado polas limitacións impostas pola Lei de Orzamentos Xerais do Estado (artigo 20.1 da Lei 48/2015).

En consecuencia e polos motivos anteditos a modificación do cadro de persoal sería a seguinte:

Prazas afectadas:	Vixente nº	Proposta nº
Técnico de Administración Xeral	14	12
Administrativos	28	30

Noutro orden de cousas, é necesario rectificar a descrición da praza do Xerente adecuándoa a súa natureza actual, determinada polos vixentes Estatutos do Organismo Autónomo (artigo 11.1 do texto consolidado aprobado polo Pleno o 06.09.2010 e publicado no BOP de 06.10.2010): órgano directivo da administración municipal (previsto na Lei 7/1985, do 2 de abril, nos artigos 127.1.i) e no artigo 130.2).

Denominación actual de praza no cadro de persoal:

“B) PERSOAL EVENTUAL (PERSOAL DE CONFIANZA): XERENTE.”

Denominación corrixida:

“B) ÓRGANO DIRECTIVO: XERENTE.”

Quedando, en suma, o contido do cadro de persoal total da seguinte forma:

A) FUNCIONARIOS DE CARRERA:

DENOMINACION DA PRAZA	Nº PRAZAS	ESCALA	SUBESCALA	CLASE
ARQUITECTO	11	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	SUPERIOR
TÉCNICO DE ADMON.XERAL	12	ADMON.XERAL	TÉCNICA	SUPERIOR
TÉCNICO SUPERIOR SERVIZOS ECONÓMICOS	1	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	SUPERIOR
TÉCNICO DE SISTEMAS	1	ADMON. ESPECIAL	TÉCNICA	SUPERIOR
ENXEÑEIRO SUPERIOR INDUSTRIAL	1	ADMON. ESPECIAL	TÉCNICA	SUPERIOR
ENXEÑEIRO DA EDIFICACIÓN	2	ADMON. ESPECIAL	TÉCNICA	SUPERIOR
TÉCNICO DE MEDIO AMBIENTE	1	ADMON. ESPECIAL	TÉCNICA	SUPERIOR
ENXEÑEIRO TÉCNICO OO.PP.	1	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	MEDIA
ARQUITECTO TÉCNICO	1	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	MEDIA
ENXEÑEIRO TÉCNICO IND.	2	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	MEDIA
TECNICO MEDIO OBRAS PÚBLICAS	1	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	MEDIA
TÉCNICO MEDIO SERV.EC.	1	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	MEDIA
ARQUIVEIRO	1	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	MEDIA
PROGRAMADOR INFORMATICA	2	ADMON. ESPECIAL	TÉCNICA	AUXILIAR (C1)
INSPECTORES DE URBANISMO	6	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	AUXILIAR (C1)
ADMINISTRATIVO	30	ADMON XERAL	ADMVO.	
AUXILIAR TRANSFORMAR ADMINISTRATIVOS	4	ADMON.XERAL	AUXILIAR	
OFICIAL DE OFICIOS	1	ADMON. ESPECIAL	COM.ESP.	
ALGUACIL-NOTIFICADOR-ORDENANZA	2	ADMON. XERAL	SUBALTERNO	

TOTAL = 81

B) ORGANO DIRECTIVO: XERENTE.

TOTAL = 1

TOTAL = 82

II.- Fundamentación xurídica.

Ademais da citada no apartado precedente en relación á promoción interna (artigos 14 e 18 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, que aprobou o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e artigo 20.1 da Lei 48/2015 de Orzamentos Xerais do Estado para 2016), a fundamentación xurídica desta proposta da modificación do cadro de persoal atópase nos artigos seguintes:

- Artigos 4.1.a) e 90.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

- Artigo 126 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, que aprobou o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

- Artigo 72 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, que aprobou o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A potestade de auto-organización deste Organismo Autónomo está prevista no artigo SEGUNDO dos vixentes Estatutos (BOP de 06.10.2010).

III.- Consecuencia da modificación do cadro de persoal no financiamento dos postos da Xerencia Municipal de Urbanismo.

Sen ter en conta a transferencia ó Concello da praza de técnico de administración xeral (que supón unha redución de 58.823,72 euros), a modificación do cadro de persoal que se propón non suporá incremento do capítulo I de gastos de persoal e conlevará a modificación da relación de postos de traballo nos aspectos derivados desta modificación de prazas do cadro e na mellora da organización interna deste Organismo Autónomo cos recursos existentes.

En relación coa redución dos 58.823,72 euros, que pasarán do capítulo 1º de gastos de persoal ó 4º de transferencias correntes, para ser transferidos posteriormente ó Concello, tendo en conta o nivel de execución a metade do exercicio (o 46,28% do total de 3.894.822,35 euros), os aforros polas vacantes existentes e os compromisos de gastos ata final de exercicio, infórmase da dispoñibilidade de crédito adecuado e suficiente polo citado importe.

IV.- Proposta.

Por todo o exposto propónse ó Consello da Xerencia, competente conforme ó artigo 10.1.f) dos vixentes Estatutos deste Organismo Autónomo (publicados no BOP de 06.10.2010) que eleve ó Pleno da Corporación o seguinte acordo...”

Deseguido o funcionario informante emite a proposta que figura na parte dispositiva deste acordo.

Con data 14 de xullo de 2016, o Interventor Xeral municipal emite informe favorable de fiscalización.

Con data 15 de xullo de 2016, o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo ditamina favorablemente dita proposta.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Modificar o cadro de persoal da Xerencia Municipal de Urbanismo, aprobado definitivamente o 9.10.2015, nos seguintes puntos:

Primeiro.- Eliminar dúas prazas de técnico de administración xeral: unha para ser transferida ó Concello de Vigo como ente matriz e outra para posibilitar a creación de dous prazas de administrativo.

Segunda.- Crear dous prazas de administrativo para posibilitar a promoción interna de dous auxiliares administrativos.

Terceira.- Corrixir a descrición da praza do Xerente para explicitar o seu carácter de órgano directivo conforme ós vixentes Estatutos e a normativa actual de réxime local.

4.- PROPOSICIÓNS MENCIONADAS NO ARTIGO 63 DO REGULAMENTO DO PLENO.

Non se realizaron.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

5.- MOCIÓNS:

5.1(124).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA A FACER UN ESTUDO DETALLADO DAS ZONAS, CENTROS E NECESIDADES EDUCATIVAS DE VIGO E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 1406/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de xullo de 2016, número 1406/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suarez, formula a seguinte,

MOCIÓN

“No pleno anterior, unha responsable de FOANPAS en nome de moitas familias da cidade, trasladounos os problemas xerados na adscrición do alumnado de 6º de primaria a secundaria, onde estaban implicados cinco centros de primaria e varios I.E.S.

Dende a Administración Educativa dende fai tres anos estanse a tomar decisións que o único que fan é trasladar o problema dun I.E.S. a outro, o que está creando malestar e preocupación entre o alumnado e as súas familias.

E por isto que propoñemos o Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

Instar á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e por tanto á Xunta de Galicia a:

- Facer un estudo detallado das zonas, centros e necesidades educativas de Vigo.
- Revisar a adscrición dos I.E.S. desta cidade antes do próximo proceso de admisión de alumnado.
- Que esa adscrición sexa somentes por criterios de proximidade xeográfica e garantindo unha educación pública de calidade.”

DEBATE:

SRA. ALONSO SUÁREZ: O tránsito da educación primaria, secundaria é un momento fundamental e importante para a maioría do alumnado, este cambio de etapa educativa implica na educación pública un cambio de centro, moitas veces de grupos de compañeiros/as, a adaptación ás novas normas, novos e numerosos profesores, podendo todos estes factores interferir no proceso de ensinanza, aprendizaxe que aínda que dinámico e evolutivo require unha continuidade, un

progreso coherente e sen rupturas.

Súmanse outros cambios evolutivos que se están producindo no alumnado destas idades e que supoñen o paso da infancia á puberdade e a adolescencia, en certo xeito a transición entre a educación primaria e a secundaria convértese en si mesma nun rito social de paso da infancia á adolescencia co que iso supón. Neste sentido permitir que o alumnado e as súas familias vivan dun xeito adecuado, sen traumas e coas maiores probabilidades de éxito ao paso de primaria a secundaria, debe ser un obxectivo clave do noso sistema educativo, pero como se puxo de manifesto no anterior Pleno gracias á intervención de FOAMPAS, a administración educativa, a o Partido Popular, non lle preocupa esta situación, primeiro mostran pasividade e falla de atención ante as necesidades e a problemática que dende os centros se lles comunica e logo ano tras ano van tomando decisións que o único que fan e trasladar os problemas dun centro a outro.

Na problemática xurdida no proceso de adscrición a un IES da nosa cidade súmanse situacións cada vez máis preocupantes, situacións que denunciou FOAMPAS e que imos lembrar. Primeiro, preténdese que ese IES, o Alexandre Bóveda, cos seus espazos físico totalmente utilizados, cun espazo exterior insuficiente para o seu alumnado e despois de habilitar un aula máis de primeiro da ESO o curso pasado, volve habilitar outro espazo, non se sabe onde nin en que condicións. Todo isto sen producirse ningunha comunicación ás familias dos cinco centros afectados, adscritos a ese IES, o Seis de Nadal, Illas Cíes, Balaídos, Alfonso Rodríguez, Castela de Navia, o Virxen do Rocío, e despois de finalizado o proceso de formalización de reserva en febreiro, a primeira comunicación de problemas nesta adscrición a reciben a través dunhas nais preocupadas, dunhas nais que só se preocupan da calidade da educación pública dos seus fillos, algo que debería garantir o o goberno, pero ao contrario o único que fai é recortar en calidade. Aínda que existen IES na cidade que poderían albergar máis liñas educativas da ESO, iso non se fai porque gardan eses espazos para crear máis liñas de bacharelato para atender ao alumnado que provén do ensino concertado, e esa foi a resposta que recibiron esas nais como elas mesmas o contaron, lémbrolles que a ESO é obrigatoria, o bacharelato non, aínda que é preciso ofrecer á xuventude de Vigo a continuidade dos seus estudos nas mellores condicións posibles.

Pode un servizo de transporte escolar marcar os horarios e a organización dos

centros públicos? Pois parece que co Partido Popular si, a un dos centros adscritos, só a un, ao de Navia, se lle permita presentar directamente outra solicitude fora de prazo noutro IES da cidade, en Valladares, para o curso que ben este colexio será adscrito temporalmente a ese IES a dez quilómetros de distancia, isto simplemente se traduce nunha maior complexidade para a colaboración entre as familias e o profesorado, totalmente necesario, nun desgarramento da mocidade coa súa zona de residencia e o seu barrio, pero ademais na ESO teñen transporte e logo no bacharelato cando non teñan xa dereito a ese transporte escolar, eses rapaces/as que farán? Cambiar de centro outra vez? Buscar a combinación de varios autobuses urbanos co gasto económico e perda de tempo que iso supón? A adscrición debe garantir a continuidade dos obrigatorios do alumnado, primando os criterios de proximidade e garantías de continuidade dos programas educativos iniciados polo alumnado en primaria, isto pasa inescusablemente por unha planificación por parte da administración, tanto da oferta das prazas escolares públicas como da oferta educativa.

SR. PÉREZ CORREA: Nós imos obviamente a apoiar esta moción, coñecido tamén a intervención de FOAMPAS no anterior Pleno, coñecido tamén xuntanzas bilaterais que tivemos con diversos sectores educativos, a situación é extremadamente grave, e a situación responde a un criterio político, e é que alguén aínda neste caso o goberno do Partido Popular aínda non entendeu que a educación non só é obrigatoria senón que é un dos piares da organización do Estado, e non debe haber outro criterio, non debe existir ningún outro criterio nin sequera económico, de recursos que non sexa o da proximidade. Polo tanto, onde haxa u alumno ten haber un centro próximo, nin sequera o nivel de rendabilidade económico, porque se introducimos como se está a introducir polo xefe territorial da Xunta de Galicia o criterio económico, quizais porque el ven do ensino concertado onde ese criterio funciona moitas veces por enriba do criterio de servizo público de investimento de futuro nun país, para nós non pode haber ningún tipo de criterio, e que o argumento que se utilice, ou barrio coa pirámide poboacional máis nova do Estado español que é Navia, calquera persoa que vexa esa pirámide poboacional dos 8.700 veciños/as de Navia, case 2.000 están por debaixo dos 16 anos, é unha pirámide poboacional absolutamente diferenciada, creo que só hai dous ou tres

barrios en cidades como Xixón ou como A Coruña, no Novo Mesoiro, que teñen esa pirámide de poboación. Polo tanto, imos ter 2.000 rapaces en poucos anos que a súa solución para incorporarse ao ensino secundario non pode ser que en Valladares hai sitio libre, a 10 quilómetros desa zona, non pode ser que vaimos poñendo rapaces, abramos liñas educativas dentro dese centro e cando no haxa espacio dentro do centro busquemos alternativas como os consabidos barracóns que nalgún momento, e falo porque teño familiares docentes nestes centros, puxo enriba da mesa as posibilidades de ampliación, xa sei que se di e non porque como non se di por escrito, que se di aos propios docentes que protestan sistematicamente polo que está a pasar nesta zona educativa de Vigo, non pasa absolutamente nada.

Polo tanto, para nós, ningún criterio de rendibilidade de que hai centros baleiros ou con menos densidade de alumnado nesta cidade, porque se non xustificáramos o que acaba de pasar, que cando sacamos os datos da xestión do Partido Popular nos últimos anos, as escolas unitarias foron exterminadas practicamente deste país, que formaban parte dunha alternativa precisamente educativa nos centros máis despoboados de Galicia, e desapareceron moitas liñas educativas en ESO e en primaria. Polo tanto, con datos enriba da mesa porque os colexios son cousas físicas, e cando se pecha a porta e non se volve abrir iso computa, non se pode esconder sobre os datos macroeconómicos que moitas veces se poñen enriba do sistema educativo, polo tanto, para nós a modificación da zonificación en Vigo é absolutamente necesaria, o ensino concertado non ten que ser unha opción complementaria, cumpramos o ratio público, cumpramos cos centros públicos e secundariamente como elección privada das familias que figure o concertado, o que nos defendemos é radicar todos e cada un dos convenios co ensino concertado deste país, empezando especialmente polos centros educativos de carácter relixioso; e fagamos unha zonificación pactada entre todos, e vexamos as posibilidades do transporte, dos recursos, a posibilidade da adscrición de persoal laboral aos centros, vexamos a adscrición precisamente de equipos de soporte educativos que están practicamente desaparecidos e senón non poñamos esas zonas que dende logo son os propios pais e nais os que están poñendo enriba da mesa o seu desfase. Nós pensamos que abrir eses debate é urxente, que non corresponde exclusivamente a este Concello que non tería todas e cada unha das

competencias, pero que ao mellor si se a Xunta de Galicia o que responde é á inanición por parte dese artellamento dunha nova zonificación para Vigo, pois ao mellor teremos que ser o Concello de Vigo ou a comunidade educativa desta cidade, os pais e nais, alumnado, os profesores, as organizacións sindicais do profesorado as que fagamos a proposta e poñamos enriba da mesa e modifiquemos os criterios que dende logo non están a cubrir, non só agora, senón como digo, futuros problemas que imos ter en barrios moi novos como é o barrio de Navia.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Pois un pouco ao fío que xa tiña preparado eu no discurso pero ao fío do que di o Sr. Pérez Correa, no barrio de Navia xa se ten contemplada esa situación e polo tanto xa se ten en marcha unha ampliación tamén do CEIP Castelao, cun investimento de 3,5 millóns de euros, que serán 450 novas prazas e as infraestruturas van ir progresivamente sempre adaptadas a como vai crescendo e a como se vai modificando a realidade demográfica desta cidade porque xa dixemos no Pleno anterior pero podemos tamén explicalo neste Pleno porque vemos que despois do que FOAMPAS trasladou, que quedounos a todos moi claro e podemos explicalo aquí, pois agora presentan vostedes unha moción e vemos tamén o transfondo político que ten o tema porque a verdade é que hai que comprender a realidade educativa de Vigo, dunha cidade das dimensións de Vigo, da situación demográfica de Galicia, das infraestruturas que xa existen en educación e a importancia e o consenso que ten a Consellería de Educación para ter unha educación e un ensino público de calidade, pero tamén hai que dar opción aos colexios concertados que vostede opta por exterminar a educación concertada pero hai moitas familias nesta cidade que optar pola educación concertada.

Neste caso vostedes instan a facer un estudo detallado das zonas, centros e necesidades educativas de Vigo, xa está feito e máis que feito e proposto e con criterio, sensatez e con sentido da realidade para dar neste momento una solución ao problema que existe agora da pirámide poboacional e dos criterios demográficos como dixo tamén o Sr. Pérez, e de zonas desta cidade actuais en Vigo.

Outra das peticións é a de revisar as cesións dos IES da cidade que tamén está

máis que feita e por último que a adscrición sexa só por criterios de proximidade, é curioso que digan que só o criterio de proximidade é o que garante a educación de calidade, porque estaremos todos de acordo que para a educación de calidade é importante pero non é un criterio único que o colexio estea próximo e máis nunha cidade das dimensións que ten Vigo, que son máis de 300.000 habitantes e que ten unha dimensión xeográfica como dimos moitas veces e sabemos todos perfectamente nesta Corporación como é, entón sen restarlle importancia a tal feito eu preguntome porque non traen feito xa unha proposta porque critican e falan do arraigo, eu entendo perfectamente a introdución que fixo vostede Sra. Alonso que entendo perfectamente e comparto, pero que traían unha proposta a ver se é posible coas infraestruturas e dimensións que teñen os centros que temos actualmente facer o que vostedes propoñen porque precisamente e imos ao tema, o cambio de zonificación para o seguinte curso 16-17 farase parcialmente nunha zona concreta de Coia, co fin de distribuír dunha forma equilibrada aos alumnos do Alexandre Bóveda, e fago isto sen trampa e cartón explicando exactamente o que se vai facer porque é unha realidade e hai que ter un consenso e non se poden tampouco deixar as infraestruturas que están en perfecto estado, baleiras.

O Alexandre Bóveda tiña cinco centros de educación primaria que son o Daniel Rodríguez Castelao, o Illas Cíes, o Balaídos, o Virxe do Rocío e o Seis de Nadal, isto fai un total de sete liñas que se chaman en educación, sábeno perfectamente. O Alexandre Bóveda polas súas características non esta preparado agora para asumir tal volume de alumnos xa que é un centro preparado para soportar cinco liñas e non sete en cada nivel educativo, dende ESO ata bacharelato. O que se propón é trasladar algún centros anteriormente citados a outro instituto de educación secundaria próximo á zona educativa e así distribuír aos alumnos de maneira equitativa precisamente para evitar esa saturación. Eu considero que se un centro non está saturado a calidade e igual que a Consellería de Educación e a maioría dos país, a calidade educativa será mellor porque se compren os ratios. Polo tanto, se a proximidade é a menos de dez minutos nun autobús nunha cidade como Vigo, non cremos e non se considera que se mingüe a calidade educativa, polo tanto, sería trasladar o centro CEIP, Daniel Rodríguez Castelao, de liña 1, como centro adscrito a IES de Valladares, xa que ten unhas instalacións moi ben adecuadas para acoller aos alumnos actualmente e ten unha matrícula moi baixa e trasladar

ao CEIP de Balaídos, de liña 2, ao centro de IES de Beade que está próximo tamén á zona educativa.

Polo tanto, o transporte escolar non é o que modifica as zonas senón que axuda e contribúe a que os alumnos teñan pouco tempo de desprazamento entre as súas zonas de residencia e o seu centro educativo, e quedarían cubertas tódalas necesidades de escolarización da ensinanza obrigatoria, é dicir, nesta cidade non podemos ter unha merma na calidade da educación porque os centros estean saturados ao non estar próximos, ademais non é que teñan que facer viaxes en autobús, son menos de dez minutos.

Polo tanto, isto estase a solucionar porque insisto a Conselleira de Educación xa ten investimentos no IES de Teis para aumentar os FP de calidade, xa ten no colexio de Navia, insisto, un investimento feito e unha ampliación xa está proxectada para adaptar a realidade demográfica desta cidade á realidade tamén educativa que foi cambiando nos anos.

SRA. ALONSO SUÁREZ: Sra. Egerrique, que lle quede totalmente claro, a vostede e a todos vostedes, esta moción ten todo o transfundo político que ten que ter, a defensa dun ensino público de calidade, simplemente.

Di vostede que o estudo das zonas xa está feito, a verdade é que o ano pasado tomouse unha decisión de cambiar dun IES a outro, a verdade que ese estudo non debe estar moi ben feito ou alguén equivocouse, este ano hai que volver a tomar outras medidas, hai que estudar un pouco mellor.

Navia, fáleme vostede de que se está a ampliar, e é verdade, benvido sexa, pero lle lembro que esa planificación de Navia a fixeron vostedes a tres anos, cando en realidade se tiveran gañas de resolver o conflito poderíase facer a ampliación do colexio en cinco meses, pois entón cando se toman determinadas decisións tamén hai que responder por iso. Este goberno, este Concello fai as súas propostas para axudar á zonificación escolar, por que? Porque ten un órgano que é o Consello Escolar Municipal onde está representada toda a cidadanía relacionada coa educación e lle lembro que ese órgano ten que ser escoitado polo Xefe Territorial e cando lle mandamos o informe nin caso, pero non lle vou dicir o que lle contestou ás nais, o que lles dixeron con respecto a ese estudo.

Tamén lle quero lembrar unha cousa, vostede dicía que non hai tanto problema en

trasladar algún alumnado do colexio de Navia ao IES de Valadares, é verdade, son 10 quilómetros de diferenza e porque ese alumnado do ensino público pódese trasladar a des quilómetros a outro IES e por exemplo, algún dos outros centros que están a menos de tres veces a súa distancia non se poden trasladar? Eses centros concertados aos que se lles gardan as prazas, por que? É que os do ensino público son distintos, somos menos? Para nada señora.

Falla unha visión global dun mapa escolar para a cidade de Vigo, nun Concello como o noso, este goberno e o Alcalde a súa cabeza demanda un ensino público de calidade, non masificado e que dea resposta ás necesidades do alumnado e das familias respectando así o seu dereito a unha educación de calidade.

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e seis abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 20.07.2016 (Rex. Nº 1406/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

5.2(125).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á ZONA FRANCA DE VIGO A PRIORIZAR A AMPLIACIÓN DO PTL E DO POLÍGONO DE

BALAÍDOS A TRAVÉS DE DIVERSAS VÍAS. REXISTRO PLENO 1407/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de xullo de 2016, número 1407/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Caride Estévez, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O dinamismo económico, social e cultural de Vigo fai imprescindible dispoñer de adecuadas dotacións para dar cobertura ás necesidades dos cidadáns e das empresas que queren desenvolver seus proxectos vitais ou empresariais nesta cidade.

En particular, Vigo presenta unha alta demanda de solo empresarial e comercial debido á importancia crecente dos seus sectores produtivos, a súa posición como capital da Área Metropolitana de Vigo, a súa posición central na eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e a capacidade de internalización das súas empresas.

Esta necesidade histórica de solo industrial e comercial a prezos competitivos e cun alto desenvolvemento de servizos empresariais no entorno fai imprescindible potenciar e dar prioridade o desenvolvemento de proxectos que , respectando o entorno e cun alto grado de integración co mesmo, nos permitan materializar proxectos empresariais que xeren emprego estable e de alta calidade, xeren valor engadido e permitan atender as necesidades da cidadanía.

Neste sentido, o papel de Zona Franca de Vigo foi e é de crucial importancia para o presente e futuro desta cidade e de toda Galicia. En particular, é prioritario para a cidade desenvolver con urxencia a ampliación do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Valladares e a ampliación do Polígono de Citroën.

A pesar dos avances producidos en ambos en desenvolvemento de PXOM do 2008, a sentenza do Tribunal Supremo de nulidade do mesmo, supón un freo no desenvolvemento de ambos proxectos que esta cidade, a área metropolitana e Galicia non poden permitir.

Neste sentido é preciso habilitar os mecanismos máis seguros e áxiles para permitir o desenvolvemento de ambos proxectos no menor prazo posible. Neste momento existe a posibilidade de utilizar o mecanismo establecido na lei 3/2016 de Medidas en Materia de Proxectos Públicos de Urxencia ou de excepcional interese, para solventar os problemas derivados da disconformidade co planeamento vixente. Do mesmo xeito, é posible utilizar a Lei 10/1995 de Ordenación do Territorio de Galicia e aprobar un proxecto sectorial de incidencia supramunicipal(Decreto 80/2000 de 23 de marzo).

A importancia económica e social dos proxectos e actividades que se poden desenvolver no PTL e no Polígono de Balaídos, tanto para a evolución e o desenvolvemento do sector do automóbil como de outros sectores empresariais en alza ou das actividades comerciais , fai imprescindible e urxente utilizar os

mecanismos legalmente establecidos para poder materializar canto antes estes investimentos.

E por esto que propoñemos o Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

Por este motivo o Pleno do Concello de Vigo insta á Zona Franca de Vigo a priorizar a ampliación do PTL e do Polígono de Balaídos empregando as seguintes vías:

1.-Para as actuacións ou proxectos nos que están definidos os proxectos concretos e as actuacións e obras necesarias para a implantación e funcionamento das infraestruturas, dotacións ou instalacións, incluídos os accesos viarios e as redes de condución e distribución, a Zona Franca de Vigo, como órgano promotor, deberá solicitar de xeito inmediato a súa tramitación polo procedemento establecido na Lei 3/2016.

2.-Para as actuacións ou proxectos cun menor grao de desenvolvemento, ou para as partes das ditas ampliacións que teñan un grao de desenvolvemento inferior ao do punto anterior, a Zona franca de Vigo deberá solicitar de xeito inmediato a súa tramitación como un proxecto sectorial de incidencia supramunicipal.”

DEBATE:

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: No Pleno do Consorcio da Zona Franca da pasada semana, púxose de manifesto unha situación na presentación dos orzamentos previstos para o ano 2017 que este goberno municipal considera cando menos sorprendente, de tódolos proxectos do volume total do investimento previsto pola Zona Franca para o ano 2017, ao redor de 40 millóns de euros, só hai unha actuación de chan empresarial para Vigo, a pesares das necesidades de chan industrial que temos na nosa cidade, a pesares de que hai moitas empresas, tanto do sector industrial como do sector servizos, que queren instalarse na cidade de Vigo, a realidade é que existe unha escaseza dese chan e que a Zona Franca instrumento promotor dese solo que funcionou durante moitos anos para proporcionar solo industrial e de servizos ás actividades industriais e terciarias desta cidade, agora prioriza outras actuacións e deixa relegadas as actuacións na nosa cidade, a única actuación de chan empresarial prevista para o ano 2017 é a da ampliación do Parque Tecnolóxico de Valladares, iso si, con seis millóns de euros, é dicir, só o 15% do orzamento da Zona Franca, vai destinado a xeración de

chan industrial ou terciario na área de Vigo, é dicir, no Concello de Vigo. Fronte a esta actuación, que nós consideramos non acaldas as necesidades que ten a nosa cidade, pola contra a Zona Franca prioriza outras actuacións da nosa opinión absolutamente inexplicable.

Mentres no parque Tecnolóxico Loxístico de Valladares adica seis millóns de euros, dun total de investimento de máis de 25 millóns de euros, é dicir, deixa o 75% do investimento para o 2018 e seguintes, mentres no Polígono de Balaídos a ampliación adica cero euros no Orzamento do ano 2017, deixando o 100% do investimento para o ano 2018 e seguintes, prioriza unha actuación a que chama centro de transporte, no que non sabemos o que é, en que consiste, non sabemos onde se vai ubicar, non sabemos que chan se vai comprar, non sabemos nin en que Concello nin en que características ten ese chan, nin se se pode construír nel, pero iso si, parece que a Zona Franca sabe que pode investir sete millóns de euros nese centro de transporte e cinco millóns de euros xa no ano 2017, é dicir, máis do 70% do investimento total desa actuación no ano 2017. Fronte a esta situación, dende o Concello de Vigo cremos que é preciso unha explicación ao primeiro, pero sen lugar a dúbidas tamén un cambio na priorización desas actuacións, ademais é sorprendente as escusas que pon a Zona Franca para non investir tanto na ampliación de Balaídos como no Parque Tecnolóxico Loxístico de Valladares, o de Balaídos a verdade é que poderíamos denominar “kafkiano” di a Zona Franca que el non é o organismo promotor, como se a Zona Franca no fora o organismo que vai promover a ampliación do polígono de Balaídos, obviamente si o vai facer e ademais resulta máis paradoxal cando a Zona Franca xa ten a titularidade de 64.000 metros cadrados na futura ampliación do polígono de Balaídos, polo tanto, aínda máis sorprendente.

No Parque Tecnolóxico Loxístico de Valladares di o Consorcio da Zona Franca que a nulidade do Plan retarda esa actuación e dende o Concello de Vigo o que lle dicimos é que utilice os mecanismos legalmente establecidos para tratar de dar axilidade a ese proxecto, por certo, unha situación na cal tamén a Zona Franca sexa titular catastral de 30.000 metros cadrados na ampliación do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Valladares, que lle dicimos dende este Concello? Que as vías que ten para axilizar eses investimentos as utilice xa, en primeiro lugar a vía da lei 3/2016, igual que se utilizou para as naves de Citroën, é dicir, para todas

aquelas actuacións que estean claramente definidas, e en segundo lugar, para todas aquelas que non estean maduras e claramente definidas que utilice a posibilidade dun proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, unha vía que di que vai utilizar pero que aínda non iniciou. Esas dúas actuacións conxuntamente lle permitirían reducir os prazos de execución de dous proxectos que son vitais para a economía de Vigo, que permitirían a ubicación, implantación e ampliación de instalacións empresariais que hoxe estano a demandar e tamén a xeración de so terciario que permitiría dar servizo a Vigo e a toda a súa área metropolitana. Polo tanto, fronte a investir noutro sitios cremos que é prioritario atender as necesidades de Vigo cando antes.

SR. PÉREZ CORREA: O que aconteceu e as cousas palaciegas que pasan en Zona Franca dende logo este grupo municipal somos o único grupo municipal das cidades de España que teñen Zona Franca, excluído precisamente o seu Consorcio, cidades como Barcelona, Cádiz, toda a oposición está representada neste órgano, sobre este choque frontal de trens que o Partido Popular e o Partido Socialista e os adláteres aliados que se desenvolven nesta Institución se está a dar, nós non imos a opinar, pero se que gran parte das cuestións que hai enriba da mesa tanto sobre o polígono tecnolóxico loxístico e aí hoxe que é o día de Santa Ana, de Beade, que iso no é Valladares é Beade, esa denominación debería ser cambiada, toca unha parte pequena de Valladares pero maioritariamente ese polígono é en Beade, onde xa están gran parte das expropiacións feitas, onde xa está ese solo feito e clasificado como neste caso para ese uso. Pois aí nós si que entendemos que esa actuación se podería levar dun xeito natural, porque hai moita xente que incluso que foi expropiada, algún negocios que había nos arredores tamén foron expropiados, a nós nos parece que unha actuación que non require expropiacións se podería levar adiante, pero aquí se introducen algunhas cuestións que nós xa puxemos enriba da mesa e que se nos dicía por activa e por pasiva que non era así pero que nos vemos que si é así, ampliar, se o que se quere é o titular de que a Marea de Vigo está en contra de que se amplíe cara Matamá o polígono e neste caso a factoría de PSA, que o saquen mañá e que se cre o Sr. Alcalde que fai outra vez un panexírico contra Marea de Vigo, non pode ampliarse máis esa factoría contra un núcleo habitado. Nin sequera forma parte das prioridades expresadas

pola PSA, que eran outras, poder obrar do ámbito actual, poder facer as modificacións que xa están a facer e que ningunha política industrial da PSA, de emprego, está sendo corresponsable co esforzo que está a facer esta cidade, e aí quero poñer en valor o traballo titánico dun sindicato minoritario dentro da PSA que está denunciando determinadas cuestións que traeremos ao Pleno que é a candidatura unitaria dos traballadores, precisamente co que está a pasar coa política de emprego e como se está acosando a traballadores para que dean baixa na empresa e que entren a través dunha empresa de inserción laboral, traerémolo tamén a este Pleno porque queremos tamén responsabilidades políticas deste Concello en colaborar co acoso e a precariedade laboral na fábrica, pero imos falar polo miúdo, con datos e con sentencias xudiciais, con algunhas que xa están enriba da mesa.

Pero para non entrar nese debate aquí o que di que esta mocións é que efectivamente que sen Plan Xeral, que sen Planeamento no ámbito de Vigo, expropiar e converter un solo rústico en industrial non se pode, cousa que a nós dixemos dende o primeiro momento con esa lei famosa que lle chaman a Lei Vigo pero que eu saiba é para toda Galicia, esa expropiación con esa lei nós non lle vemos marxe legal e cobertura xurídica para facer unha expropiación e cambiar un solo rústico en industrial pola vía dunha lei autonómica e sen necesidade de que haxa un acompañamento neste caso do Planeamento Urbanístico da cidade. Polo tanto, dúas cuestións, estivemos moitos anos co baile de debutantes do Concello de Vigo e Zona Franca para asinar un convenio, asinouse un convenio, terán que asinar un convenio de novo, terán que conveniar de novo como se produce esa ampliación se é que vostedes din que é factible dentro desa lei 3/2016, cousa que nós seguimos pensando que non e creo que é coincidente coa posición o que trasladou xa a Directora Xeral de Urbanismo de que a expropiación non sería posible, terán que volver a propoñer un convenio porque o convenio que tiñan era sobre un plan xeral que teñen anulado, terán que volver facer un Plan Xeral que obviamente se o que pretenden é volver a escapar da avaliación ambiental estratéxica, volveremos ter o mesmo problema, porque hai unha sentenza que anulou un Plan Xeral por facer a mesma xogada de caneo en curto, e nós o que dicimos é que terán que conveniar, entón traer unha moción para que o Partido Popular e o Partido Socialista se pelexen, a nós perfecto, os toros detrás da

barreira, nós estaremos aquí e miraremos como o Partido Popular o Partido Socialista se pelexan por algo que vostedes estiveron traballando o ano pasado e os anos anteriores para traer un convenio que finalmente no ano 2015 se aprobou. Asinen vostedes ese convenio, digan que queren facer, digan cal é a política que queren facer precisamente para estes ámbitos e avancen, e sobre as cuestións de solicitude de terreos, as demandas, eu levo 15 anos en industria nesta cidade, descoñezo que empresas.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Sinceramente Sra. Caride, eu quédome de pedra porque creo que vostedes están feitos doutra pasta, o Partido Popular e o Partido Socialista para nada son o mesmo, non sei como a vostedes non se lles cae a cara de vergoña de vir a dicir aquí, intentar dar leccións sobre urbanismo “consellos vendo que para min non teño”.

Eu creo que vostedes non son conscientes nin do que din nin do que fan, ou sexa que os responsables de terse cargado o urbanismo da cidade para décadas, primeiro paralizano un Plan Xeral consensuado e despois aprobando a porta pechada un plan absolutamente irrealizable e ilegal, agora pretenden vir a dar leccións de urbanismo, por favor, un pouco de respecto.

Voulle ler o 1º parágrafo da súa moción que non ten desperdicio, “o dinamismo económico social e cultural de Vigo fai imprescindible dispoñer de adecuadas dotacións para dar cobertura ás necesidades dos cidadáns e das empresas que queren desenvolver os seus proxectos vitais ou empresariais nesta cidade”, pois a ver se se aplica o conto señora concelleira de Urbanismo. Que pasa cos miles e miles de vigueses que quedaron empantanados coa anulación do seu Plan Xeral? Ese que ía a encher a cidade de grúas, que ía durar 100 anos, que gañaba tódalas sentencias, que lles vai dicir a todas esas persoas? Que pensan facer Sra. Caride, sobre o Plan Xeral de Vigo, cando lle van dicir algo a esta cidade, por favor, Seara, Porto Cabral, Cidade do Deporte, Espedrigada, Salgueira, Sárdoma, Guixar, Porto Cabral, Cabo Estai, Esturáns, Santa Clara, Barrio do Cura, Praza de España e centos de ámbitos que se quedaron no limbo, e durante moitos anos pola súa culpa, única e exclusivamente a súa culpa, por facer política có urbanismo da cidade, de verdade o seu é vergoñento, son patéticos, dan absolutamente pena, con vostedes non imos a ningunha parte, o único que saben facer é botar balóns

fora, eludir a súa responsabilidade, buscar culpables de algo que é única e exclusivamente responsabilidade municipal. Pasarán á historia por ser os enterradores dun sector produtivo que xera emprego, riqueza, benestar, como é o urbanismo e a construción. Sobre o que piden de Zona Franca, tampouco se entende moito, porque estas cousas que están a pedir xa se están facendo, estamos de acordo no fondo pero non na forma, porque vostede ata da as solucións, que hai que pedir a excepcionalidade, vostede non que se decata que hai que pedir o Plan Sectorial, non se decata, para que a nomearon agora vocal do Pleno da Zona Franca? Non se decata, vai traer a mesma desgracia en Zona Franca que a que trouxo dende que foi conselleira de Infraestruturas, que non trouxo ningún só euro para a cidade de Vigo.

Ese organismo que é dependente do Ministerio de Facenda e que preside o Alcalde, porque parece que se acaba de decatar que o preside, e onde di que vai poñer orde, pois non se sabe moi ben o quere, porque agora está a través dunha manobra política antidemocrática ou moi pouco democrática, e sobre todo moi pouco elegante na forma, están intentando conseguir unha maioría de votos para que? Para paralizar o que aquí veñen a pedir, é que a ver se se clarexan, están paralizando en Zona Franca o que aquí veñen a pedir, para que necesitamos unha concelleira de Urbanismo? Para que necesitamos unha Xerencia de Urbanismo? Para que a necesitamos a vostede concelleira de Urbanismo no Pleno da Zona Franca? Visto o visto, case é mellor que non fora para alí. Eu creo que o que pasa é que vostedes tiraron a toalla en Urbanismo e estanlle pedindo xa á Zona Franca que faga o que vostedes non son capaces de facer.

Mire, deixen de mangonear Zona Franca que é unha institución que trouxo moito progreso a esta cidade, que agora vostedes queren mangonear, como estes últimos meses demostrou o Alcalde.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Sr. Fidalgo, eu lamento que vostede estea doido, pero en todo caso de prácticas antidemocráticas eu creo que para práctica antidemocrática as declaracións da delegada da Zona Franca, porque claro, dicir que alguén que vota no Pleno hai que substituílo porque non vota o que un quere é cando menos, antidemocrático non, eu case diría fascista.

Sr. Fidalgo, dicir que xa non depositamos a confianza nunha persoa porque non

vota o que se desexa, é unha práctica radicalmente antidemocrática, e máis dunha persoa, ese representante dunha empresa do sector empresarial de Vigo que por iso está posicionado nese Pleno, que leva máis de 20 anos sentado nese Pleno, con goberno de tódolas cores, é que ninguén cuestionou a súa profesionalidade nin o súa opinión, iso si, a cuestiona agora dona Teresa Pedrosa, que tamén considera que o Sr. Louzán é un alto experto económico en representación do Ministerio de Economía, con ese nivel, pois é difícil discutir. Eu en calquera caso, dado que a vostede parece que os temas do chan empresarial e industrial de Vigo non lle preocupan para nada, se lle quero clarexar que como ben sabe, porque se lle informou no Consello da Xerencia, a Xunta de Galicia ten que responder a unha petición deste Concello que lle permitiría a este Concello ter o seu planeamento aprobado en seis meses, estamos a espera, ten tres meses para responder a esa petición.

Polo tanto, cando vostede di “o seu Plan Xeral do ano 2008”, creo que lembrar que era o seu, o do Partido Popular, só que lle magoou que nese Plan houbera vivenda protexida, ese era o gran problema que vostedes tiñan, que se pasou da especulación a que a vivenda estivera dispoñible para tódolos cidadáns de Vigo, pero situándonos no que precisamos nesta actuación de hoxe, a cuestión que temos hoxe que decidir é, se continuamos deixando que a Zona Franca priorice nos seus orzamentos actuacións fora desta cidade, ou se apostamos porque a Zona Franca invista en Vigo, é máis, repito, ten 64.000 metros cadrados para a ampliación de Balaídos, titularidade catastral da Zona Franca e 30.000 metros cadrados no parque tecnolóxico e loxístico, e sen embargo na ampliación de Balaídos cero euros, no orzamento do ano 2017 e só o 20% do investimento do todo o que terá lugar na ampliación do parque tecnolóxico para o ano 2017, adiando os investimentos e iso si investindo non se sabe onde, non se sabe para que finalidade. Polo tanto, votemos o que temos diante, a utilización dos instrumentos locais que permitan materializar ese investimento.

Sr. Pérez Correa, xa sabemos que a vostede Citroën non lle preocupa, pero aos vigueses si.

VOTACIÓN: Con 17 votos a favor, 9 abstencións e ningún voto en contra, queda aprobada.

VOTACIÓN: Con dezasete votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e nove abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 21.07.2016 (Rex. Nº 1407/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Caride Estévez, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

5.3(126).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á CONSELLERÍA DE SANIDADE A POÑER EN MARCHA CON CARÁCTER INMEDIATO A UNIDADE DE PSIQUIATRÍA INFANTIL NO ÁMBITO DA ÁREA SANITARIA DE VIGO. REXISTRO PLENO 1408/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de xullo de 2016, número 1408/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Escudero, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Recentemente algúns medios de comunicación de Galicia denuncian a penosa e innecesaria situación creada pola derivación a Santiago de nenos da Área Sanitaria de Vigo para ser atendidos no ámbito da psiquiatría infantil.

Esta situación prodúcese como consecuencia do incumprimento, da Consellería de Sanidade do Goberno presidido polo S. Feijóo, da súa propia planificación aprobada fai dous anos pola cal o Novo Hospital de Vigo disporía desa especialidade. É mais,

fai máis dun ano incluíuse dentro das catro unidades de nova creación.

A pesar do tempo transcorrido e as reiteradas peticións das familias afectadas e dos xefes de servizo de Pediatría e Psiquiatría, a referida Unidade de Psiquiatría Infantil segue sen entrar en funcionamento coas graves e evitables consecuencias sanitarias, familiares e sociais que se derívan da persistencia desta ausencia.

E por isto que propoñemos o Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

- Que, recoñecendo o sentir dos familiares e profesionais comprometidos na atención a este tipo de pacientes, procédase pola Consellería de Sanidade a poñer en marcha con carácter inmediato a Unidade de Psiquiatría Infantil no ámbito da área Sanitaria de Vigo.”

DEBATE:

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: Recentemente algúns medios de comunicación de Galicia, se fixeron eco da penosa e innecesaria situación derivada pola derivación a Santiago de Compostela de nenos da área sanitaria de Vigo para ser atendidos no ámbito da psiquiatría infantil e xuvenil, esta situación prodúcese como consecuencia do incumprimento da Consellería de Sanidade do goberno presidido polo Sr. Feijóo, da súa propia planificación aprobada hai dous anos pola cal o novo hospital de Vigo dispoñería desta especialidade como ata a data non foi, de feito, hai máis dun ano incluíuna dentro das catro unidades de nova creación.

A pesares do tempo transcorrido e as reiteradas peticións das familias afectadas e os xefes de servizo de Pediatría e Psiquiatría, a referida unidade de psiquiatría infantil e xuvenil seguen sen entrar en funcionamento coas graves e evitables consecuencias sanitarias, familiares e sociais que se derivan da persistencia desta ausencia.

Por todo isto o grupo municipal socialista no Concello de Vigo somete a votación a seguinte moción que é “facéndose eco do sentir dos familiares, profesionais comprometidos na atención a este tipo de pacientes, se proceda pola Consellería de Sanidade a poñer en marcha con carácter inmediato a unidade de psiquiatría infanto-xuvenil no ámbito da área sanitaria de Vigo”.

SRA. LÓPEZ BARREIRO: Antes de nada, dicir que a min gústame, cónstame que a xente que pertence ao meu grupo tamén, ter que votar e preparar mocións que veñen escritas en castelán, ata o de agora o problema era que aquí se falaba en galego e en castelán cando se debería facer en galego pero agora xa os documentos, non se cumpren normas nin se cumpren ordenanzas, nin regulamentos, nin nada, ven todo en castelán, galego, como lles peta.

Dito isto, a Marea de Vigo vai votar a favor desta moción pois somos conscientes que o dereito continuo na atención aos doentes de psiquiatría ao mesmo que a atención a pacientes doutras doenzas pero neste caso dun xeito moi especial, ven sendo sistemático nos últimos tempos, cales son as causas, pois a constante diminución de recursos profesionais, os obxectivos de diminución no gasto, cando da sanidade se quere facer un negocio e non un servizo que chegue con boa calidade a toda a poboación é o que pasa, a derivación de recursos en entidades privadas e tamén a ausencia de plans específicos centrados nas necesidades das persoas doentes. Unha das preocupacións máis importantes dos movementos defensores da saúde mental é o alarmante incremento de suicido que se está a producir nos últimos tempos en Galicia e que segundo o voceiro do Movemento Galego de Saúde Mental, o Sr. Miguel Anxo García Álvarez, este espectacular incremento dende o comezo da crise garda relación directa coas consecuencias desta, pois di el que a crise creou as condicións de risco, un risco xa avisado pola organización mundial da saúde e a ausencia de acción do goberno é o que leva a esta situación. Alá polo 2014, o Partido Popular dicíanos que a psiquiatría e a pediatria do novo hospital de Vigo quería dar un paso de xigante, como ben dixo o compañeiro concelleiro, a unidade de psiquiatría infanto-xuvenil sería a referencia para hospitalizar aos menores de idade con doenzas mentais, que mentira, unha máis das mentiras do Partido Popular, a nova unidade dicía, estará situada xunto a área de pediatria e contará con seis camas e como diría o Sr. Caballero, nada de nada de nada. Polo momento a única unidade deste tipo está ubicada en Santiago de Compostela e conta con sete camas, en Vigo estanse ingresando, nun primeiro momento, as crianzas con estas doenzas na unidade de Pediatria, estando atendidas por persoal non especializado, a segunda opción é envialas á unidade de psiquiatría do Clínico de Compostela, e como terceira, telas na unidade de psiquiatría de adultos, pechados no seu carto sen poder saír, situación que o

Movemento Galego de Saúde Mental considera intolerable.

É preciso lembrarlle aos poderes públicos que estas unidades de hospitalización son de asistencia legal, recálcao así a plataforma á que pertencen Colexios Oficiais de Psicoloxía, educadores sociais de Galicia, xuíces pola democracia, asociación galega de médicos forenses, ou SOS Sanidade Pública, entre outras moitas organizacións que pertencen a esta plataforma e alerta que esta situación lesiona os dereitos das menores, compromete a eficacia terapéutica e insulta ao sentido común, carece dun plan específico, na maior parte do Estado esta asistencia abrangue ata os 18 anos, en Galicia só ata os 15. Non conta cun só hospital de día, as unidades de ambulatorio están sobrecargadas e a infradotación profesional é a norma, tamén sostén que comparadas con outras comunidades no sistema galego hai cinco veces menos psicólogos clínicos e tres veces menos psiquiatras, pero non só non está nunha situación desastrosa a psiquiatría infantil na área sanitaria de Vigo, a psiquiatría de adultos tamén o están. Aquí o compañeiro o Sr. Xelo, permíteme Xelo que me dirixa a ti como compañeiro, ben sabe e supoño que recoñecerá o funcionamento penoso desta área no hospital Álvaro Cunqueiro, cando chegan os doentes en circunstancias críticas que é a maioría das veces, é nestas circunstancias cando acoden ao hospital, é dicir, alterados ou mesmo agresivos, en lugar de ser atendidos inmediatamente por un equipo especializado, e mesmo entrar por un lugar distinto ás urxencias convencionais, pois o que acontece é que deben esperar unha chea de tempo, unha hora ou máis depende do colapsadas que estean as urxencias nese momento, e ser atendidos por enfermería, agardando na sala de espera coa consecuente tensión e as veces perigo que esta situación provoca, tanto ao doente como as das persoas que están alí a espera de ser atendidos por calquera outro motivo.

Logo enfermería derivará a psiquiatría, volvendo a ter que esperar outro tanto de tempo e que estes profesionais cheguen, pois en ocasións nin sequera se atopan no hospital, porque as veces están localizados, isto pasa constantemente día tras día no hospital Álvaro Cunqueiro.

SR. PIÑEIRO LÓPEZ: En relación a súa moción, estimado compañeiro, Sr. Rodríguez Escudero, fala vostede dunha situación penosa e innecesaria de familias que teñen que acudir a Santiago de Compostela á unidade de referencia, pois ben, supoño

que ao seu partido non lle parecía tan penosa a situación alá polo 2006, xa que o proxecto era seu, do bipartido, aprobado no Consello da Xunta de Galicia de 5 outubro, Plan Estratéxico de Saúde Mental para Galicia, período 2006-2011, no que o goberno do bipartito facía unha suposta aposta pola saúde mental, cónstame que incluído con bos profesionais é supostamente facendo un esforzo orzamentario sen precedentes na comunidade autónoma. Nese Plan, en concreto no punto 5.4412, fálase da unidade de referencia para a comunidade autónoma que finalmente se sitúa en Santiago de Compostela efectivamente, pero nin sequera foron quen de deixala montada, a unidade abriuna no 2012, comunidade de referencia para toda Galicia xa que o Partido Popular na Xunta de Galicia, un Partido Popular que levou a cabo a reordenación integral da Área Sanitaria de Vigo que ten suposto un enorme cambio tamén na atención á saúde mental da área, logrouse neste período a integración das unidades de agudos no hospital, onde se concentran as urxencias, dotadas con 10 camas de adultos, o peche dun dos últimos manicomios de Galicia, o Rebullón, coa situación dos pacientes da unidade psiquiátrica no hospital Nicolás Peña, o que permite a súa integración social e comunitaria e non os ailla como agora, tampouco os queremos aillar nas urxencias como se fosen pacientes que tivéramos que facelos entrar por outra porta, Sra. López.

A posta en marcha tamén neste mes de xullo, a Unidade de Psicoxeriatría, son exemplos claros do compromiso do Servizo Galego de Saúde coa atención da saúde mental en Vigo.

E tamén por suposto, a atención á patoloxía psiquiátrica infantil-xuvenil, ata hai un ano víñase dispensando no Nicolás Peña e hoxe está integrada nas consultas externas do Álvaro Cunqueiro, co resto das especialidades médicas, e onde conta con catro camas na área de Pediatría para o ingreso de determinados pacientes que non requiren de especial medidas de seguridade. Os casos máis complexos e nos que é preciso extremar as medidas de seguridade, son derivados á unidade de referencia para toda Galicia, como vostede planificaron, que están no Chus en Santiago de Compostela onde se puxo en marcha por parte do goberno do Partido Popular, é evidente que a apertura do Álvaro Cunqueiro ten suposto o maior proceso de transformación e o maior paso adiante da nosa historia sanitaria, estou seguro de que non vai pasar moito tempo para que cos cambios e os recursos

necesarios se conte cunha unidade de referencia para a hospitalización psiquiátrica infanto-xuvenil, sumándose ás outras medidas que xa temos feitas nestes últimos anos.

Cremos necesaria a súa implantación, estamos seguros que tamén se vai por en marcha con tódalas garantías de seguridade e dotación de persoal.

Sabemos que se vai facer, non temos ningún rubor en votarlle a favor a que se pida de novo esta unidade que se vai poñer en funcionamento moi pronto.

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: Si mo permite quería facer por alusións un comentario vertido pola representante de Marea de Vigo, respecto á utilización do idioma castelán neste Pleno, quero dicir, que con todo o máximo respecto que as veces algúns non teñen, pero que eu o teño á lingua galega e á cultura galega e por suposto á literatura e ao idioma en definitiva, eu falo en castelán neste Pleno, primeiro porque me ampara a Constitución, segundo porque me ampara o Estatuto de Autonomía, terceiro porque me ampara o ordenamento legal que preside este Pleno, e realmente porque hoxe por hoxe é a lingua onde eu me podo atopar máis cómodo na capacidade expresiva, sen que baixo ningún concepto iso signifique que non o utilice noutros ámbitos. Polo tanto, fágoo polo exercicio de pleno dereito e polo exercicio do que é a comunicación máis fácil que é o que nos debe primar a todos.

No relativo á contestación ás diferentes participacións, a min resúltame sospeitoso Sr. Fidalgo, que fale de que pasta estaremos feitos, si, pero voulo dicir aquí, estamos feitos dunha pasta é xa suficientemente elocuente que alguén fale de que pasta estamos feitos as persoas, estamos feitos como dicía Shakespeare, de sonos, de sonos contra a inxustiza, da igualdade contra equidade, non, é realidade, non estamos feitos de ningunha pasta, iso é un acto falido freudiano.

En canto á contestación, ten vostede razón señor representante do Partido Popular en que había un plan no 2006 que non se chegou a desenvolver, ese Plan non ten nada que ver co posteriormente imposto, porque nese caso se que era suficiente a unidade de Santiago de Compostela con tódalas terminacións e a atención urxente aquí, pero ese non é o mesmo plan e polo tanto a atención de hospitalización dos pacientes da área de Santiago de Compostela hoxe en día en canto capacidade da unidade de Santiago de Compostela non está garantida, e iso ademais dígollo

porque coñezo o número de camas que hai dispoñibles nesa unidade, polo tanto vótolle por terra iso.

Señor, eu creo que entra nun mal camiño, isto é un tema dun elemento máis da publicidade insistente na difusión dun hospital fracasado, porque é o proxecto realmente fracasado, non foron vostedes capaces de inauguralo porque non puideron ter a lexitimidade social nin política para facelo. Foi un hospital que realmente non puideron desenvolver nin cada un dos aspectos fundamentais diso, por moitos publireportaxes que utilizaran.

(No momento da votación atópase ausente o Sr. Pardo Espiñeira).

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 21.07.2016 (Rex. Nº 1408/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Escudero, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

5.4(127).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO MINISTERIO DE FOMENTO E A ADIF A REALIZACIÓN DAS OBRAS NECESARIAS PARA HABILITAR UN PASO PEONIL NA VÍA DO FERROCARRIL NA RÚA COUTADAS. REXISTRO PLENO 1409/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de xullo de 2016, número 1409/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Regades Fernández, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Desde a súa chegada a Vigo a finais do século XIX, o ferrocarril foi un dos medios

de locomoción que mellor serviu para vertebrar territorios e para facilitar o movemento tanto de persoas como de mercancías, o que no caso de Vigo contribuíu á súa evolución tanto económica como demográfica ao longo do século XX e en maior medida a partir da década dos 70.

Non obstante as solucións adoptadas para a entrada do ferrocarril nas cidades modificaron a súa morfoloxía, en moitos casos dun xeito negativo, anulando a comunicación directa entre diferentes zonas dalgúns barrios.

No caso da nosa cidade a liña ferroviaria converteuse nun muro que dificultou a integración de distintos puntos dun mesmo barrio. Dalgún xeito esta dificultade viuse reducida coa creación de pasos peonís e camiños que atravesaban as vías e que eran utilizados polos veciños e veciñas de forma constante. A eliminación destes pasos en aplicación da normativa de seguridade que obrigou á administración responsable a valar o perímetro das vías do ferrocarril ao longo do seu curso pola cidade, supuxo que moitos veciños e veciñas tivesen que aumentar de forma considerable a distancia dos seus percorridos cotiás. É o caso da rúa Coutadas onde a pechadura dun paso existente supuxo que os veciños da zona deban efectuar longos percorridos para as súas xestións cotiás ou para poder desprazarse polo seu propio barrio, o que empeorou notablemente a súa calidade de vida, sobre todo no caso de persoas de idade avanzada ou con mobilidade reducida ou as que non teñen vehículos para poder desprazarse. Unha vez que o cambio de trazado das vías do ferrocarril na nosa cidade supuxo que a antiga vía deixe de usarse, é importante que se poida recuperar a utilización deste paso para evitar aos veciños da zona os grandes desprazamentos que actualmente teñen que realizar para as súas tarefas cotiás.

E por isto que propoñemos o Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

- Instar ao Ministerio de Fomento e a ADIF a realización das obras necesarias para habilitar un paso peonil na vía do ferrocarril na rúa Coutadas."

DEBATE:

SR. REGADES FERNÁNDEZ: A finais do século XIX, chega o ferrocarril a Vigo, con el chega unha infraestrutura necesaria para a nosa cidade no traslado e no transporte de viaxeiros e no traslado e no transporte de mercadorías, no século XX, sobre todo a partir dos anos 70, esta demanda polo bulo da nosa cidade pide unhas infraestruturas novas e unhas vías de ferrocarril novas que invaden e trasladan a nosa cidade.

A gran demanda invita a novos trazados, a modificación da morfoloxía da cidade

derivada desta nova vía do ferrocarril, en moitos casos produce un efecto negativo na nosa cidade, en barrios e parroquias por onde transcorre a liña do ferrocarril, anulando a comunicación directa entre distintos puntos do mesmo barrio ou da mesma parroquia, Teis é un barrio que sufriu non só a entrada da autopista senón a entrada da nacional, da autopista, do ferrocarril polo seu barrio. Teis é un barrio que sufriu en diferentes ocasións o interese común e o ben para a nosa cidade, para que a nosa cidade sexa competitiva, teña un bulo, foi necesario facer estas infraestruturas hoxe en día tan necesarias e que por certo, gracias á xestión deste goberno cambiaron a súa morfoloxía, a súa temática entrando na cidade de Vigo, agora si, mediante un túnel que fai que esa ferida, esa fenda que facía o ferrocarril no barrio de Teis hoxe en día non sexa unha realidade.

O Alcalde, reivindicou en varias ocasións ao goberno de España que este antigo trazado do ferrocarril se converta nun gran parque verde, que se converta nunha zona de uso e goce dos cidadáns, esta reivindicación que o Alcalde, o Sr. Abel Caballero, fixo en reiteradas ocasións, de momento tivo a calada por resposta e esta actuación segue quedando abandonada, noutros Plenos e noutras ocasións escribimos ao Ministerio de Fomento, ao Goberno de España, para que esta vía do ferrocarril abandonada que invade a maleza, que se limpa, quite a maleza, xa sobrepasa a liña do ferrocarril, invade as beirarrúas e as calzadas da nosa cidade.

Nesta ocasión, traemos un tema moi concreto, cremos que é necesario que sexa unha realidade ese paseo verde, cremos que é necesario que a cidade goce dese gran parque que antes foi unha vía do ferrocarril, que moitos veciños/as, incluso familias que quedaron divididas por unha enreixado metálico, que esas familias volvan a poder relacionarse, estamos a falar do caso concreto da rúa Coutadas, Sr. Fidalgo, na rúa Coutadas onde os veciños dun lado non poden atravesar a outro é unha fórmula moi sinxela, que se corte esa alambrada e que os veciños de Teis poidan acceder, os dun barrio de Coutadas a outro barrio de Coutadas e que poidan facer a súa convivencia, estes veciños renunciaron aos seus dereitos, renunciaron á mobilidade, polo ben común, renunciaron a súa comodidade polo interese xeral, pero non ten ningún sentido Sr. Fidalgo, que nestes momentos que non hai interese común, que non hai ben xeral que estes veciños teñan que seguir sufrindo ese problema de mobilidade, ter que andar quilómetros, xa non digo metros, para poder relacionarse con veciños e familia do mesmo barrio, para poder

ir á compra, ao colexio, cando esa vía do ferrocarril está sen usar, dicimos como noutras ocasións que queremos ese parque xa, pero mentres tanto que se habilite o acceso a todos estes cidadáns.

Sr. Fidalgo, voulle dar un consello de compañeiro de Corporación municipal de Vigo, eu penso que ten que parar un pouco, parar e pensar, porque tanta curva e tanta velocidade véxoo un pouco mareado, leva toda esta intervención no Pleno falando, interrompendo, interrompe ata os propios compañeiros, xa lle fai vostede oposición aos seus propios compañeiros. A Sra. Muñoz nun momento dado da mañá xa lle dixo, “por favor Sr. Fidalgo, déixeme falar”, eu dígolle, é un consello, despois vostede faga o que queira, porque eu lle desexo a tódolos vigueses o mellor e vostede tamén, e aquí xa o coñecemos, xa lle pasamos este tipo de actitudes, pero o que non queremos é que en Madrid que nos digan que nos mandastes aquí de senador? Unha persoa que está co bule bule.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: Efectivamente o acordo proposto é moi concreto así que moi brevemente, o primeiro dende logo que o ferrocarril é un dos medios que axuda a vertebrar económica e socialmente a un país, tal como di a exposición de motivos, así que agardamos que máis pronto que tarde falemos do Eixo Atlántico ou do tren de cercanías, en lugar de debater como fixemos en plenos anteriores sobre investimentos multimillonarios de dubidoso beneficio.

En canto ao acordo proposto, o debate é innecesario para este grupo municipal, é de lóxica, de sentido común que o barrio do que falamos estea comunicado, máis aínda cando o investimento a facer é insignificante ao carón do beneficio para as persoas que alí residen.

SR. FIGUEROA VILA: Hoxe vólvese a traer unha moción relacionada coa entrada do ferrocarril, do AVE, ou de infraestruturas nun barrio importante da nosa cidade como é Teis, eu quero aproveitar esta ocasión que me dan, loxicamente as mocións sempre teñen unha parte negativa pero hai unha parte positiva, para felicitar hoxe aquí e espero que toda a Corporación o faga, á Ministra Sra. Pastor, polo seu nomeamento como presidenta do Congreso pero o nomeamento ten unhas consecuencias anteriores que é o traballo feito ao longo dos últimos anos, a ministra creo que fixo un bo traballo relacionado coa nosa cidade, implicada coa

nosa cidade, de colaboración, de apoio, de cooperación e incluso dunha relación amigable coa cidade de Vigo, a Sra. Pastor é querida nesta cidade, como é querida nesta cidade eu creo que hoxe podemos felicitala dobremente, primeiro, polo seu santo e en segundo lugar porque fixo un bo traballo e ese traballo loxicamente está avalado por un partido, o Partido Popular e creo que aquí se fixo referencia a unha cuestión puntual que nós loxicamente imos votar a favor, pero nos gustaría lembrar tamén ese traballo da chegada do AVE, do estudo do proxecto de cercanías, do desdoblamento de Rande, da depuradora, da autovía, de mellora de Vigo a Pontevedra, de mellora de Peinador, incluso desa pasarela que fai un bo traballo, na posta en marcha da Autopista do Mar, en definitiva de moitos proxectos da nosa cidade que marcarán seguramente dese bo facer dela e tamén do Partido Popular o futuro dos próximos anos na cidade de Vigo.

Eu creo que Vigo con estes proxectos recuperará o liderado que ten que ter esta cidade do noroeste peninsular e sobre todo dunha das cidades máis importantes a nivel de infraestruturas na nosa comunidade. Polo tanto, creo que ese traballo está aí e tamén ten as súas vicisitudes, as súas problemáticas, onde a Sra. Pastor sempre estivo ao lado dos cidadáns de Vigo, e aquí hai un artigo de opinión onde di que: “o pasado ano a Sra. Pastor entón ministra de Fomento, unha política formada polo diálogo e a temperanza, advertiu coa anulación do contrato dos condutores “eu defendo aos cidadáns, e estes esixen un servizo de calidade” advertiu con firmeza antes e despois desas dúas datas, a hemeroteca ofrécenos un interminable catálogo de queixas e de malestar dos propios veciños”. Quere dicir que a Sra. Pastor sempre estivo ao carón dos veciños e dos cidadáns, e sobre todo estivo sempre presente nesas políticas que ás veces as concesionarias pois nos traen a esta cidade.

Polo tanto, eu creo que este traballo da Sra. Pastor ten que ser recoñecido e así o queremos facer hoxe aquí.

Creo que é importante que as infraestruturas que chegan á nosa cidade, cheguen nas mellores condicións para os propios veciños/as e creo que iso é o que temos que traballar dende a propia Corporación para que así se faga.

Polo tanto, nós esperamos que todo o barrio de Teis se vexa beneficiado no futuro, no presente, pero sobre todo no futuro para este tipo de infraestruturas que loxicamente estanse a construír, os desdoblamento dende Rande, toda a

ampliación de AP-92 e sobre todo cun tema moi claro e moi concreto, pois que estes investimentos se concreten e que se poida facer un seguimento, tanto dende o propio Concello como dende a propia administración autonómica, porque aquí creo que hai exemplo claro de reivindicación con respecto á concesionaria para que se cumpran os traballos de futuro e de presente da nosa cidade.

Polo tanto, nós imos votar a favor desta moción pero en calquera caso Sr. Regades, lembrarlle unha cuestión, que o Concello tamén ten deberes e creo que unha vez por todas habería que empezar a analizar que pasa con Julián Estévez que é unha infraestrutura necesaria para o barrio de Teis, imprescindible para a conexión do centro da cidade coa ETEA e sobre todo coa saída desas grandes infraestruturas.

Polo tanto, nós tamén nos gustaría poñerlles deberes e son que dunha vez por todas o tema de Julián Estévez se vaia resolvendo porque eu creo que é importante, incluído o tema de Guixar, que aquí se falou anteriormente doutra peza importante para a cidade de Vigo. Polo tanto, Julián Estévez, Guixar e a ETEA son fundamentais para o desenvolvemento de Teis, Coutadas tamén loxicamente.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Eu teño que darlle as grazas ao grupo de Marea de Vigo e ao grupo do Partido Popular por apoiar esta moción, a verdade que era unha necesidade que a mobilidade destas familias se vise solucionada desta forma, o que pasa que volvemos insistir, esta moción é unha moción concreta, fala do barrio de Coutadas, temos un reto moi importante que é recuperar ese corredor verde e ese reto témolo que facer entre todos.

Sr. Figueroa, a verdade é que isto era un tema moi sinxelo e vostede non fixo aquí unha oda á Sra. Pastor eu non entendo porque estamos a falar do tren, de Teis, de Coutada, deste o corredor verde, e vostede nos fixo unha alabanzas á celebración de Santa Ana, eu non son de celebrar as festividades, non só celebrar o santoral, pero dende aquí lle mandamos unha felicitación a tódalas Anas de Vigo, especialmente á que temos na casa.

Despois cando falábamos da vertebración do ferrocarril dos medios de transporte para unha cidade, pero tamén é tan importante a vertebración das persoas, non pode ser que unha zona da cidade cun mesmo barrio, que as familias estean divididas e que a solución é tan sinxela como cortar a valla e facer unha senda peonil, que nestes momentos estean a sufrir unha división, un problema de

movilidad e un problema tamén de convivencia entre a veciñanza dun barrio como Teis, un barrio que como dicíamos ao principio sufriu a entrada pola autopista, a entrada nacional e a do ferrocarril, chegou o momento de devolverlles ese sacrificio, que no seu día tiña sentido pero que agora non ten ningún sentido porque xa non hai interese común. Eu espero que o novo goberno de España que faga uns orzamentos serios e que aposte dunha forma seria por esta senda verde co Alcalde de Vigo leva reclamando os últimos anos, e que se actúe dunha vez por todas de forma definitiva nesta zona da cidade que tanto o necesita e que tanto lle debe das administracións.

A verdade Sr. Figueroa cando me falaba de Julián Estévez, eu compártoo ao 100%, con vostede hai que darlle un bulo a Julián Estévez, pero vostede ben sabe e eu comprométome a traer aquí e ao Pleno de Zona Franca unha moción, porque era un desenvolvemento urbanístico que dependía dun desenvolvemento que tiña que facer naquela zona, nos antigos depósitos da Campsa, Zona Franca e a Xunta de Galicia, eu estou de acordo con vostede, imos a apostar por Julián Estévez, imos apostar por ese túnel e imos ver se dunha vez por todas nos deixamos de lerias, de palabras e a Xunta de Galicia empeza a investir nesta cidade.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 21.07.2016 (Rex. Nº 1409/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Regades Fernández, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

6.- ASUNTOS OU MOCIÓNS URXENTES.

Non houbo.

PARTE DE CONTROL

1.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS ACORDOS OU RESOLUCIÓNS DOUTROS ÓRGANOS MUNICIPAIS OU DE INFORMES OU ESCRITOS QUE ASÍ O REQUIRAN.

Non houbo.

2.- COÑECEMENTO DOS INFORMES CITADOS NO ART. 38.2.M.4º DO REGULAMENTO DO PLENO.

3.- COMPARECENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.

Non houbo.

4.- MOCIÓNS.

4.1(128).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO INSTANDO AO PLENO DA CORPORACIÓN O APOIO EXPRESO Á PLATAFORMA DE VÍTIMAS DO ALVIA E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 1404/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de xullo de 2016, número 1404/1101, o voceiro do grupo municipal Marea de Vigo, Sr. Pérez Correa, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Esta moción lévase ó Pleno dende o Grupo Municipal da Marea de Vigo, a petición da Plataforma de Víctimas do Alvia 04155, dando o apoio expreso á mesma.

A Plataforma de Víctimas do Alvia 04155 leva loitando por esclarecer as circunstancias nas que se produciu o desgraciado accidente do tren Alvia 04155 con destino a Santiago de Compostela o 24 dexullo do 2013. Neste accidente no

que morreron 81 persoas resultaron feridas outras 145 é o accidente ferroviario máis grave da historia da democracia española. Dita Plataforma se constituíu coa intención de reivindicar a verdade e a xustiza en sentido amplo, esixindo tamén responsabilidades políticas, polos feitos que rodearon o mencionado sinistro.

Un suceso tan grave non pode nin debe quedar no esquecemento das institucións públicas e dos responsables políticos, e por elo é necesario indagar nas causas e responsabilidades penais e políticas que puideran derivarse de dito accidente ferroviario. Ó marxe das investigacións xudiciais e as responsabilidades penais que poidan derivarse delas, as vítimas sempre reivindicaron a apertura dunha Comisión de Investigación Parlamentaria para depurar as responsabilidades políticas e nun exercicio de responsabilidade é necesario dar o noso apoio a esta iniciativa, tomando posición do seu lado e dándolles o noso apoio expreso.

A Plataforma de Vítimas do Alvia 04155 ven de denunciar en reiteradas ocasións a falla de sensibilidade das autoridades e unha incomprendible situación de desamparo que viola os seus dereitos máis básicos como vítimas e familiares deste terrible suceso. Con esta moción non podemos reparar o dano inmenso que estas persoas sufriron, non podemos facer xustiza, nin esclarecer a verdade do acontecido, pero a través do consenso entre todos os partidos políticos con representación no noso Concello, nun acto de responsabilidade e compromiso, contribuíríamos a recoñecer e dignificar ás vítimas e familiares do accidente ferroviario Alvia 04155.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal da Marea de Vigo, presenta para o seu debate e posterior aprobación en pleno a seguinte proposta de

ACORDO

- 1 - Dar apoio expreso á Plataforma de Vítimas do Alvia 04155
- 2 - Que o Concello de Vigo reciba á Plataforma de Vítimas do Alvia 04155, para coñecer as súas demandas e reivindicacións.
- 3 - Solicitar o Goberno do estado que encargue a unha comisión de expertos e técnicos independentes a investigación do acontecido.
- 4 - Solicitar ó futuro Goberno do estado a apertura dunha comisión de investigación en sede parlamentaria para establecer posibles responsabilidades políticas.”

DEBATE:

SR. PÉREZ CORREA: Nós precisamente non podemos e recollo esa solicitude mandada polo Partido Popular, nós non podemos felicitarnos nin felicitar, xa non polo pouco talante democrático que vai ter a Mesa do Congreso de Deputados, negándonos seguramente o grupo parlamentario en Marea, senón polo feito de que sexa a Sra. Pastor unha das artífices dos silencios e unha das artífices precisamente de botar terra sobre a posibilidade da creación dunha comisión parlamentaria para investigar o que pasou, hai practicamente tres anos e dous días, na curva da Grandeira, polo tanto nós non podemos senón pensar que estamos ante un desplante absoluto aos familiares e ás vítimas deste accidente, as corporacións locais dende logo non temos e se nos dirá seguramente, alguén propoñerá do grupo Socialista, ou do Partido Popular que o Concello de Vigo non ten competencias, que non somos nós a administración que ten que fiscalizar o que pasou ese día nesa curva, pero nós pensamos que si dende o momento en que existen responsabilidades compartidas, dende o momento que existe unha sensibilidade social e dende o momento en que existe un pacto “ad hoc” para que isto sega nun silencio administrativo incluso en varios silencios xudiciais, eu quero agradecer que se puxera en contacto coa Marea de Vigo a Plataforma de Vítimas, tamén quero agradecer a presenza do Sr. Carlos Padín que como sabedes concelleiro da Corporación Local de Tui, tamén fillo dunha das vítimas deste terrible accidente e seguro que non imos ser nos na intervención os que fagamos unha fiscalización do que pasou, non nos corresponde a nós. Pero si que queremos facer unha serie de puntualizacións, de notificacións de precedentes que eu creo que obrigan a tódalas corporacións locais sobre todo de Galicia, pero tamén doutras comunidades, Castilla-León, xente de Madrid que tamén faleceu nese accidente, as que vaian abrindo os espazos comisións de investigación, porque se negan nesa comisión de investigación, eu creo que non corresponde no Parlamento de Galicia, seguramente con menos motivo corresponde a este concello abrilas, pero se que corresponde neste caso á administración estatal e ao Congreso dos Deputados abrilas, e a moción, a iniciativa presentada por Marea, defendida pola nosa voceira Sra. Alexandra Fernández, viguesa como nós, esa moción foi rexeitada no Pleno, tanto polo Partido Popular como polo Partido Socialista. Nós pensamos e non imos entrar nas responsabilidades colectivas desa xente, pero as cuestións que están enriba da mesa si que nos obrigan a facer

varias preguntas sobre por que no ano 2010 cambiouse, naquela co ministro o Sr. Blanco ao fronte, a configuración tanto de seguridade como de trazado precisamente polas urxencias electorais e polas urxencias de ter xa, rápido, esa suposta alta velocidade que logo se negada o día do accidente que dende logo iso non era un accidente de alta velocidade porque ese tramo non era un tramo de alta velocidade, queremos que a comisión dirima a vergoña que nos supón como cidadáns do Estado español o que está a dicir a Unión Europea sobre os informes da FIAT e sobre os informes que tiñan que ver precisamente, tanto polos responsables de ADIF e Renfe sobre o accidente e nós instamos nesta moción a que sexa o Pleno da maior cidade de Galicia, a que sexa o Pleno de Vigo o que tamén inste ao Congreso dos Deputados a habilitar unha comisión de investigación, que obviamente, tal e como di a Unión Europea, tal como están a dicir os informes, ese informe que foi ocultado de maneira temeraria, teñen que ser institucións independentes, organismos neutrais os que fagan os informes que logo habiliten o debate nesa comisión, esa comisión terá que abrirse, non podemos estar tres anos, un ano xudicialmente parado por un cambio de xuíz que entendemos que foi interesado, simplemente causando sobre o traballador ferroviario, sobre o maquinista a responsabilidade, cando tódolos indicadores din que hai factores absolutamente máis perigosos que a neglixencia humana como é a inexistencia dun sistema de seguridade homologado de alta velocidade nese tramo. Nós pensamos que isto, obríganos a todos moitas veces temos instado a outras administracións á apertura de comisións, á apertura de infraestruturas, á dotación orzamentaria, pensamos que o Concello de Vigo tamén ten que ter unha responsabilidade cidadá nese sentido cidadá, que tamén teñen as corporacións locais e instar nesta nova lexislatura a apertura dunha comisión, as comisións nunca son culpabilizadoras, simplemente son clarificadoras.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Quero empezar manifestando o noso máis profundo cariño para tódalas familias, amigos e achegados de todos e cada un das vítimas tanto as que faleceron nese accidente como as que foron feridas e dende logo todo o noso respecto á actuación da Xustiza.

Hai tres anos en Angrois vivimos o accidente de ferrocarril máis grave da nosa historia, no que faleceron 81 persoas e máis de 150 sufriron feridas de distinta

gravidade.

Esa noite tanto os veciños de Angrois como a sociedade galega a través do persoal de emerxencia sanitaria das forzas de seguridade e os servizos de doazón responderon á grave situación demostrando que o pobo galego é un pobo solidario, que soubo estar á altura das circunstancias nunha situación tan dramática como a xerada polo accidente ferroviario de Angrois.

Tamén para o goberno de Galicia nese momento, eu formaba parte do goberno de Galicia, cando se produciu ese accidente e teño que dicir que é o momento máis difícil sen dúbida e o máis duro polo que pasou o goberno de Galicia en todos estes anos.

Por iso, consideramos imprescindible como acto de xustiza coas vítimas, cos seus familiares e achegados e como garantía da seguridade do funcionamento do servizos públicos que se coñeza a verdade do que pasou. Todos temos o maior interese en coñecer o antes posible que pasou aquel triste día para que nunca máis se volva a producir e ninguén teña que sufrir nada parecido. Sen dúbida, tanto as vítimas e as súas familias como os seus achegados e o conxunto da sociedade teñen dereito a un informe incuestionable sobre as causas do accidente, un informe técnico, incontrovertido, en profundidade, aínda que sexa difícil hai que conseguilo. Polo tanto todo o que sexa apoiar, saber que pasou, coñecer a verdade do que pasou ese día dende logo terá todo o noso apoio.

Dito isto, tamén quero dicir que hai cuestións coas que entendemos que non se debería xogar politicamente, se debería actuar coa máxima seriedade polo respecto a todas esas vítimas e a todos os seus familiares, dende logo se o obxectivo desta moción é saber a verdade como acto de xustiza coas vítimas, con toda a sociedade galega ten todo o noso apoio porque cremos que é o que teñen que coñecer e o que teñen dereito de coñecer.

Dende logo, esperemos que o obxectivo desta moción non sexa empregar unha terrible e inesquecible ferida como arma arroxadiza contra un ou outro goberno porque creo que esa non é a nosa responsabilidade e iso non é o que deberíamos buscar.

O único motor posible de actuación neste caso é a procura da verdade e para iso, insisto, fai falla unha investigación rigorosa, con independencia técnica e en profundidade, de tal maneira que os resultados de dita investigación cheguen a

conclusións incuestionables sobre as súas causas e as medidas que hai que adoptar para garantir a seguridade do transporte ferroviario que transcorre polo territorio de Galicia e de España. Por iso tamén, e á luz da publicación do informe elaborado pola axencia europea ferroviaria, apoiamos, tal e como demanda tamén o referido informe, que se abra esa investigación, que reúna os requisitos de independencia e que analice como mínimo as debilidades ás que fai referencia este documento respecto das investigacións agora feitas.

En definitiva, apoiaremos sempre que se busque a verdade do que pasou, é o que lle debemos á lembranza de tódalas vítimas que desgraciadamente faleceron en ese accidente e dende logo a todas aquelas persoas que resultaron feridas, aos seus familiares, aos sen seres queridos, é unha obriga que corresponde ás administracións non deixar nin unha soa dúbida do que trouxo esa traxedia tan espantosa.

SR. LÓPEZ FONT: Nesta moción, como ben se expresa no enunciado dos motivos, é unha moción a petición expresa da Plataforma de Vítimas do Alvia 04155, polo tanto, ante esta moción, petición desta Plataforma de Vítimas quero anunciar solemnemente o apoio do noso grupo, ante esta petición, total a esta moción que se presenta a petición deles.

Quero tamén dar aquí toda a solidariedade deste grupo co conxunto das vítimas, por aqueles que faleceron, por aqueles que foron feridos e co conxunto de familiares e de amigos que sufriron as consecuencias daquel accidente, e queremos manifestar tamén todo o noso apoio ao traballo desenvolvido e todo o noso recoñecemento ao traballo desenvolvido por esta Plataforma de Vítimas.

Queremos manifestar ese apoio a súa petición que se manifesta neste texto, a coñecer o que realmente pasou, porque consideramos que coñecer o que realmente pasou é un dereito que teñen e é un dereito que temos que permitir e que temos que apoiar.

Polo tanto, Sr. Pérez, eu non vou entrar noutro tipo de consideracións en relación cunha moción de tan profundo calado humano como esta, creo que cometeu unha lixeireza pensando que xa iamos contestar o que non era competencia deste Concello porque direille que nunca contestaremos que non é competencia de debate neste Concello e neste Pleno dun tema tan sensible como este.

Polo tanto, sempre estaremos nese apoio á asociación, Plataforma de Vítimas deste trágico accidente como manifestamos dende o primeiro momento, como continuamos facendo ao longo de todo este tempo, pero tamén ofrendo permanentemente toda a nosa colaboración como fixemos no minuto seguinte de producirse o accidente, no que puxemos a disposición dos que coordinaban as emerxencias, todo o caudal humano e material que tiñamos neste Concello.

En relación co texto que se propón, insisto, ímolo apoiar na súa totalidade, cremos e o lanzamos para que o valore vostede, cremos mellorable a redacción do punto catro, sobre todo polo que vostede acaba de dicir, porque na exposición que vostede fixo fala de instar ao Congreso dos Deputados, polo tanto cremos que cando nos referimos no texto a unha comisión de investigación en sede parlamentaria, deben ser os grupos parlamentarios os que propoñan a constitución desta comisión de investigación, pero é un tema que vostede pode valorar e que insisto, creo que así estaba manifestado na súa exposición.

Polo tanto, anuncio o voto favorable do noso grupo a esta petición expresa da plataforma de vítimas do Alvia e todo o noso recordo, cariño e consideración a aqueles que fan posible o que se busque a verdade en relación a este accidente e que manteñan viva a llama de un trágico accidente que nunca máis debe de producirse e para o noso grupo xa digo, sempre terán a solidariedade, o apoio como sempre fixemos e como expresamente manifestamos hoxe.

SR. PÉREZ CORREA: Nós o que fixemos foi precisamente trasladar a literalidade dunha proposta da Plataforma, non quixemos nin alterar unha coma precisamente polo contido que dende logo lle corresponde a eles, non a nós trasladar, nós queremos que a isto se lle dea traslado, obviamente entendemos que a comisión de investigación en sede parlamentaria, independentemente da capacidade que ten un goberno de condicionar tamén o grupo parlamentario que o sostén, de que iso se leva adiante, nós tamén agradecemos ao Partido Popular e ao Partido Socialista que, contra o criterio dos seus partidos en Madrid que votaron en contra, dende aquí se lle traslade tamén esta proposta de que esta comisión se abra, como nós faremos tamén co grupo parlamentario de Marea, o grupo e as alianzas que temos no resto do Estado para que coñezan o acordo plenario que non é para nós menor, que sexa o Concello que presida a FEMP o que solicita esta apertura e

que a partir de agora isto tamén poida significar que máis concellos se sumen, algúns de Galicia xa o fixeron, pero que máis concellos se sumen e que consigamos entre todos o desbloqueo que en sede parlamentaria se da desta comisión.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 20.07.2016 (Rex. Nº 1404/1101), polo voceiro do grupo municipal Marea de Vigo, Sr. Pérez Correa, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

4.2(129).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL INFORME SOBRE OS PROBLEMAS DO PROXECTO E SI EXISTE UNHA NOVA PLANIFICACIÓN DAS OBRAS NA GRADA DE TRIBUNA, ASÍ COMO PRAZOS PARA REMATAR AS OBRAS, ETC. REXISTRO PLENO. REXISTRO PLENO 1405/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de xullo de 2016, número 1405/1101, o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Desde hai dous anos e medio o alcalde ven falando e “vendendo” a reforma do Estadio Municipal de Balaídos. Esta “venta” fíxose de maneira máis intensa a medida que se acercaron as pasadas eleccións municipais.

O Partido Popular ven avisando dos retrasos nas obras do estadio. A día de hoxe non hai proxecto para as gradas de Río, Marcador e Gol, e as únicas obras que se están a facer son as da grada de Tribuna. Unha actuación que, a pesar das

declaracións do alcalde, acumula un importante retraso, motivo polo que o Goberno da cidade xa manifestou que Balaídos non vai a estar dispoñible para o inicio da Liga o vindeiro 22 de agosto.

Os motivos deste retraso non son atribuíbles á empresa construtora, senón á escasa definición, concreción e rigor técnico do proxecto, responsabilidade do Concello de Vigo.

A día de hoxe aínda non se sabe que decisión vai tomar o R.C. Celta mentres o estadio non estea operativo, se os partidos se van xogar en Balaídos ou teremos que desprazarnos a outras cidades, ou ben reubicar os abonados noutras gradas, o cal parece imposible.

Por iso, ante a preocupación que existe na cidade, este concelleiro solicita o apoio da corporación para a aprobación da seguinte:

ACORDO:

Que o Goberno Municipal informe sobre os problemas do proxecto e si existe unha nova planificación das obras na grada de Tribuna.

Que informe tamén sobre os prazos para rematar a obra, se resulta necesario modificar o proxecto orixinal, e se vai supoñer un maior desembolso económico para os vigueses.

Que informe sobre a previsión dos proxectos sobre as gradas de Rio, Marcador e Gol.”

DEBATE:

SR. FIDALGO IGLESIAS: Con esta moción o que estamos a facer é algo que en principio non non correspondería como oposición, que correspondería ao Goberno municipal dalas informacións sobre o estado da reforma do Estadio de Balaídos, lamentamos moito dicir que o proxecto de Balaídos a día de hoxe parece que ten problemas e se está vindo un pouco abaixo todo ese castelo que se montou e esa parafernaria que se montou. Xa recoñece incluso o Sr. Alcalde que o seu proxecto estrela estase a converter nun mal remendo, hai graves problemas na reforma do Estadio porque ao proxecto lle falla definición, concreción, rigor técnico entre outras cousas. A día de hoxe non hai proxecto de Rio, tampouco para as gradas de Marcador e de Gol e as obras de Tribuna están atrasadass practicamente paralizadas, e non se saben cando rematarán nin como rematarán. Porque é certo

que dende hai máis de dous anos o Alcalde ven falando e vendendo a reforma do Estadio de Balaídos, unha venda que se fixo moito máis intensa a medida que se achegaban as eleccións municipais do ano pasado.

O Partido Popular entón xa advertiu que aquilo non era o comezo da reforma do Estadio de Balaídos, como se intentou vender, incluso enterraron alí unha cápsula do tempo, diante da grada de Río e se fixeron moitas fotos, senón que simplemente o que se facía era reparar os contrafortes da grada por unha cuestión de seguridade. Unha vez máis o tempo e os feitos vólvenlle dar a razón ao Partido Popular, en setembro do ano pasado despois xa das eleccións descúbrese a gran mentira do Sr. Caballero, e do seu proxecto sobre Balaídos, que os cartos que ía ser para a reforma da grada de Río empregouse en pagar á concesionaria da limpeza, a grada de Río aínda hoxe segue sen proxecto e segue esperando, igual que segue esperando a grada de Gol, igual que segue esperando a grada de Marcador.

As únicas obras que hai en Balaídos son as que fixo o Celta en Preferencia que remataron dous meses antes do prazo previsto e as da grada de Tribuna.

Está claro, que Balaídos non vai estar listo nin para a primeira nin para a segunda xornada de liga, xa o di o xornal, "Balaídos arrancará a liga sen Tribuna, que non estará lista ata a mediados de setembro". Segundo parece a obra está paralizada porque é necesario un maior reforzo dos piares de formigón que van soportar a estrutura metálica sobre a que irá a celosía de aluminio, esa marabillosa celosía que ata se fixo unha votación popular para poñela de cor azul celeste, con unhas urnas de cartón igual que o referendo de Cataluña. Ademais tamén nos decatamos de que non existe proxecto de iluminación, pero di o Alcalde que haberá proxecto de iluminación, que vai custar 2 millóns de euros e que vai ser como a do Bernabeu, que vai ser extraordinaria, é o que dixo o Alcalde no xornal.

Entón, eu quero crelo pero o que nos interesa é saber que vai pasar, cando se vai acabar a obra, si acabará en prazo ou non, que xa sabemos que non, se é necesario cambiar o proxecto, canto nos vai custar, deberían explicar os técnicos e o Concello de Vigo que foi quen redactou os pregos, como non tiñan previstos estes cálculos para os piares de formigón e da estrutura, onde vai xogar o Celta, onde se van sentar os abonados que non teñan a súa cadeira dispoñible? Por que non dan esta información? A ver si o Alcalde ou algún concelleiro empeza a explicar algo sobre este asunto, el dicía sobre este asunto que xa dicíamos que

íamos con atraso, que como as obras de Balaídos marchan a toda velocidade, imos rematar en tempo. Tamén dicía o Sr. Caballero que as obras de Balaídos van segundo o previsto, pois se segundo o previsto era este atraso nolo poderían ter dito antes.

Queremos facer de voceiro de moitos aficionados que se dirixiron ao Partido Popular, que tamén as peñas se dirixiron, está a xente preocupada porque pagou o seu abono e queda menos dun mes para o inicio da liga e aínda non se sabe onde se van sentar, agora parece ser que polo xornal tamén decatamos que van abrir a Tribuna baixa pero que a Tribuna alta non vai estar lista polo menos para o Leganés, xa veremos se par o Atlético de Madrid, parécenos de novo unha tomadora de pelo para a cidade e para o celtismo e un episodio máis da maqueta e da foto pero pouca realidade.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: Xa hai un tempo cando se empezaron a concretar os investimentos que farían as administracións públicas no Estadio de Balaídos, este grupo municipal expresaba claramente a súa postura, considerábase e seguimos considerando que en calquera investimento público nunha empresa privada debería existir unha compensación clara a estes investimentos, incluso falábase de casos concretos como a sentenza xudicial de Baleares que obrigou a asinar un novo convenio para que o custo do novo estadio de Mallorca fora asumido nunha maior medida pola club.

En outubro de 2015, a sociedade anónima deportiva presentaba o seu orzamento cunha previsión de beneficios de 3,5 millóns de euros, pechando o exercicio anterior, que imaxinamos con menos investimentos, cun beneficio de 15 millóns de euros, e con estas cantidades tanto o Partido Popular como o Partido Socialista, asumen con toda naturalidade que o investimento na sociedade anónima sexa en canto a cifras absolutas nestas obras, practicamente testemuñal.

É moito máis fácil facer investimentos multimillonarias con cartos de todos que explicar que por moito que nos guste o Celta e por moito que identifiquemos coa nosa cidade, non é de recibo un cheque en branco de fondos públicos mentres o club gasta por exemplo, case 5 millóns de euros nunha nova sede.

Desexamos a colaboración coa sociedade anónima polo que simboliza para moitos/as cidadáns da cidade, máis estamos en contra dos cheques en branco que

se dan sen máis porque resulta traballososo explicar as cousas tal e como son e resulta moi máis doado pagarse máis, como se aquí todos e todas fósemos seareiros en sentido crítico.

Demandamos unha vez máis a revisión do convenio da sociedade anónima co concello, para unha participación porcentual da administración pública nos beneficios desta empresa para que co tempo poder ir recuperando como mínimo unha parte do investimento, por non estendernos innecesariamente xa non imos entrar no típico espectáculo de confrontación entre administracións ao que xa estamos máis que acostumados.

Unha vez expresado isto e indo en exclusiva aos acordos da moción, os tres puntos que se propoñen son exclusivamente de petición de información ao Goberno municipal, polo cal estando de acordo coa petición, ademais tendo un interese especial en coñecer o sobre custo que vai ter a obra e que non temos dúbida, volveremos a costear todos e todas, imos apoiar esta moción.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: A verdade hoxe o que esperaba neste Pleno era que o Partido Popular nos falara non dos prazos, porque eu lía nun medio de comunicación local, “acabouse a incerteza”, é dicir, os prazos todo o mundo os ten claros menos o Partido Popular pero si que esperaba deste Pleno, do Partido Popular que nos dixeran canto, como e onde aportaría a Xunta de Galicia ou calquera das institucións que goberna o Partido Popular, goberno de España, Zona Franca a este estadio de Balaídos, pero nada, temos a calada por resposta, porque a Xunta de Galicia no achega nada de nada a este proxecto e si apostou e aprobou proxectos similares.

Sr. Fidalgo, eu nestes momentos fágolle unha emenda de substitución, “in voce”, unha emenda que di o seguinte, “instar á Xunta de Galicia que aporte a través dos seus orzamentos as mesmas cantidades económicas que aportan a Deputación de Pontevedra ou o Concello de Vigo pola importancia que ten o equipo de Vigo, o Celta de Vigo, de ámbito autonómico que representa non só ás vigueses/as senón tamén a tódolos galegos”.

Estas achegas queren que estean reflectidas nos orzamentos do 2016 a través dunha modificación e no 2017 a través dos orzamentos ordinarios.

Pero tiven que mergullar nas hemerotecas, o 11 de xullo do 2001 o Sr. Horacio

Gómez e o Sr. Lois Pérez Castrillo desbloquean o proxecto de reforma do estadio da Balaídos, un ano despois nada de nada, 14 de xullo do ano 2003, o Concello de Vigo móstrase disposto a achegar 160.000 euros para a reforma do Balaídos, un ano despois, nada de nada. Maio de 2004, descende o Celta a segunda división, 13 de marzo do 2006, a alcaldesa do Partido Popular anuncia a remodelación de Balaídos, o Sr. Horacio Gómez reclámalle un novo estadio, un ano despois, nada de nada. Ano 2006, o Concello propón ao Celta derribar Balaídos e reconstruír grada a grada, calculan un investimento de ata 60 millóns que debería achegar goberno da Xunta de Galicia, goberno de Vigo e goberno da Deputación de Pontevedra, a alcaldesa do Partido Popular de feito chega a presentar un proxecto, con infografías incluídas da reforma de Balaídos, que dixo que custaría entre 70 e 100 millóns de euros, un ano despois, nada de nada. En declaracións aos medios de comunicación o voceiro naquela época do Partido Popular explicou que a intención do executivo municipal é de trata de chegar a un consenso sobre o futuro do estadio de Balaídos, partindo de cero, retrocedemos ós dos anos anteriores, un ano despois, nada de nada. O ano 2006 o Sr. Carlos Mouriño substitúe ao Sr. Horacio Gómez ao fronte do Celta, 14 setembro do ano 2009, o Bloque Nacionalista Galego presenta un proxecto do novo Balaídos con 42.381 localidades cubertas e un investimento de 123 millóns, un ano despois, nada de nada; 2 de decembro do ano 2010 descartan a posibilidade de que se reforme Balaídos para acoller o mundial, 2011 o Alcalde de Vigo e o Sr. Mouriño reúnen e aí empeza a historia do novo Balaídos. Aprobación do Plan director, 15 de decembro do ano 2014, aprobación no ano 2014 do proxecto da fase de Río de reforzar a súa estrutura, e comeza nese mesmo ano as obras de reforzamento na grada de Río. Xaneiro do 2015 aprobación do convenio co Real Club Celta e no mesmo ano 2015, no seu primeiro trimestre empezan as obras na grada de Preferencia, agora Tribuna baixa, aprobación do proxecto fase I de Tribuna o 19 de febreiro do ano 2015, febreiro do ano 2015, aprobación do proxecto de consideración da estrutura do estadio de Balaídos na súa grada de Tribuna, isto é a realidade dos tempos, é a realidade da obra, aquí co Sr. Abel Caballero comezou a obra, e sabe que lle dicían cando gobernaban vostedes, cando gobernaba o Partido Popular, cantáballe unha canción da Roda ao Partido Popular que lle dicía “sempre andas dicindo para o ano que ven e chega outro ano e pasa tamén, e pasa tamén”

e a obra non comezaba, tivo que chegar o goberno do Sr. Abel Caballero para que comezara estas obras, e a canción seguía somos do Partido Popular, os que están tan afastados da cidade que nunca se decatan da festa, que nunca se decatan da festa, non se decatan do que pasa nin en Balaídos nin na cidade, eu lles ensinaba antes unha páxina que saía estes días nos xornais, esta é a obra e estes son os traballadores de Balaídos, deixe de ir tanto á praia Sr. Fidalgo e eu lle convido a vir esta mesma tarde á obra e senón hai ningún traballador pois vostede gaña a emenda, senón aprobe a emenda que lle presentamos dende o goberno municipal, que a Xunta de Galicia achegue o mesmo que son entorno a dez millóns de euros, como o que está facendo a cidade de Vigo, a Deputación de Pontevedra e a Xunta de Galicia mirando para outro lado, non só iso senón que un día a Xunta de Galicia chegou ao Concello e díxolle que participaría na reforma de Balaídos cun tema menor de dous millóns de euros na grada de Río Baixo, facendo unha pista deportiva actualizada para os corredores e a día de hoxe despois de dez reunións Sr. Fidalgo, nas que participou o Concello de Vigo, seguimos esperando a que cumpran esta actuación, non hai confirmado, nin asinado, nin proxecto, nin plan, nin convenio. A verdade é que eu non sei que lle pasa á Xunta de Galicia con Vigo, así o confirmaba hai datas o Sr. Lete Lasa, tras manter unha reunión co Alcalde, que indicou que este investimento suporía retomar o compromiso da Xunta de Galicia deportiva de Vigo, neste momentos nada de nada de nada.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Decepcionante Sr. Regades, moi decepcionante a pesares de ter tido tres minutos de regalo, oito minutos para esta réplica e a pesares de que leva nove anos no goberno, parece que acaban de chegar pero levan nove anos no goberno, a proba de que non teñen nada que dicir é a súa forma de contestar é que non contestaron absolutamente nada, eu estou imaxinando un afeccionado do Relá Club Celta e aínda non sabe cando e onde vai comezar o Celta e onde se vai sentar se é que algún día acaba a obra da grada de Tribuna porque aquí venderon unha obra integral, un novo estadio e o que se está facendo é unha chapuza, un parche na grada de Tribuna cun formigón de 1.969, agora inventan uns atirantados que por iso digo que o director da obra e os técnicos que deseñaron esa obra deberían dar explicacións e vostedes que son os que licitaron a obra deberían dicir porque licitaron esa obra así de mal, terán que dicir canto

custa a obra, que solucións vanse dar e canto vai custar a reforma integral do Estadio de Balaídos porque agora xa lle metemos ao que hai, aos 5 millóns de Tribuna, un sobre custo, segundo a prensa, do 30% e logo 2,2 millóns de euros do plan de iluminación e aínda non saímos da grada de Tribuna. Non sabemos que vai pasar con Río que dicían que xa estaba en marcha e está paralizado, non sabemos que vai pasar con Marcador nin coa grada de Gol, están tirando como sempre balóns fora.

Vostede ademais canta moi mal, eu lle recomendo unha canción de Maná e Shakira que di que “hai enganos que por anos ocultaron a verdade”. Seguimos igual, unha tomadura de pelo, perderon unha oportunidade estupenda para dicirlle á cidade e ao celtismo que ían facer coa grada de Tribuna e sobre todo coas outras gradadas, porque a grada de Río Alto se vostede sabe, cae auga e hai goteiras, así que non sabemos que vai pasar.

A cuestión é que levamos máis de dous anos de atraso dunhas supostas obras que ían terminar cun estadio completo no ano 17-18, o ano que ven ía estar completo, un equipo de Europa League merece un estadio a nivel europeo, pero sobre todo un Alcalde que non minta e que apoie ao Celta e que dea explicacións aos aficionados.

PRESIDENCIA: Sr. Fidalgo, perdeu vostede unha oportunidade magnífica de poñerse ao carón da cidade de Vigo, porque detrás do que vostede está a tratar, da súa proposta, volve a estar outra vez en contra de Vigo, non querer apoiar Balaídos, non querer estar ao carón da cidade, non querer apoiar a forma na que esta cidade quere respirar, estar, facer deporte, quere ter o seu emblema futbolístico, e vostedes outra vez en contra de Vigo.

Deixe que lle siga dicindo, era unha gran ocasión, vostede pode dicir que pode haber unha semana, dúas de atraso, nunha obra desta envergadura e en lugar de dicir iso, de dar a benvida a esta reforma histórica para esta cidade, vostedeponse á contra e non contesta ao que realmente lle acaban de dicir por que a Xunta de Galicia non adica nin un só euro para Balaídos, Zona Franca non adica nin un euro a Balaídos xa é casualidade, que eu saiba o Sr. Touriño non é presidente da Xunta de Galicia, pasaron sete anos, e volve outra vez a ser o Partido Popular o que se pon en contra de algo importante para esta cidade. Eu laméntoo porque era unha

gran ocasión para vostedes de rectificar os seus erros históricos, seguen en iso e seguen obedecendo ás orde do Sr. Feijóo en lugar de mirar para esta cidade e atender a esta cidade. Primeiro xa puxeron unha candidata que viña para facer o que o Sr. Feijóo dixera o que había que facer, foi un gran erro, a partires de aí o momento de rectificar, están en tempo, rectifiquen, Sr. Figueroa a ver se os convence para que rectifiquen, a ver se van rectificando e van cambiando un pouco isto.

Balaídos, a gran obra da historia do deporte desta cidade irreversiblemente en marcha, marchando a velocidade de Fórmula 1, facendo obras nun tempo record como non se fixo en ningún estadio de Europa, porque lle lembro que última obra significativa, o campo do Bilbao, tiveron unha grada pechada durante un ano porque non foron capaces de facela en menos tempo, lémbrolle pero cando foi o ano 82 nesta cidade e estábamos coas olimpíadas, Rio estivo pechado un ano para facer esa grada, un ano. Teño que dicirlles, marcha magnificamente, Balaídos goza dunha gran saúde e a cidade está orgullosa do estadio que xa se comeza a ver e os invito que vaian por alí, porque é impresionante o que se está facer, pero claro non queren ir, non queren ver o que se fai pola cidade e así lle vai. Procedemos a votar a moción como foi proposta.

VOTACIÓN: Con nove votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e dezasete votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 21.07.2016 (Rex. Nº 1405/1101), polo

concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

4.3(130).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO CONCELLO A SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DAS ILLAS CÍES COMO PATRIMONIO DA HUMANIDADE (UNESCO) ANTE A XUNTA DE GALICIA A FIN DE QUE POIDAN SER CANDIDATAS E DECLARADAS NO MENOR TEMPO POSIBLE. REXISTRO PLENO 1410/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de xullo de 2016, número 1410/1101, o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Gago Bugarin, formula a seguinte,

MOCIÓN

“En 1980 as Illas Cíes foron declaradas Parque Natural recoñecendo o seu alto valor ambiental e poñendo así freo á deterioración que estaba a sufrir o arquipélago a medida que o recoñecemento nacional e os visitantes ás illas aumentaban progresivamente.

Vinte anos máis tarde, no ano 2000, o Parlamento galego adoptou por unanimidade a decisión de solicitar ao goberno central, a súa designación como Parque Nacional, resolución que foi executada dous anos máis tarde, e que situou ás Illas Cíes nun dos ecosistemas máis importantes de España.

Durante estes últimos 15 anos, o recoñecemento do valor paisaxístico, natural, científico e turístico das Illas Cíes non fixo máis que aumentar, alcanzando cotas internacionais. Sen ir máis lonxe, foi considerado un dos seus areais, como a mellor praia do mundo segundo o diario británico The Guardian.

Chegados a este punto, tanto as distintas institucións como o conxunto da sociedade viguesa, entenderon que era a hora de dar un paso máis, e que tanto as Illas Cíes, como o resto de illas e illotes que conforman o Parque Nacional das Illas Atlánticas, dean o paso para ser catalogadas como Patrimonio da Humanidade (UNESCO).

Dita petición ata a súa consideración definitiva ha de seguir un proceso que debe iniciarse mediante a solicitude do Concello de Vigo ante a Consellería de Medio Ambiente. Unha vez feito este primeiro paso, será a Xunta de Galicia quen o remita ao Ministerio de Educación para que este pase a incluír a proposta ao Centro de Patrimonio Mundial da UNESCO, órgano decisorio.

Chegados a este punto, nestes tres últimos anos puidemos vislumbrar

distintas actitudes institucionais. Por unha banda a Xunta de Galicia e o Goberno Central, a través da Dirección Xeral de Turismo, a Consellería de Medio Ambiente e o Ministerio de Medio Ambiente que declararon publicamente o apoio unánime e inmediato para que as Illas Cíes e o Parque Nacional das Illas Atlánticas puidesen ser designadas como Patrimonio da Humanidade, e por outra a do alcalde de Vigo, que se adicou a facer propaganda en tempada electoral pero que non remitiu a solicitude perante a Xunta de Galicia aducindo competencia con outras candidaturas españolas.

Este retraso motivado do Concello de Vigo, está a provocar que As Illas Cíes e o Parque Nacional das Illas Atlánticas non poidan ser declaradas coma Patrimonio da Humanidade ata o alomenos o ano 2019, mentres vemos coma outras candidaturas están xa inmersas no proceso.
Por todo isto,

ACORDO:

Instamos ao Concello de Vigo a que inicie de forma inmediata a solicitude de declaración das Illas Cíes, ((que conforman o Parque Nacional das Illas Atlánticas), como Patrimonio da Humanidade, ante a Xunta de Galicia a fin de que estas poidan ser candidatas e declaradas no menor tempo posible.”

DEBATE:

SR. GAGO BUGARÍN: Xa viron o corpo da moción, despois de tres anos escoitando a mesma “cantinela”, asistindo ao conto da gran mentira, outra vez estamos aquí de novo para que o grupo municipal do Partido Popular lle esixa, e esta vez en serio ao Goberno Municipal, que inicie dunha vez os trámites para que as illas Cíes poidan ser declaradas Patrimonio da Humanidade. Asistimos á gran mentira dese conto que cada día ten unha historia nova, inventada, pero ao final dáste conta de que todo é mentira e as Illas Cíes son a gran mentira deste Alcalde é a gran mentira deste goberno municipal, xa veo que non lle gusta o que lle vou dicir e que polo tanto márchase pero non por iso non vou deixar de dicirllo e lle digo que esta é a gran falacia do goberno municipal e a gran mentira e iso é fácil de comprobar porque só fai falla ver a hemeroteca para comprobar de como di unha cousa, ao cabo dos meses di a contraria, é como os peixes ten memoria de dous segundos, entón di unha cousa, pasa o tempo e non se lembra do que dixo e ao día seguinte di a contraria. A primeira vez que falou das Cíes como candidatas a Patrimonio da Humanidade, foi o 18 de novembro do 2013, aquel día dixo o Sr. Caballero, como Alcalde, o Sr. Abel Caballero decidiu emprender a andadura para

que as Illas Cíes sexan declaradas Patrimonio da Humanidade, o Concello xa comezou a preparar o proxecto para lanzar a campaña e tramitar a candidatura ante as distintas institucións e organismos implicados.

Polo tanto, ese día o Alcalde da cidade lle dixo a tódolos vigueses/as que xa estaban iniciados os trámites, mentira, primeira parte da mentira.

Pasamos todo o ano 14 e imos a outra declaración do 30 de xaneiro do 2015, o Sr. Abel Caballero, “queremos que as illas Cíes se constitúan en Patrimonio da Humanidade, o trámite oficial para conseguir o nomeamento iniciárase o próximo mes de xuño de 2015”, segunda data, “a partires do verán iniciaremos esa andadura, é longa e complexa, pero sabemos que superaremos con creces os requisitos que se esixen. Vigo conta co apoio unánime das institucións, asociacións, científicos, cidadáns e co da Xunta de Galicia e do goberno de España”, palabras textuais do Sr. Caballero o día 30 de xaneiro e ademais, aquí abrín ben os oídos, dixo unha declaración que eu espero que apareza no prologo porque as conexións entre o Alcalde de Vigo o Sr. Maduro son maiores do que eu pensaba, e resulta que o Sr. Abel Caballero tamén tivo alucinacións, dixo textualmente “as Illas Cíes falan comigo tódalas noites e me din que arranquemos a andadura da candidatura”, lémbreme ao paxaro do Sr. Maduro que lle chegaba pola fiestra e se lle posaba tódalas noites, o que pasa que por desgracia esas alucinacións non foron moi frutíferas porque realmente esa data de xuño do ano pasado quedaron no esquecemento.

Pasamos outro ano máis e nos plantamos neste ano, ao 16 de febreiro do 2016, “Caballero esperará o momento óptimo para que as Illas Cíes opten a ser Patrimonio da Humanidade, espera a lanzar a iniciativa nun momento no que sexa un obstáculo”, o sexa o Alcalde que anda a dicir que Vigo é o primeiro, resulta que di que “espera non ser un obstáculo para outras candidaturas galegas e imos ter que esperar a que outras se presenten antes”, isto é unha mentira da grande mentira pero se as candidaturas galegas algunhas levan máis de 20 anos esperando a que sexan nomeadas, pero que mentira é esta Sr. Alcalde, que por desgracia non está aquí, ese mesmo día un ano máis tarde dixo que espera moi pouca colaboración da Xunta de Galicia, é dicir, o que di unha vez pasa un tempo se esquece, da unha data e logo volve mentir, esa é a realidade, e agora as últimas palabras que escoitamos do goberno municipal e do Alcalde de Vigo é o 9

de maio, “confío en que o proceso se comece inmediatamente despois do verán ou en xullo”, despois de escoitar a bochornosa noticia do que pasou en Portugal que agora vou relatar, pois o 24 de xullo o Sr. Caballero, reitera que en outono, agora xa non da datas, primeiro xa están empezadas, logo ía ser en xuño do ano pasado e agora vai ser en outono, porque é moi difícil presentar unha folla, iso ten tela, agora vai ser en outono, pero mentres todo isto, o peor de todo, mentres presentamos as bolsas de reciclaxe, cuestión que creo que é interesante, Portugal anuncia a semana pasada que antes de que finalice o ano 2017 teremos todo preparado para que as mullaras de Valença e outras tres fortificacións mais en Portugal sexan candidatas a Patrimonio da Unesco gracias ao goberno portugués, ou sexa analicen as diferencias, é dicir, aquí en Portugal, os nosos veciños, nun ano son capaces de presentar a candidatura, en menos dun ano, seis meses, sen embargo aquí levamos anos e anos. Ademais en Portugal a colaboración institucional está por enriba do interese xeral, está por enriba de calquera confrontación política, cousa que aquí unha vez máis comprobamos que o Alcalde de Vigo se adica única e exclusivamente a confrontar para que ao final os únicos que perdemos somos os cidadáns, pasou co transporte metropolitano, pasou coa Área Metropolitana e agora vai pasar coas Illas Cíes, e o peor de todo, é que el non vai a ser quen e capaz de ser Alcalde cando sexan declaradas porque aínda quedan uns cantos anos.

SRA. LÓPEZ BARREIRO: Nos antes de nada o que queremos trasladar aquí é que así como as organizacións ecoloxistas, a Marea de Vigo tamén está de acordo en que non só sexan as Illas Cíes as que se presenten á candidatura senón que sexa todo o parque das Illas Atlánticas que como ben se sabe engloban as Cíes, a Ons, a Sálvora e a Cortegada.

Nós a verdade non entendemos moi ben o argumento de que haxa outras candidaturas en proxecto que ensombrezan a candidatura das Cíes, como ten saído nalgún medio de comunicación, se por exemplo, o Concello de Noia xa puxo en marcha que a ría de Noia sexa candidata a este título, xa hai varios proxectos en marcha moito mellor, iso quere dicir que Galicia conta cun patrimonio natural, cultural que debemos por en valor, non vexo porque votarse atrás por este motivo. O que pasa é que claro, que as Illas Cíes teñan este recoñecemento a nivel

internacional para o Sr. Caballero non é tan importante porque iso non lle vai dar rédito electoral, entón ese tema non lle preocupa moito e vaino deixando pasar. Por outra banda, o Partido Popular tampouco demostrou nunca que lle importe nin o máis mínimo que os parques naturais estean protexidos, pois non esquezamos que Galicia foi en tempos un gran parque natural toda ela, e ano tras ano, en 37 anos de goberno que estiveron na Xunta de Galicia, aínda que a culpa é dos catros anos do bipartito, pode ser que a desfeita paisaxística e natural en todo este tempo non fose culpa deles, do que realmente se preocupou o goberno do Partido Popular en todos estes anos foi de impedir por exemplo, a protección da nosa masa forestal autóctona, deixando plantar por todo o país dun xeito indiscriminado unha especie forestal foránea como é o eucalipto, coa consecuencia terrible, ademais de moitas outras consecuencias, de permitir instalar e agora mesmo prorrogar unha empresa como Ence na beira da ría con tódalas consecuencias que isto leva carrexando tantos anos en materia de medio ambiente, agora o de poñer título nobiliarios iso é moito máis doado. Tampouco se preocupou nunca de manter os bosques e montes limpos e en condicións para que o lume non arrase hectáreas e hectáreas de áreas forestais, como ten sucedido case tódolos veráns coas consecuencias desastrosas que isto supón, xa que o impacto ecolóxico e moi superior ás das árbores queimadas, tamén implica a destrución da biodiversidade, o aumento de desertificación, ou a contaminación das augas ou da atmosfera, a recuperación dos bosques afectados, como ben se pode observar nos montes galegos, moitas veces é case imposible de recuperar ou pode tardar mesmo décadas, ás veces o custo económico dun incendio forestal e practicamente incalculable pois a vida tanto dos animais que alí morren, de cando en vez, tamén por desgracia, vidas humanas, como a natureza, non ten prezo. Por iso, defender unha declaración como é a que tratamos é importante pero moito máis importante é defender e promover unha sustentabilidade ecolóxica forte que protexa a vida humana e das especies, non como está a facer o actual modelo socio económico e o conxunto de industrialismo, sistema que entendemos compre superar. Defender a sustentabilidade ecolóxica significa que é preciso aceptar os límites, tendo necesariamente que organizar as nosas vidas sen necesidade de devorar o planeta, que é unha necesidade neste momento non seguir empobrecendo a biodiversidade, podemos producir menos contaminantes e non debemos permitir

seguir vivindo a custa dos demais habitantes do planeta humanos ou non humanos.

Non esquezamos tampouco que a Unión Europea sobre a Rede Natura aínda o ano pasado deulle un tirón de orellas a España e tamén a Galicia pois entende que as medidas de conservación recollidas no Plan son demasiado imprecisas e indeterminadas e non ofrecen, polo tanto, suficiente claridade para a súa aplicación.

Agora si, o Partido Popular rebate a crítica da Unión Europea, como fai sempre por certo cando as reprimendas van dirixidas ao seu goberno, aínda hai poucos días acábano de facer pola caso do accidente de Angrois.

Sen máis, dicir que imos a votar a favor desta moción.

SR. LÓPEZ FONT: Sr. Gago, por moito que repita e no seu partido estean acostumbrados a que unha mentira a forza de repetila se converta en verdade, non o vai conseguir con relación a isto.

Como sempre o Partido Popular intentando aproveitarse e intentando que cuestións que propoñen outros, parezan que son súas, pero afortunadamente ninguén lles cree, Sr. Gago.

Vostede nunca se preocuparon polas Illas Cíes, nunca, isto é unha afirmación absolutamente categórica e nós si, nós temos tres bandeiras azuis, dúas praias e un sendeiro, temos policía local, socorristas, protección civil, todos coordinados, dúas enfermeiras, voluntarios e un balizamento, polo tanto, si que sempre nos preocupamos das Illas Cíes, de todo o relatorio que fixo a única verdade é que a proposta de Patrimonio da Humanidade para as Illas Cíes xurdiu do Alcalde, porque calquera que escoite a súa moción parece que foran vostedes os que fixeran a proposta, pero como ían facer vostedes esta proposta? Estamos ante unha proposta de alta magnitude política, vostedes no Partido Popular e dende o punto de vista político, en Vigo son unha sucursal do Partido Popular en Galicia, non teñen ningunha autonomía, e non o digo eu, é esta guerra que teñen co Sr. Guerra que xa o di el que vostedes que vostedes non teñen ningunha autonomía. Polo tanto, a vostedes non lles deixan, vostedes no poderían propoñer aquí que as Cíes fosen Patrimonio da Humanidade porque para o Sr. Feijóo a orde xa está establecida, con que o teñan Santiago de Compostela ou A Coruña chega

literalmente.

Polo tanto, esta é unha proposta do Alcalde, e fíxese que curiosidade que tanto ler recortes de xornais, e esquécese deste, o recorte da persoa que vostede ten a súa esquerda que cando se fixo a proposta de Illas Patrimonio da Humanidade literalmente di a Sra. Muñoz, que é unha iniciativa que hai estudar porque di que ía prexudicar aos pescadores, porque dixo que tiña ela que falar con absolutamente todo o mundo.

É evidente que esta é unha proposta do Alcalde, é evidente que isto e deberían documentarse é un proceso complexo, que lanza dende un goberno municipal e sobre o que vostedes non teñen absolutamente ningún coñecemento.

Nós imos presentar a candidatura, pero ímola presentar, e non imos caer na trampa que vostedes fan na súa moción, porque a candidatura é para as Illas Cíes, non é para ningunha illa e para nada mais das que compoñen o parque natural do Atlántico, non para ningunha máis, porque isto ten trampa que sería por parte doutros concellos.

Polo tanto, isto é unha parte de truco e sorpréndeme moito que cando vostede fala de colaboración institucional e anteriormente o Sr. Fidalgo e o seu grupo non recolleu o guante á hora de que a Xunta de Galicia apoiase a reforma do Estadio de Balaídos, de que colaboración institucional estame a falar? De que me fala de Área Metropolitana e de transporte metropolitano cando vostede tiveron que ceder ante o voto dos vigueses? Xa había unha Lei de área metropolitana, Sr. Gago, que os vigueses rexeitaron e que cando se produciu, en maio do ano pasado, a votación que o Sr. Losada lembraba no Parlamento de Galicia de 17 a 7, obrigáronlle a vostedes a modificar esa lei, polo tanto vostedes están permanentemente en contra desta cidade, e vostedes están, como manifestaba a Sra. Muñoz, e non é ningunha alusión a ela senón algo que manifestaba, non apoiou a Sra. Muñoz ás Illas Cíes como Patrimonio da Humanidade, e estamos a falar de marzo de 2015.

Polo tanto, a proposta do Alcalde xurdiu efectos, o mellor para as Illas Cíes está por vir e comprobouse en Fitur e noutros acontecementos, facémoslle unha proposta de substitución que en caso de non aceptar xa lle anticipo que imos votar en contra.

O Sr. Maduro sabe moi pouco de literatura, a vostede lle convida a ler os tres libros

que publicou o Alcalde desta cidade, o Sr. Caballero, para meterse no que é a literatura, aprendería moito lendo eses tres libros e ao mellor lle permitía poder facer algunha licencia literaria neste Pleno.

SR. GAGO BUGARÍN: Sra. López, estamos de acordo, por suposto que estamos de acordo coa importancia da recuperación e da preservación do monte, pero terá que ter en conta, xa que vostede fala dos incendios, que non facemos nada cos incendios, que foi o ano co maior número de incendios o ano 2006, cando estaba o bipartito na Xunta de Galicia, xa sei que vostede era un proxecto político daquela, tamén eu, pero compre xa que é nacionalista que foi no ano 2006 cando houbo máis incendios en Galicia, polo tanto, teña esa dato en conta para as próximas intervencións. Ademais practicamente non falou das Illas Cíes que é un mágoa, porque realmente creo que é un tema de capital interese.

Sr. Font, que pena, a verdade que é unha pena que teña que responder vostede e que non teña que responder o Alcalde, que o Alcalde ademais foise nun tema fundamental para a cidade, estivo aquí todo o Pleno pero marchouse agora cando falamos das Illas Cíes porque sabe perfectamente que tódalas declaracións que lin con anterioridade son todas verdade, primeiro dixo en novembro de 2013 que xa iniciara o trámite, despois resulta que era mentira que en xuño de 2015, tiñamos iniciados si ou si os trámites e agora fala do outono, Sr. Font como fala de mentiras? Pero cre que nos creamos iso si saíu en tódolos xornais, se se adica única e exclusivamente o Alcalde a sacar os dentes na rúa, a dicir unha data, logo outra, un motivo, logo outro, e ao final o resultado é que non temos nada, Sr. Font. Vostede presenta aquí unha emenda de substitución que a verdade que da pena, eu sei que vostede non se preparou isto porque non é da súa área, isto máis ben é da persoa que hoxe está de felicitacións, pero o certo é que de poñer na emenda de que “Vigo inicie no menor prazo posible para a declaración das Illas Cíes como Patrimonio da Humanidade” tendo en conta o prazos doutras candidaturas, a min dáme un pouco a risa e sobre todo moita pena, primeiro, porque as outras tres candidaturas que vostede non o saberá pero eu llo digo, son a Ribeira Sacra, os Ancares e a Ría de Ferrol, a Ribeira Sacra presentou o trámite no ano 1996, Sr. Font, leva 20 anos intentando ser candidata e non é porque non cumpra os requisitos. A ría de Ferrol e os Ancares levan dous ou tres anos e ata dentro de

dous ou tres anos non van poder ser designadas Patrimonio da Humanidade. Polo tanto, déixese de historias, déixense de mentiras porque están vostedes electoralmente xogando con esta presentación e é unha mágoa porque vostede creo que non se sabe os prazos pero no momento en que se presente o trámite, se a UNESCO acepta que Vigo poida ser precandidata como mínimo vai ter que estar un ano nas listas indicativas, onde hai 38 candidaturas de toda España esperando para ser designadas, 38, se temos que esperar a que as 38 sexan designadas ou non, candidatas a Patrimonio da Humanidade entón non teremos esta designación das Illas Cíes, as nosas illas, ata dentro de 20 anos.

Polo tanto, déixense do conto da gran mentira Sr. Alcalde, benvido de novo ao Pleno, e a ver que me di agora porque os relatos e a cronoloxía e a hemeroteca demostra que vostede non fixo máis que mentir en todo este proceso das Illas Cíes.

PRESIDENCIA: Sometemos á votación a moción na súa formulación inicial.

VOTACIÓN: Con nove votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e dezasete votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 21.07.2016 (Rex. Nº 1410/1101), polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Gago Bugarín, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

4.A. MOCIÓNS URXENTES DE CONTROL DO GOBERNO MUNICIPAL.

Non houbo.

5.- FORMULACIÓN DE ROGOS.

5.1(131).- ROGO FORMULADO POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, SRA. LÓPEZ BARREIRO, RELATIVO AO IDIOMA DOS DOCUMENTOS DO CONCELLO.

SRA. LÓPEZ BARREIRO: Eu rogaríalle que os documentos escritos deste Concello xa que non son capaces de falar en galego que polo menos os documentos escritos veñan en galego.

PRESIDENCIA: Tomamos nota.

6.- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

6.1(132).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. GAGO BUGARÍN, RELATIVO AOS CONCERTOS EN CASTRELOS PARA O MES DE AGOSTO.

SR. GAGO BUGARÍN: No Pleno anterior preguntei se vostedes ían poñer en marcha algún concerto no mes eminentemente vacacional que é agosto, dixéronme que ían responder por escrito, pasou un mes e seguimos sen nin unha soa actuación no Auditorio de Castrelos no mes de agosto, hai algunha modificación?

PRESIDENCIA: Houbo uns concertos estupendos, se vostede fora, gustaríanlle.

6.2(133).-PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, SR. PÉREZ CORREA, RELATIVO AOS CUSTES DOS PREMIOS RECIBIDOS DE VASOIRA DE OURO E PLATINO.

SR. PÉREZ CORREA: Cales son os custes totais, tanto da publicidade como polo proceso de obtención dos premios da basoira de ouro e platino, etc. habida conta que o premio a outorga unha organización da que forma parte a empresa concesionaria que lle pagamos 24 millóns de euros ao ano.

PRESIDENCIA: Ningún custo, dánnos a escoba de platino porque somos a cidade máis limpa de España como non hai precedentes na historia de ningunha cidade.

6.3(134).- PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SRA. EGERIQUE MOSQUERA, RELATIVO Á PREVISIÓN DA INAUGURACIÓN DA BIBLIOTECA DE NAVIA.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Queríamos saber cando ten previsto inaugurar a biblioteca tan anunciada de Navia.

PRESIDENCIA: Temos que facer aínda algunhas obras e inmediatamente abrírase, é unha gran biblioteca, un salón de lectura máis que biblioteca, e polo tanto de inminente apertura.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás doce horas e vinte e sete minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.